



FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS  
E SOCIAIS

**Grao en Ciencias Políticas e da Administración**  
**Álvaro González Gómez**  
**Titora: María Nieves Lagares Diez**

Xullo de 2019

Traballo de fin de grao:

*Evolución de Podemos: Análise da interrelación entre grupos internos, decisións do partido e evolución do seu electorado.*

*Evolución de Podemos: Análisis de la interrelación entre grupos internos, decisiones del partido y evolución de su electorado.*

*Evolution of Podemos: Analysis of the interrelationship between internal groups, party decisions and evolution of its electorate.*

Resumo: O presente traballo pretende abordar a evolución do partido político Podemos, baseándose nas contribucións na área do estudo dos partidos políticos de Kitschelt (pero tamén de Panebianco). Deste xeito, enténdese os partidos políticos como "sistemas conflictivos" nos cales se interrelación variables internas e externas ao propio partido: as relacións entre os grupos internos do partido, as decisións do partido e o mundo externo ao partido (o seu desempeño electoral e político, as situacións estratéxicas que enfronta).

Palabras clave: Podemos, partidos políticos, modelos de partido

Resumen: El presente trabajo pretende abordar la evolución del partido político Podemos, basándose en las contribuciones en el área del estudio de los partidos políticos de Kitschelt (pero también de Panebianco). De esta manera, se entiende a los partidos políticos como "sistemas conflictivos" en los cuales se interrelacionan variables internas y externas al propio partido: las relaciones entre los grupos internos del partido, las decisiones del partido y el mundo externo al partido (su desempeño electoral y político, las situaciones estratégicas que afronta).

Palabras clave: Podemos, partidos políticos, modelos de partido

Abstract: This work aims to address the evolution of the political party Podemos, based on the contributions of Kitschelt (but also Panebianco) in the area of the study of political parties. In this way, political parties are understood as “conflict systems” in which internal and external variables to the party itself are interrelated: the relations between internal party groups, party decisions and the world outside the party (their electoral and political performance, the strategic situations they face).

Key-words: Podemos, political parties, party models

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1-3
2. REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA.....	3-12
2.1. Sobre os partidos.....	3-9
2.2. Sobre Podemos.....	9-12
3. METODOLOXÍA.....	12-14
4. CRONOLOXÍA.....	14-24
5. ANÁLISE.....	24-65
5.1. Entrevistas.....	24-52
5.1.1. Perfil persoal.....	24-32
5.1.2. Historia de Podemos.....	32-45
5.1.3. Estrutura, funcionamento e grupos internos.....	45-49
5.1.4. Conclusións principais da análise das entrevistas.....	49-52
5.2. Análise dos votantes de Podemos.....	52-64
5.3. Conclusións da análise.....	65-66
6. CONCLUSIÓN.....	67-69
7. BIBLIOGRAFÍA.....	70-73
8. WEBGRAFÍA.....	74
9. ANEXOS.....	75-137
9.1. Guión das entrevistas.....	76-78
9.2. Transcricións.....	79-137
9.2.1. Luís Alegre.....	79-92
9.2.2. Luca Chao.....	93-107
9.2.3. Marcos Cal.....	108-137

## ÍNDICE DE TÁBOAS/CADROS

Táboa 1.....	15
Táboa 2.....	31
Táboa 3.....	56
Táboa 4.....	58
Táboa 5.....	60
Táboa 6.....	62

## ÍNDICE DE GRÁFICOS/FIGURAS

Figura 1.....	5
Figura 1.....	8
Gráfico 1.....	53
Gráfico 2.....	54
Gráfico 3.....	57
Gráfico 4.....	59

## LISTA DE ACRÓNIMOS/ABREVIATURAS

AGE – Alternativa Galega de Esquerdas

APDR – Asociación Pola Defensa da Ría

BNG – Bloque Nacionalista Galego

CCA – Consejo Ciudadano Autonómico

CCE – Consejo Ciudadano Estatal

CIS – Centro de Investigaciones Sociológicas

IA- Izquierda Anticapitalista

IU – Izquierda Unida

PCE – Partido Comunista de España

PSOE- Partido Socialista Obreiro Español

## 1. Introducción

Podemos supuxo un importante cambio no escenario político español dende que, con só uns meses de vida, alcanzase un resultados sorprendentes nas eleccións europeas e, nos anos seguintes, conseguise por si so ou con forzas políticas coligadas (a través das “candidaturas municipalistas” e as “confluencias”) os suficientes votos como para conformar unha nada desdeñable forza política nas Cortes Xerais e nos parlamentos autonómicos, a maiores da súa influencia en gobernos municipais de grandes cidades como Madrid ou Barcelona.

O desenvolvemento, a evolución e os cambios que nestes cinco anos de vida se deron neste partido político son de importancia, xa que estamos a falar da primeira incorporación ao arco político español que rompía co predominante bipartidismo (anticipando a chegada doutras forzas políticas que do mesmo xeito quebrarían con este, como Ciudadanos). Estamos a falar dunha forza política que en pouco tempo superou electoralmente a Izquierda Unida e que a mediados de 2016 contaba con conseguir o *sorprasso* ao PSOE, o principal partido da esquerda española até o momento. E tamén estamos a falar de como esta forza pasou de intentar ese *sorprasso*, a votar a favor da moción de investidura de Pedro Sánchez (secretario xeral do PSOE) e a sufrir un retroceso electoral nas recentes eleccións de 2019. Queda entón claro a importancia de investigar a evolución desta formación de cara profundar no noso coñecemento sobre a evolución do escenario político español.

O estudo dos partidos políticos é dentro da Ciencia Política unha das áreas con máis percorrido histórico, dende os estudos de comezo de século de Michels, pasando polas contribucións de Duverguer, Panebianco e Kitschelt. As contribucións destes últimos dous autores son as máis recentes dentro das máis destacadas achegas a esta área e conformarán o marco teórico deste traballo, achegando Kitschelt a súa teorización do partido como un sistema conflitivo (no cal se interrelaciona a relación entre os grupos internos do partido, as decisións do partido e as

situacións estratéxicas nas que se encontra o partido) e Panebianco a súa descrición das relacións internas nos partidos a partir do concepto de “mapa de poder organizativo”.

O obxectivo desta investigación é describir e explicar a evolución de Podemos como partido, é dicir, tanto no interno (relacións entre grupos internos, modelo de partido) coma no externo (base electoral).

Deste xeito, as preguntas desta investigación serían:

- Cal foi a evolución organizativa de Podemos? A que modelo de partido responde?
- Cales son os grupos internos que conforman Podemos e cal foi a evolución das súas relacións?
- Cal foi a evolución da base electoral de Podemos? Podemos vincular os cambios habidos nesta base aos cambios internos que aconteceron en Podemos?

Despois desta introdución presentarase as achegas principais da revisión bibliográfica realizada para esta investigación. Primeiro daranse conta das principais achegas en canto ao estudo dos partidos, establecendo o marco teórico deste traballo a partir destas achegas (destacando as de Kitschelt e Panebianco). Despois presentárase unha síntese das diferentes investigacións consultadas respecto á organización de Podemos, respecto a que modelo de partido se aproxima esta formación.

De seguido describirase a metodoloxía usada nesta investigación, destacando o seu carácter mixto ao combinar a análise de entrevistas semiestruturadas co análise de datos demoscópicos. Esta aposta metodolóxica pretende combinar estes dous modos de proceder na investigación social, recollendo información de importancia a través de entrevistas semiestruturadas e importantes personalidades de Podemos e a corroboración da análise extraída destas entrevistas a partir da análise de datos demoscópicos.



A continuación preséntase a proposta de cronoloxía da historia de Podemos deste traballo. Esta consistirá nunha relación de feitos internos e externos a Podemos, interrelacionados entre si a través dun relato. Tanto os feitos como o relato basearanse nas achegas que a revisión bibliográfica sobre a historia de Podemos nos contribuíu. É dicir, esta proposta de cronoloxía actuará como a hipótese xeral sobre a evolución de Podemos.

Despois presentarase a análise deste traballo. Comezase coa análise das entrevistas, vertebrando a presentación das achegas seguindo (en xeral) o esquema do guión usado para a realización das entrevistas e rematando esta parte presentando as conclusións principais desta análise. De seguido presentarase a análise dos datos extraídos de estudos do CIS, usándoos tanto dunha forma descritiva, como tamén explicativa (a través da realización dunha serie de regresións loxísticas binarias sobre o voto a Podemos). Rematarase este epígrafe de análise coas conclusións as que chegamos logo de contrastar as achegas da análise das entrevistas coa análise de datos cuantitativos.

Por último, presentarase as conclusións xerais deste traballo, dando conta de se se alcanzou o obxectivo desta investigación e se se deu resposta ás preguntas de investigación.

## **2.Revisión bibliográfica**

### **2.1. Sobre os partidos**

En canto á revisión bibliográfica feita sobre o estudo dos partidos, resaltan ás contribucións teóricas feitas neste eido por Kitschelt e Panebianco. Este traballo basearase teóricamente a partires da descrición de Kitschelt dos partidos como sistemas conflictivos (e a súa proposta de esquema que o describe) e da descrición que fai Panebianco das relacións internas no partido a través principalmente do concepto de “mapa de poder organizativo”.


En *The Logics of Party Formation: Ecological politics in Belgium and West Germany* (1989) Kitschelt pretende prover dunha teoría da formación dos partidos que reconstrúa como se dan as eleccións (dentro dun conxunto de posibles alternativas) sobre formas organizativas, programas e estratexias nos partidos políticos.

A importancia desta investigación estriba en que, a diferenza dos anteriores traballos que só se centraban en explicar estas decisións baseándose fundamentalmente en influencias externas ao partido, a formulación de Kitschelt preséntase como unha teoría dinámica de cambio e diversidade dos partidos que explica porque os partidos diverxen na competencia electoral, entendendo aos partidos como sistemas conflictivos (*conflict systems*) nos cales encontrámonos con sub-coalicións de activistas que apoian diferentes variedades de estratexias e metas.

Daquela, os cambios no partido (principalmente, a decisión de se seguir unha lóxica de competencia electoral ou de *constituency representation*) explícanse en termos das relacións entre os distintos grupos de activistas do partido: en como os cambios do comportamento do partido se deben a cambios no tamaño de cada grupo interno e nas colacións internas que forman.

O esquema desta teoría queda entón vertebrado nun sistema que se retroalimenta a partires dos dous elementos: os grupos e as coalicións internas existentes no interior do partido e as situacións estratéxicas nas que se encontra o partido.

**Figura 1. Modelo teórico de Kitschelt**



Fonte: elaboración propia a partir de Kitschelt (1989)

Comezando polos grupos e coalicións internas, Kitschelt identifica a tres principais grupos: *ideólogos*, *lobbilistas* e *pragmáticos*. Estes grupos diferéncianse fundamentalmente na natureza e importancia que lle dan a tres obxectivos para a súa involucración persoal no partido: A) a importancia dos *bens colectivos* (aqueles que son para a sociedade en xeral), B) a importancia da provisión de *bens selectivos* (para un grupo definido, unha clientela electoral) e C) sobre as gratificacións internas ou *bens privados* (providos polo partido aos seus integrantes). Estas diferencias determinan que apostas para as decisións do partido apoian e as posibilidades de coalicións con outros grupos (que se dan sobre as coincidencias nestes asuntos).

Ademais das súas diferencias respecto aos bens, a estes tres perfís de activistas se lle poden engadir máis elementos característicos que os identifican e diferencian entre si, como son as súas preocupacións programáticas, as súas actitudes cara a estratexia e o cambio social e o seu compromiso de participación e visión sobre a forma organizativa do partido.

O primeiro elemento consistirían nas visións de obxectivos do partido (*view of party objectives*) que ten o activista, sendo as posibilidades que estas sexan amplas (*broad*) ou estreitas

(*narrow*), é dicir, que teñan un interese amplo en moitas políticas públicas ou reducido a unhas poucas e concretas.

En canto ás actitudes cara a estratexia e o cambio social, consistirían entres opcións a partires da súa disposición a alianzas con outras forzas políticas: radical (a favor dun cambio fundamental), oportunista (intenta dar a súa opinión dando conta dun repaso caso a caso) ou moderado (a favor dun cambio gradual).

Por último, en canto ao compromiso de participación e visión sobre a forma organizativa do partido, este elemento consiste na posición do activista respecto a temas como a profesionalización do partido ou a disciplina interna. Deste xeito, as posibilidades consideradas son que ou ben opta por unha mínima elite con autoridade e unha máxima significancia para a individualidade e a participación de cada militante (participativo) ou enfatiza a profesionalización, a estabilidade organizacional e a cohesión (instrumental).

A maiores, o autor sinala como os *lideres* participan nesta relación entre eses tres grupos nunha especie de mediación (cambiando segundo sexa o equilibrio de forzas entre eles), aínda que con certo poder de chantaxe sobre os grupos dada a súa posición directiva.

Con todo, é preciso sinalar a maiores en que *situacións estratéxicas* se encontran o partido, xa que isto tamén inflúe nas decisións do partido. Estas situacións veñen determinadas por tres parámetros: A) a *mobilización social do cleavage* no cal o partido se basea, B) a *posición competitiva do partido* respecto do resto de partidos e C) as *estruturas institucionais de oportunidade política* (apertura das institucións e *responsiveness* das élites a novas demandas).

Queda entón un esquema que presenta un sistema que se retroalimenta (véxase a figura 1): as variables internas ao partido (grupos e coalicións internas) determinan as *decisións organizativas, estratéxicas e tácticas do partido*. Estas decisións teñen un efecto sobre o seu *desempeño electoral* e sobre o seu *impacto e desempeño político*, que á súa vez inflúen na mobilización social dos cleavages (no primeiro caso) e na posición competitiva do partido co resto

de partidos (no segundo). Pecha o sistema a influencia que as situacións estratéxicas (compostas por estes dous últimos elementos xunto as estruturas institucionais de oportunidade política) teñen sobre a distribución interna de grupos e coalicións internas do partido.

Daquela, con esta achega, xa non se entenden as decisións organizativas dos partidos e os seus cambios como consecuencias soamente das influencias externas ou internas, senón que se indica como as variables externas e internas inflúen no partido e entre si. Polo tanto, non nos estaríamos reducindo á comprender parcialmente o fenómeno estudado, senón á totalidade de variables que inflúen no obxecto de estudo e a súa interrelación. Daquela, non se trataría de centrarnos só na influencia que teñen os grupos e coalicións internas no desenvolvemento do partido, ou só nas situacións estratéxicas nas que se encontran, senón de dar conta da totalidade destas variables para explicar adecuadamente a evolución dos partidos.

En canto ás contribucións teóricas de Panebianco, as principais usadas neste traballo son as relacionadas sobre o seu concepto de “mapa de poder organizativo” e sobre todo da súa caracterización do organigrama dunha estratarquía<sup>1</sup>.

Deste xeito, Panebianco define mapa de poder organizativo (concepto a partires do cal se pode diferenciar os tipos de partido) como a configuración de relacións entre órganos dirixentes do partido, é dicir, a través de que órganos a coalición dominante exerce o seu poder sobre a organización. Este mapa estaría definido por dous aspectos: as relacións (de supraordinación e subordinación) entre cargos e órganos existentes na organización e as relacións entre o partido e outras organizacións e/ou centros institucionais<sup>2</sup>.

A partires das relacións entre cargos e órganos, o autor identifica unha serie de organigramas de partidos (cinco en total). Dos distinto organigramas provistos, destaca para a elaboración deste


---

1 (Panebianco, 1990: 301-337 e Ware, 1996: 155-201)

2 (Panebianco, *op.cit.*: 323-325)

traballo o organigrama 5 (segundo a numeración de Panebianco) que se aproxima ao modelo de estratarquía de Eldersveld<sup>3</sup>.

**Figura 2. Relacións entre cargos e órganos do organigrama 5 (Panebianco)**



Fonte: Elaboración propia a partires de Panebianco (1990)

*Nota:* As frechas indican as direccións das relacións de supraordinación/subordinación entre os distintos niveis da organización.

A importancia deste organigrama para este traballo radica en que (como se dará de conta máis adiante) repetidamente a literatura que estudou o modelo de partido de Podemos vincula a este co mencionado concepto de estratarquía.

Segundo con Panebianco, este autor caracteriza ás organizacións que presentan este organigrama estratárquico do seguinte xeito: relacións entre cargos e órganos definidas pola existencia de “estratos”, en lugar dunha “unidade de mando” centralizada; relacións interorganizativas de intercambio equilibrado ou de control externo; unha coalición dominante dividida e inestable (próxima ao concepto de “oligarquía”); e unha institucionalización débil (é decir, o partido é unha institución débil)<sup>4</sup>. Ademais de ter unha coalición dominante caracterizada por ser dividida e inestable, próxima ao tipo ideal de poliarquía<sup>5</sup>.

<sup>3</sup> (Panebianco, *op.cit.*: 327)

<sup>4</sup> (*ibid.*)

<sup>5</sup> (Panebianco, *op.cit.*: 332-334)

A maiores, sinalar a relativa importancia que cobra neste traballo o concepto de “partido-movemento”, sobre todo polo seu uso por parte das persoas entrevistadas<sup>6</sup>. Na literatura consultada na elaboración deste traballo establece que o tipo de partido denominado “partido-movemento” caracterízase polas innovacións organizativas, consistentes na adopción de características dos movementos sociais, o que produce unha organización con pouco investimento nas estruturas formais do partido, unha débil institucionalización dos procesos de toma de decisións internas e a combinación de estratexias “insider” con mobilización extra-institucional<sup>7</sup>.

## **2.2. Sobre Podemos**

Tamén se realizou unha revisión bibliográfica sobre a que modelo de partido correspondería o caso de Podemos, ou o que é o mesmo, como é a estrutura e o funcionamento deste partido. A continuación preséntase as principais achegas aportadas pola literatura consultada.

Comezando pola descrición do seu modelo xenético, destaca sobre todo a achega de Chironi e Fittipaldi (2017): orixes extra-parlamentarias; grupo fundador composto por profesores universitarios con experiencia en movementos sociais e partidos políticos; liderado internamente cohesivo e estable, coa presenza dunha figura carismática (Iglesias); poder organizacional centralizado; construción da organización a partires de penetración territorial (dende arriba a abaixo, e dende o centro cara a periferia); e con énfase na participación horizontal (destacando os procedementos participativos innovadores na fundación do partido, como son as primarias abertas e a Asamblea Ciudadana que durou varios meses).

Unha das características repetidamente sinaladas na literatura sobre o modelo de partido de Podemos é o seu carácter híbrido, a combinación de elementos organizativos opostos, como poden

---

6 Caso de Luca Chao e de Marcos Cal.

7 (Lisi, 2018: 2-3)

ser a centralización da dirección e da estratexia do partido e a descentralización territorial e temática (Torreblanca, 2015), a participación de base e democrática coa coordinación centralizada (Chironi e Fittipaldi, 2017), as características horizontais dos movementos sociais coa necesaria eficiencia dun partido (*ibid.*), elementos dos partidos carismáticos, populistas e leninistas (Meyenberg, 2017) ou a democracia directa (a nivel local) co liderado plebiscitario (Lisi, 2018).

Neste carácter híbrido do partido vense, de forma repetida, a sinalar a causa das tensións existentes na organización, ben sexa as tensións entre os intentos do liderado de controlar a organización e as principais decisións estratéxicas e as dinámicas participativas (Lisi, 2018), entre a participación de base e o liderado cohesivo (Rendueles e Sola, 2018) ou entre os elementos centralizadores e os descentralizadores (Torreblanca, 2015).

Varios autores sinalaron que a causa desta hibridación foi debido á decisión tomada por Podemos ao enfrontarse o dilema que lle formulaba a dobre tarefa de afrontar a carreira electoral (para o que se precisaba unha “máquina de guerra electoral”) e crear unha organización *ex nihilo* (Rendueles e Sola, 2018). Finalmente, priorizouse polo primeiro, pola consecución do éxito electoral, dado que se entendía que se estaba ante unha ventá de oportunidade única, que non estaría permanentemente aberta e que a gabia que aproveitar no momento (Torreblanca, 2015).

Neste construción organizativa de carácter híbrido, destaca a innovación organizativa que se incorpora a elementos máis convencionais, ben sexan o emprego das novas tecnoloxías para procedementos de democracia directa (Torreblanca, 2015), o establecemento de primarias abertas e a difuminación das diferencias organizativas entre as figuras de militante e simpatizante (Chironi e Fittipaldi, 2017; Rendueles e Sola, 2018) ou a creación de órganos como os círculos (Torreblanca, 2015; Chironi e Fittipaldi, 2017; Rendueles e Sola, 2018).

De forma repetida na literatura se ven a vincular o modelo de partido de Podemos co tipo ideal de estratarquía, algo que fan autores como Lisi (2018), fundamentándose nos trazos



descentralizadores cos que conta o partido, como é a ampla autonomía coa que contan os círculos e o seu funcionamento.

Sobre o tema da membresía ao partido, de cales deben ser as diferenzas entre militantes e simpatizantes (ou se deben de existir), Rendueles e Sota (2018) dan un bo repaso do debate habido en Podemos, do cal se decidiu ao final difuminar estas diferenzas de cara a dar un gran poder interno ao amplo grupo de persoas inscritas en Podemos e a evitar a profesionalización do partido (Lisi, 2018) pero que ao final resultou (dada a combinación dun aparato pechado e un censo moi aberto<sup>8</sup>) nunha forte concentración de poder no liderado do partido, reforzando as características plebiscitarias coas que xa contaba o partido (Rendueles e Sota, 2018).

En canto ás relacións entre os líderes e os grupos internos, é preciso sinalar que Kitschelt describira o papel dos líderes nestas relacións como de mediación (cambiando segundo sexa o equilibrio de forzas entre eles) e contando con certo poder de chantaxe sobre os grupos dada a súa posición directiva<sup>9</sup>. Neste caso en concreto, a literatura existente reforza e amplía esta análise xa que se sinala repetidamente a existencia en Podemos dun liderado carismático<sup>10</sup> e dun grupo directivo que controla e dirixe o desenvolvemento do partido<sup>11</sup>.

Por último, destaca que repetidamente a literatura consultada sinalase como característico da toma de decisións en Podemos o seu carácter maioritario (Chironi e Fittipaldi, 2017; Rendueles e Sota, 2018), de tal xeito que de forma contraria ao modelo consensual do 15M, en Podemos prima a regra maioritaria (Chironi e Fittipaldi, 2017).

En definitiva, a literatura considerada preséntanos o modelo de partido de Podemos como un caso *sui generis*, de características híbridas dada á combinación de elementos contrarios entre si (centralizadores e descentralizadores, plebiscitarios e participativos, verticais e horizontais). Destaca

---

8 (Torreblanca, 2015: 163)

9 (Kitschelt, 1989: 55)

10 (Meyenberg, 2017; Chironi e Fittipaldi, 2017)

11 (Torreblanca, 2015)

nesta hibridación a ventá de oportunidade histórica coa que se atopaba a organización na súa fundación, polo que iso lle supuxo un dilema entre a construción organizativa e a competición electoral, polo que o partido tivo que afrontar a construción de crear unha organización *ex nihilo* en pouco tempo para facer fronte ás inminentes eleccións que se ían a celebrar. Estes elementos contraditorios non se mantiveron estables e son a causa de tensións dentro do partido, no cal hai unha colisión entre o intento centralizador da dirección (que conta con importantes líderes) coa existencia de elementos descentralizadores (a autonomía dos órganos de base como os círculos e os elementos participativos do partido).

### **3. Metodoloxía**

Metolóxicamente, este estudo de caso caracterizarase pola obtención de datos a partires de fontes de carácter cualitativo (entrevistas semi-estruturadas) e cuantitativo (estudos electorais e barómetros do CIS).

Dadas as restricións coas que contamos á hora de realizar este traballo, a posibilidade de replicar o modelo de investigación levado a cabo por Kitschelt (1989) que consistía na realización extensa dun amplo número de entrevistas entre os membros dos partidos estudados, obríganos a esta aposta metodolóxica, pretendendo aplicar os elementos da investigación de Kitschelt (como é o modelo de guión usado) e paliar as faltas (dadas ás constricións existentes) a partires da revisión bibliográfica, pero sobre todo do uso de datos cuantitativos.

Antes de nada, a revisión bibliográfica realizada para este traballo permitíranos non só fundamentar teoricamente este traballo, senón que tamén nos aportou información sobre o modelo de partido de Podemos (xa presentada anteriormente) e sobre a historia da organización, polo que podemos presentar unha primeira proposta de cronoloxía da historia de Podemos, vertebrada a partires dos momentos que consideramos que foron máis importantes para esta formación.

As entrevistas realizáronse pretendendo principalmente observar se se daba unha replicación da nosa proposta de cronoloxía da historia de Podemos, pero tamén pretendendo corroborar a información sobre a estrutura e o funcionamento da formación e profundar sobre a caracterización como activistas dos membros de Podemos.

Estas entrevistas foron construídas a partires dun esquema semiestructurado de preguntas que se centraba sobre todo na vida interna do partido e que se inspirou no usado por Kitschelt (1989)<sup>12</sup>: relato de cargos internos e representativos ocupados, breve biografía política (destacando a participación no 15M e plataformas e grupos vinculados), preguntas sobre a importancia e natureza de bens (colectivos, selectivos e privados), as súas motivacións e aspiracións (respecto ao programa, a estratexia e o cambio social e a forma organizativa do partido), o seu relato persoal sobre os eventos da fundación e o desenvolvemento de Podemos, preguntas sobre a estrutura e o funcionamento de Podemos e sobre os grupos internos que o compoñen.

O mostreo realizouse de dúas formas. Antes de nada, é preciso sinalar que as dificultades para poñerse en contacto con persoas que participaran en Podemos durante o período marcado foi o causante de usar dúas formas para recoller a mostra.

Deste xeito, nun principio identificouse a un grupo de persoas que participaron de forma destacada en Podemos (consequindo saber desta participación a través da revisión bibliográfica, polo que na súa totalidade se trataron de persoas que son ou foron membros da dirección estatal e/ou autonómica de Podemos) e se puxo en contacto directamente con elas. É dicir, nun primeiro momento o mostreo foi intencional ou dirixido.

Non obstante, dado que o período no cal se realizou este contacto foi dunha alta actividade electoral e dado que moitas das persoas contactadas se vían inmersas no traballo que tiñan dados os comicios próximos, foinos preciso considerar unha vía alternativa para recoller a mostra.

---

12 Tamén se consultou de cara a elaboración deste guión a Vallés (1997).

Entón, de segundas, intentamos poñernos en contactos cos suxeitos que desen cos nosos criterios a través dun mostreo por bola de neve: poñíámonos en contacto con persoas que a día de hoxe participan en Podemos e pediámoslle o contacto de persoas que o estiveran no período marcado.

O criterio á hora de seleccionar membros para a mostra foi, entón, ter tido unha destacada participación en Podemos, o que se entendía como ter aparecido con frecuencia na literatura consultada ou ter ocupado postos na dirección de Podemos (tanto a nivel estatal como autonómico). Polo tanto a totalidade dos membros considerados para formar esta mostra son ou foron membros da dirección de Podemos. Deste xeito priorizouse que as persoas entrevistadas contasen con información relevante (como a que se manexa nos órganos de dirección dun partido).

Os datos cuantitativos achegados polos estudos electorais e os barómetros do CIS consultados foron usados de cara a observar se hai unha correspondencia empírica entre o relato sobre a evolución de Podemos (construído a partires da revisión bibliográfica e a análise das entrevistas), para o cal se usarán tanto no descritivo, coma no explicativo. Isto é, primeiro analizarase a evolución dunha serie de variables entre os votantes e os simpatizantes de Podemos pero tamén se analizaran a evolución de datos cuantitativos que explican o voto e a intención de voto de Podemos para, deste xeito, observar se hai unha correspondencia entre a análise extraída das entrevistas sobre a evolución de Podemos e os datos demoscópicos.

#### **4. Cronoloxía**

A continuación preséntase a proposta deste traballo sobre a relación de feitos que determinaron a evolución de Podemos. Deste xeito, grazas a revisión bibliográfica de artigos e libros que se adicaron a estudar o mesmo obxecto de estudo ca nos (é dicir, Podemos) e á consulta de noticias periodísticas sobre os feitos máis recentes, podemos formular unha proposta de cronoloxía dos

cinco anos de vida de Podemos (dende Xaneiro de 2014 até Abril de 2019) nos cales localizar as etapas da evolución desta formación e destacar os momentos máis importantes.

Deste xeito, poderemos clarificar e ordenar toda a información que temos dispoñible destes cinco anos e centrar os esforzos desta investigación nos momentos máis destacados e importantes para esta organización. Isto último consistirá en que, sinalados os momentos importantes na vida de Podemos, decidírase intentar extraer a través de estudos demoscópicos contemporáneos a eses momentos cal era o estado da base electoral de Podemos (os seus electores/simpatizantes), reducindo a arbitrariedade de escoller que estudos demoscópicos usar nesta investigación (logo de termos decidido non facer un repaso exhaustivo de tódolos estudos demoscópicos útiles que temos a man).

<b>Táboa 1. Cronoloxía Podemos (2014-2019)</b>			
<b>Etapas</b>	<b>Acontecementos internos</b>	<b>Eleccións</b>	<b>Estudos CIS</b>
Formación	Presentación Podemos (Xaneiro 2014)		
	Inscripción no Rexistro de Partidos (Marzo 2014)		
		Europeas (Maio 2014)	<i>Poselectoral europeas 2014 (3028)</i>
	Vistalegre I (Outurbo 2014): Conflito Complutense vs. Anticapitalistas		<i>Barómetro Xaneiro 2015 (3050)</i>
Entrada sistema político español (local, autonómico e estatal)		<i>Andaluzas (Marzo 2015)</i>	
		Municipales e Autonómicas (Maio 2015): Confluencias municipais	<i>Barómetro Xullo 2015 (3104)</i>
		<i>Catalanas (Setembro 2015): 1ª confluencia autonómica, CSQP</i>	
		Xerais (Decembro 2015): confluencias galega, catalana e valenciana	<i>Poselectoral xerais 2015 (3126)</i>
		Xerais (Xuño 2016): coalición con IU (nacemento UP)	<i>Poselectoral xerais 2016 (3145)</i>
		<i>Vascas e Galegas (Setembro</i>	

		2016)	
"Guerra de trincheiras"	Vistalegre II (Febreiro 2017): Conflito errejonistas vs. pablistas		<i>Barómetro Abril 2017 (3173)</i>
		<i>Catalanas (Decembro 2017)</i>	
	Consulta chalet e moción censura Rajoy, Maio 2018		<i>Barómetro Xullo 2018 (3219)</i>
		<i>Andaluzas (Decembro 2018)</i>	
	Crise de Madrid (dende Novembro 2018, estoupa en Xaneiro 2019)		<i>Macrobarómetro Marzo 2019 (3242)</i>

Na anterior táboa esquematízase a nosa proposta de cronoloxía, presentando os acontecementos internos e externos identificados na evolución de Podemos, agrupándoos en etapas e vinculando aos momentos máis importantes ou destacados que estudo se usou para dar conta da situación dos electores/simpatizantes de Podemos neses momentos.

As eleccións cuxos nomes están en cursiva (é dicir, as eleccións autonómicas que non se celebraron en Maio de 2015) foron consideradas de menor importancia para este traballo e non se centraron esforzos neses momentos, dado que consideramos que o traballo que adicásemos a iso non nos aportaría máis evidencias das que xa obtivemos centrándonos noutras eleccións. De tódolos xeitos, sinálase que unha destas (as eleccións catalás de Setembro de 2015) foi a primeira ocasión na cal Podemos concorreu a uns comicios cunha confluencia (“Catalunya Si que es Pot”)<sup>13</sup>, e é necesario destacar que a especificidade destes procesos (as “confluencias”), tanto no que respecta a cuestións de análise electoral<sup>14</sup>, como de acontecementos políticos, fai preciso profundar no estudo delas e da súa relación con Podemos a nivel estatal.

Na recente vida como organización de Podemos poderíamos sinalar como momentos clave na súa evolución tanto feitos internos ou organizativos (fundación, congresos, crises internas ...) como externos (destacando este traballo as distintas eleccións ás que se presentaron). Salvando as

13 (Rodríguez, Barrio e Barberá, 2018: 216-217)

14 Véxase Lagares, Pereira e Rivera, 2018

diferenzas, estes acontecementos (tanto externos coma internos) gardan moita importancia para entender e explicar a evolución organizativa dun partido.

Deste xeito, seguindo a Kitschelt<sup>15</sup>, a importancia dos acontecementos internos aquí mencionados (decisións do partido e relacións entre grupos internos) reside en son a esencia da vida da organización. A partires das relacións que se establezan entre os grupos internos que conforman o partido (coalicións, rupturas, escisións) determínase que decisións tomará o partido (entre elas, as organizativas e as electorais) e estas influirán na actuación electoral do partido. Relacionado con isto último, a importancia da actuación electoral do partido reside na influencia indirecta que ten na composición e relación de grupos internos do partido.

En definitiva, segundo cal sexa a situación interna do partido (grupos e coalicións internas), será a toma de decisións do partido (organizativos e electorais) e estas decisións influirán na actuación electoral (que influirá indirectamente na situación interna do partido).

Sinalar que, como se afirmou anteriormente, a partires desta cronoloxía seleccionáronse unha serie de estudos demoscópicos do CIS para dar conta da evolución da base electoral de Podemos. Deste xeito, cada etapa conta cunha serie de momentos importantes (os anteriormente descritos) e guiándonos por estes (polo momento temporal onde tiveron lugar) seleccionouse os estudos que máis se lle aproximaba no tempo. Ademais da proximidade temporal, primouse que os estudos fosen realizados *a posteriori* dos feitos (para poder observar os efectos destes acontecementos na base electoral de Podemos) e que o estudo incluíse preguntas de tipo electoral (xa que estas serían as máis útiles para este traballo). Xunto aos estudos sinalados na cronoloxía presentada (Táboa ), tamén se usaron neste traballo tres a maiores (os barómetros do CIS de outubro de 2016, 2017 e 2018) que non están vinculados a ningún feito considerado nesta cronoloxía<sup>16</sup>. A

---

15 (Kitschelt, 1989: 48-60)

16 Como moito, o barómetro de outubro de 2016 (estudo 3156) está vinculado ao peche da segunda etapa desta cronoloxía, pero non foi esta a razón pola que foi escollido, senón que se debeu a diferenza de espazo temporal entre os estudos considerados nun primeiro momento.

súa selección responde só a necesidade de reducir o espazo temporal entre estudos, de tal xeito que os datos cos que traballemos teñan en xeral unha diferenza de entre seis e oito meses e daquela, dar un mellor repaso da evolución dos datos.

Feitas estas aclaracións, describíranse as distintas etapas e os momentos importantes sinalados. Comezando pola *etapa de formación*, esta desenvólvese entre a presentación de Podemos en Xaneiro de 2014 até a celebración do congreso fundacional (Vistalegre I, en outubro dese ano).

Esta etapa ten unha fecha de inicio ben clara: o 17 de Xaneiro de 2014. Nesa data lánzase o proxecto Podemos nun acto en Lavapiés entre un grupo de profesores da Universidade Complutense e IA<sup>17</sup>. Neses primeiros meses de existencia, Podemos marcouse concorrer ás eleccións europeas de Maio dese ano, mobilizando a decenas de miles de persoas (na recollida de avais e nas súas primarias), organizando os seus “círculos” (unidade básica do partido que aproximaba a Podemos ao modelo de partido-movemento) e obtendo neses comicios case un 8% dos votos (1.253.837 sufraxios) a escasos centenaes de votos de IU<sup>18</sup>.

Nos meses seguintes produciuse un xigantesco crecemento demoscópico de Podemos, chegando ao 15% da preferencia de voto en xuño e en outono dese ano ao 28% (situándoa algunhas enquisas como primeira forza política, de haber eleccións xerais)<sup>19</sup>. Daquela, logo de ter superado a IU (converténdose no seu “recambio natural”), e xa albiscando o seu novo propósito (substituír ao PSOE como o partido maioritario da esquerda)<sup>20</sup> Podemos afrontou o seu congreso fundacional (Vistalegre, outubro de 2014).

Neste congreso enfrontáronse dous grupos coas súas respectivas propostas. Por un lado “Claro que Podemos” (grupo liderado por Pablo Iglesias, xunto ao grupo de profesores da Complutense) propoñía adoptar unha estrutura máis centralizada, cohesionada e orientada contra a

---

17 (Torreblanca, 2015: 130; Rodríguez, Barrio e Barberá, 2018: 208)

18 (Torreblanca, *op.cit.* : 133-134; Rodríguez *et. al.*, *op.cit.* : 208-209)

19 (Torreblanca, *op.cit.* : 135)

20 (Rodríguez *et. al.*, *op.cit.* : 211)



competición electoral, mentres que “Sumando Podemos” (grupo liderado por Echenique, Teresa Rodríguez e Lola Sánchez, que contaba co apoio de IA) propoñía unha organización horizontal e colexiada; o resultado foi a vitoria para Iglesias, tomando o control do partido o seu grupo e adoptando a súa proposta organizativa.<sup>21</sup>

En resumo, nestes meses déronse os feitos que formaron a Podemos. Dende a presentación dunha candidatura para as eleccións europeas, froito da colaboración entre o “grupo da Complutense” (profesores de Ciencia Política da mencionada universidade) e IA, pasando polo seu sorprendente resultado nas eleccións europeas de Maio dese ano, o seu crecemento posterior (demoscópico, pero tamén organizativo<sup>22</sup>) e rematando pechando cal sería a dirección e a estrutura organizativa do partido que afrontaría o reto de consolidar a substitución de IU e lograr a superación do PSOE.

En canto á segunda etapa (denominada “*entrada no sistema político español*”), esta prolóngase dende os meses finais de 2014 (logo do peche de Vistalegre I) até as eleccións vascas e galegas de Setembro de 2016. Nestes dous anos produciuse a entrada de Podemos aos distintos niveis do sistema político español, é dicir, conseguiu que membros seus entrasen nas institucións representativas locais, autonómicas e estatais (concellos, parlamentos autonómicos e Cortes Xerais) ben presentándose en solitario, ben participando en candidaturas con outras forzas (caso das confluencias municipais e autonómicas e Unidos Podemos). Deste xeito, estes comicios permitiu non só a entrada de Podemos na area parlamentaria española, senón tamén a súa penetración territorial, coa constitución dos seus grupos (formais ou informais) de representantes electos locais e autonómicos.

Durante esta etapa, resaltaron pola súa importancia as eleccións municipais e autonómicas de Maio de 2015 e as xerais de Decembro de 2015 e de Xuño de 2016.

---

21 (Torreblanca, *op.cit.* :165-167; Meyenber, 2017: 230-231; Lisi, 2018: 8; Rodríguez *et. al.*, *op.cit.* : 211-213)

22 Se antes de Maio Podemos movilizaba para os seus procesos a decenas de miles de persoas, agora en Vistalegre I chegaron a participar 130.000 inscritos (Torreblanca, *op.cit.* : 165)

De cara as municipais, Podemos xa se marcara en Vistalegre non concorrer a elas presentando candidaturas propias. Isto non significou que Podemos decidira non concorrer a estas, xa que o partido apoio candidaturas, deixando marxe para a entrada doutros actores (outras forzas que participasen nesas candidaturas, caso de Barcelona en Comú ou Ahora Madrid). Deste xeito, se ben se favoreceu politicamente das vitorias dalgunhas candidaturas (como as anteriormente mencionadas) e do seu acceso ao poder municipal, esta estratexia tamén implicou a emerxencia de líderes e proxectos alternativos a Podemos (e non sometidos á disciplina desta organización) que podían constrinxir e afectar o crecemento do partido Podemos<sup>23</sup>.

En canto ás eleccións autonómicas de Maio de 2015, Podemos conseguiu obter representación en tódolos parlamentos autonómicos (como fixera en Andalucía en Marzo e como faría coas confluencias en Cataluña, Galicia e Euskadi). Con todo, estes comicios autonómicos en concreto supuxeron nas comunidades autónomas con presenza de partidos de ámbito non estatal a alterar a súa estratexia de confrontación política orixinal (pensada para un escenario onde estivesen presente só os partidos de ámbito estatal). Deste xeito, ante as dificultades que se encontrou Podemos naquelas comunidades onde a presenza de partidos de ámbito non estatal lle restaba importancia ou onde non aparecía como principal alternativa do PSOE, empezou a promover alianzas territoriais. O primeiro exemplo sería Catalunya Si que es Pot (CSQP), que pasaría a ser un precedente de importancia na conformación do resto de confluencias autonómicas (sobre todo no que se refire a brindarlles de maior autonomía a estas, ante a vista dos poucos resultados que recolleu esta candidatura)<sup>24</sup>.

Por último, nas eleccións xerais de 2015 e 2016 Podemos accedeu ás Cortes Xerais. A destacar destes comicios é que Podemos entrou con forza nesta área do sistema político español (acadando o terceiro posto e máis de corenta deputados) e a repetición e extensión da súa estratexia de alianzas, primeiro coa reedición e creación das confluencias autonómicas (en Cataluña, Valencia

---

23 (Rodríguez *et. al.*, *op.cit.* : 216)

24 (Rodríguez *et. al.*, *op.cit.* : 216-217)

e Galicia) e en Xuño de 2016 a extensión coa conformación da candidatura Unidos Podemos (UP) xunto a IU. Con todo, sendo os resultados acadados en ámbalas dúas ocasións para nada negativos para unha formación recen chegada, o produto da repetición das eleccións non foi o desexado *sorprasso* do PSOE (aínda que se mantiveron uns resultados similares aos anteriores comicios xerais)<sup>25</sup>.

No período habido entre estes dous comicios xerais deuse unha importante crise interna en Podemos. Ante a posibilidade de apoiar a investidura de Pedro Sánchez (cuxa derrota forzou a convocatoria de repetición de eleccións) Podemos dividiuse entre partidarios do pragmatismo e da colaboración institucional (dirixidos por Errejón) e os defensores dunha liña máis belixerante, defendida por Pablo Iglesias e IA. Esta crise supuxo unha importante reconfiguración das coalicións internas de Podemos: se en Vistalegre I o grupo da Complutense e Pablo Iglesias enfrontáronse a IA e Echenique, agora o grupo da Complutense comezaba a romperse co distanciamento entre Errejón e Iglesias e a alianza entre este e o seu anterior grupo opositor (destaca neste sentido a substitución do secretario de Organización de Podemos por Echenique, unha das persoas que encabezaba o grupo opositor a Iglesias en Vistalegre I)<sup>26</sup>. Se até entón se podía explicar a situación interna de Podemos a partires de dous grupos (Pablo Iglesias e os profesores da Complutense e IA) agora comezaba a dividirse o primeiro grupo e a emerxer un terceiro grupo, que serían coñecidos como errejonistas.

Pecha esta etapa as eleccións autonómicas vascas e galegas de Setembro de 2016, a partires das cales Podemos xa conta con representación autonómica (de seu ou a través de confluencias) en todo o Estado.

Antes de continuar, sinalar a importancia da estratexia de alianzas que acabamos de describir. En vez de apostar por presentarse aos distintos comicios electorais usando a súa marca propia, progresivamente Podemos decidiu participar con outras forzas políticas, apoiando ás

---

25 (Rodríguez *et. al.*, *op.cit.* : 217-220)

26 (Rodríguez *et. al.*, *op.cit.* : 220)

“candidaturas municipalistas”, creando as confluencias autonómicas e aliándose con IU para formar UP. Os problemas anteriormente sinaladas ao falarmos das candidaturas municipalistas (emerxencia nesas espazos de líderes e proxectos alternativos a Podemos, libres de disciplina a esta organización, que poden constrinxir e afectar o seu crecemento) tamén se poden aplicar para o resto de alianzas que acabamos de nomear.

Pecha esta cronoloxía unha etapa (“*guerra de trincheiras*”) que decorre dende os últimos meses de 2016 até inmediatamente antes das eleccións xerais de Abril de 2019, no cal (a diferenza da anterior etapa) a tónica foi a ausencia de comicios electorais e polo tanto, falando metafóricamente, se antes estabamos nun escenario de “guerra de movementos” onde Podemos tiña que enfrontarse a varias citas electorais en pouco tempo, agora estaríamos na situación inversa<sup>27</sup>.

O primeiro momento importante desta etapa foi a celebración da segunda Asamblea Ciudadana de Podemos: Vistalegre II. O eixo principal deste congreso foi o enfrontamento entre os grupos liderados por Pablo Iglesias (pablistas, que conformaron “Podemos para todas”) e Íñigo Errejón (errejonistas, que conformaron “Recuperar la ilusión”), mentres que IA conformaba a parte “Podemos en Movimiento”<sup>28</sup>. Este enfrontamento gañara relevancia meses antes ao congreso, cargos destacados do sector pablista (como Echenique) participaran na campaña de mensaxes co *hashtag* “#ÍñigoAsíNo”<sup>29</sup> (un acontecemento que con posterioridade Errejón sinalou como o inicio do seu fin en Podemos<sup>30</sup>). O resultado foi a vitoria do sector pablista sobre o errejonista, a parte de que IA conseguiu certas concesións (como a adopción do seu documento de feminismo)<sup>31</sup>.

---

27 Esta metáfora foi especialmente usada pola dirección de Podemos, sobre todo á hora de analizar o escenario postelectoral das xerais de xuño de 2016.

28 (García, 2017)

29 Todos contra Errejón: “Así no Íñigo”. (2016, 24 de Decembro). El Plural, dispoñible en [https://www.elplural.com/politica/espana/todos-contra-errejon-asi-no-inigo\\_97811102](https://www.elplural.com/politica/espana/todos-contra-errejon-asi-no-inigo_97811102)

30 Errejón confiesa que el principio de su fin en Podemos fue el “Íñigo Así No” de 2016. (2019, 9 de Abril). ElEconomista.es, dispoñible en <https://www.economista.es/politica/noticias/9812305/04/19/Errejon-confiesa-que-el-principio-de-su-fin-en-Podemos-fue-el-Inigo-Asi-No-de-2016.html>

31 <https://vistalegre2.podemos.info/resultados/>

O seguinte momento sería en Maio de 2018, onde aconteceron case simultaneamente dous acontecementos. Primeiro, e ante as críticas vertidas sobre Pablo Iglesias e Irene Montero (dirixente de Podemos e parella) de comprar un chale, decidírase realizar unha consulta interna en Podemos a finais de Maio na que os inscritos votasen sobre a permanencia deles dous na dirección, resultando nun 68% a favor da súa permanencia e un 32% en contra (participando preto de 190.000 inscritos)<sup>32</sup>. Segundo, tamén a finais de Maio (e só uns días despois da mencionada consulta) tivo lugar a moción de censura ao goberno de Mariano Rajoy levada adiante polo PSOE e que contou co apoio (entre outros) de Unidos Podemos; moción que saíu adiante, comezando a partires dese momento o goberno de Pedro Sánchez<sup>33</sup>.

A importancia destes acontecementos reside en que a consulta significou un intento de reafirmación plebiscitaria da dirección do partido por parte de Pablo Iglesias e a moción de censura deu lugar a un goberno do PSOE co apoio de UP, encontrándose Podemos con que o partido que fai uns anos quería “sorprasar” agora estivese no goberno (e ademais grazas ao seu apoio parlamentario, postura defendida polo dirixente da oposición a Iglesias, Errejón, na anterior oportunidade de 2016).

Por último, esta etapa pechase nos primeiros meses de 2019, coa crise de Madrid e os comicios xerais de Abril. Neste momento, Podemos encontrase con dous acontecementos. Primeiro, que o principal líder do grupo opositor á actual dirección (Errejón) decide presentarse coa candidatura alternativa que comenzara a elaborar Manuela Carmena meses antes, o que supón unha importante crise interna ao producirse a marcha de parte do sector errejonista para apoiar á contrincante Más Madrid (logo de que se acordara que, en principio, Errejón ía a ser o candidato á presidencia de Madrid por Podemos)<sup>34</sup>. Segundo, en canto ás xerais, se ben conseguiu conserva

---

32 Pablo Iglesias e Irene Montero salvan la consulta del chalet, pero un 31% vota en su contra . (2018, 27 de Maio). 20minutos.es, dispoñible en <https://www.20minutos.es/noticia/3351909/0/consulta-podemos-participacion-pablo-iglesias-irene-montero-chalet/>

33 (Garea, 2018)

34 (Rodríguez-Pina, 2018 e Caballero e Pérez, 2019)

unha forza similar (pero menor) aos anteriores comicios, aumenta a súa diferenza co PSOE, quedando lonxe o obxectivo de superar a este partido<sup>35</sup>.

## **5. Análise**

De seguido analizaranse os datos recollidos nesta investigación a través das entrevistas semiestruturadas levadas a cabo e da revisión de estudos electorais e barómetros do CIS. Pecha este epígrafe a presentación dunhas conclusións elaboradas a partires do achado nas anteriores análises (tanto da análise dos datos extraídos das entrevista, como tamén da análise extraída dos datos do CIS).

### **5.1. Entrevistas**

A continuación preséntanse os resultados da análise das entrevistas realizadas a Luis Alegre, Luca Chao e Marcos Cal, agrupándose en tres bloques. No primeiro darase conta do perfil persoal (contidos correspondentes aos bloques 0,1,2 e 3 do guión), logo da historia (4 e 7) e por último será a estrutura e o funcionamento de Podemos (5 e 6).

#### **5.1.1. Perfil persoal**

##### *0) Reconto de cargos internos e representativos ocupados*

Dadas as características do mostreo usado neste traballo, non sorprende que os tres entrevistados están ou veñen de ocupar postos en órganos directivos de Podemos.

Os tres coinciden neste apartado en ter ocupado postos directivos a nivel autonómico, ben sendo parte dos seus respectivos Consellos Cidadáns Autonómicos (Cal, Chao) ou das súas executivas autonómicas, ocupando responsabilidades e secretarías e formando entón parte dos seus

---

<sup>35</sup> Iglesias cree “suficiente” su resultado para buscar un gobierno de izquierdas. (2019, 28 de Abril). Euskal Irrati Telebista, disponible en <https://www.eitb.eus/es/elecciones/elecciones-generales/detalle/6369122/elecciones-generales-2019-valoracion-unidas-podemos-28-abril/>

respectivos Consellos de Coordinación (os tres, destacando Alegre que foi secretario xeral da Comunidade de Madrid). A maiores, Alegre ocupou cargos internos a nivel estatal, sendo membro do “Consejo Ciudadano Estatal” e responsable de Participación Interna (integrándose entón no “Consejo de Coordinación” a nivel estatal). A nivel local, Cal foi primeiro voceiro do seu círculo e despois membro do Consello Cidadán Municipal de Pontevedra.

En canto a cargos representativos ou institucionais, só Cal e Chao chegaron a ocupalos, sendo deputados do Parlamento de Galicia.

### *1)Experiencia política previa (breve biografía política)*

Respecto aos seus antecedentes políticos, excepto Chao todos os entrevistados contan cunha experiencia política previa destacada.

Alegre foi dende 1992 membro en distintas organizacións políticas de esquerda (como Espacio Alternativo, futura Izquierda Anticapitalista) e participou activamente no movemento estudiantil contra a mercantilización da Universidade (entre 1999 e 2002)<sup>36</sup>.

Cal tivo unha breve participación partidista previa: de cara a apoiar unha candidatura local do BNG, con vinte e dous anos foi durante un ano membro do mencionado partido, deixándoo despois. Meses antes da presentación de Podemos, e antes de apostar por esta formación, aproximouse a varias asembleas de Esquerda Unida.

O que destaca da súa experiencia é a súa participación nos movementos sociais, destacando a súa participación no 15M e nas Marchas da Dignidade, ademais da APDR (Asociación Pola Defensa da Ría) e ter impulsado un colectivo local de acción directa na rúa, de corta vida (Mobilízate Pontevedra).

Chao non tivo unha participación activa en ningún partido ou movemento social, até a súa incorporación a Podemos. Até ese momento só contaba con ter asistido a algunha asemblea do 15M e a manifestacións convocadas por movementos, pero nunca chegando a participar activamente.

---

36 <https://www.pasajeslibros.com/autores/alegre-zahonero-luis/52922/>

En definitiva, encontrámonos con tres casos que representan dende unha destacada experiencia política previa (Cal) até unha de menores alturas (Chao).

## *2) Tipo de activista*

A continuación darase de conta de a que tipo de perfil de activista se aproxima máis os entrevistados a partires das súas declaracións sobre a importancia e a natureza dos bens colectivos (os que benefician a maior parte da sociedade), selectivos (os que benefician a determinadas clientelas electorais) e privados (as gratificacións internas aos membros do partido).

Antes de continuar, é preciso sinalar que dada a importancia que cobran nos espazos de Podemos o populismo e a procura da transversalidade política, ten como consecuencia que os integrantes deste partido consideran que o suxeito ao que interpelan, a súa clientela electoral, non é un grupo social específico e determinado, senón que é un “90% da poboación”, a “cidadanía” ou as “maiorías sociais”. É dicir, que ao entender á maioría da sociedade como a súa clientela electoral, dáse a situación de que non hai conflito entre bens colectivos e bens selectivos, son iguais e complementarios, pois conseguindo un conséguese o outro (ao fin e ao cabo, o suxeito beneficiado é o mesmo).

Comezando por Luís Alegre, este expresou unha clara afinidade polos bens colectivos, xa que reiteradamente expresou que o desexable é ser unha “opción de gobierno”, para non adicarse só a “presionar un poco las políticas hacia la izquierda”, senón a aplicar completamente o seu programa de goberno.

Respecto aos bens selectivos e os privados, é difícil co expresado establecer con rotundidade que posición xerárquica ocuparían. Con todo, podemos afirmar que a súa principal prioridade son os bens colectivos. Como segunda podemos situar aos bens selectivos, partindo de que o individuo manifestou que o fin desexado a alcanzar sería beneficiar á cidadanía, polo que como se dixo



anteriormente, encontrámonos con que os bens selectivos son iguais aos bens colectivos. Por descarte (e pouca importancia dada polo entrevistado, a través da pouca atención prestada), os bens privados ocuparían o último lugar nesta xerarquía.

Seguindo con Marcos Cal, este dálle unha importancia moi prioritaria aos bens colectivos (“eu creo que esta ferramenta que construímos a construímos para gobernar” para o cal é preciso “interpelar ao 90% da poboación”), e se ben semella descartar de forma total os bens selectivos, debemos de lembrar a anterior consideración sobre a quen considera a súa clientela electoral os membros de Podemos (e este en concreto, “[o] 90% da poboación”) e que este descarte baséase máis nunha cuestión máis ben de forma, pois no escenario de ter que adicarse a realizar pequenas reformas el afirma que “se opera mellor dende o movemento social [ca] do que podes conseguir con pouca forza no goberno”. Ademais, claramente entende ao partido coma un instrumento que ten que servir nese asalto ás institucións (“a organización [...] é unha ferramenta, non un fin en si mesma), polo que a importancia e natureza que lle concede aos bens privados é totalmente menor.

Polo tanto, o esquema xerárquico de bens deste individuo sería: en primeiro lugar, os bens colectivos, en segundo, os selectivos e por último, os privados. Observando este esquema, aproxímase ao tipo de activista pragmático (co que coincide en todo o seu esquema).

Por último, Luca Chao ao igual que o resto de entrevistados manifestou a importancia dos bens colectivos, de que a “a prioridade debería de ser [ter] un plan a medio e longo prazo” e de que “Podemos pretende impugnar o modelo existente entón estamos na liña da revolución”.

Aínda que estas declaración nos poida aventurar que estamos ante un caso de activista ideóloga (en concreto do tipo *near-ideologue*), o certo é que o final da anterior cita pon dúbidas a esta posibilidade: “agora ben, non podemos ser hipócritas e a verdade é que a nosa entrada nas institucións nos obriga a certo pragmatismo[.] Pero creo que o obxectivo é ese a medio-longo prazo

e poñer os mimbres (sic) para cambiar ao sistema.”. É dicir, non se abandono por completo a posibilidade de conseguir no momento actual progresos, polo que a vía reformista, o “poñer os mimbres (sic) para cambiar ao sistema” o aproxima máis ao perfil dunha pragmática, sobre todo tendo en conta a visión que ten do partido, ao entendela como unha peza (unha ferramenta máis) na construción a medio e longo prazo da organización.

Daquela, o esquema xerárquico sería o mesmo ca os anteriores (en primeiro lugar, os bens colectivos, en segundo, os selectivos e por último, os privados) e coincide co tipo ideal de pragmática

### *3) Motivacións intencionais e participativas (Purposive and participatory motivations)*

- Preocupacións programáticas

Comezando por Luis Alegre, este sería un caso de *broad view of party objectives* pero con elementos conceptuais que o aproximan ao tipo ideal de *narrow view of party objectives*.

Isto débese a que manifesta interese nun amplo abano de políticas, ao considerar como negativo a perda da oportunidade de adicarse grandes cambios e só a centrarse en “unas cuantas hacia las que hacer presión y tratarlas de vender como un éxito”.

Non obstante, este individuo usou unha linguaxe principalmente allea á liberal, socialista ou anarquista, pois centrouse moito no tema da transversalidade política. A maior parte das veces que usou unha linguaxe política liberal, socialista ou anarquista foi na súa reiterada oposición a ocupar o mesmo espazo que Izquierda Unida, “una izquierda a la izquierda del PSOE”.

En canto a Cal, de novo este entrevistado manifestou interese nun amplo abano de políticas (“eu creo que hai moitísimas cousas importantes que hai que levar a cabo”) aínda que destacando de entre elas tres: a política fiscal, a de xustiza social e a medioambiental. Ao igual que Alegre (e incluso dunha forma maior), usou unha linguaxe allea aos mencionados esquemas conceptuais,

centrándose en usar unha linguaxe populista centrada no concepto da transversalidade<sup>37</sup>. Ao igual que alegre, estamos ante un caso de *broad view of party objectives* pero con elementos conceptuais que o aproximan ao tipo ideal de *narrow view of party objectives*

Por último, Luca Chao tamén manifesta interese nun amplo abano de políticas públicas e tamén o centra en tres políticas, no seu caso, na política de igualdade, na de traballo e na medioambiental<sup>38</sup>. Pero neste caso, se ven tamén usa o concepto de transversalidade política, o certo e que entende que o eixo esquerda-dereita non é oposto, senón complementario do eixo populista e transversal “os de arriba- os de abaixo” ou “casta-pobo” (pois entende a este último como unha “reformulación do eixo clásico da esquerda e a dereita”) a parte de usar un vocabulario próximo ao socialista (“clase traballadora”). Polo tanto estamos sen dúbidas ante un caso de *broad view of party objectives*.

- Actitudes cara as estratexias e o cambio social

Antes de comezar caso por caso, é preciso sinalar que con claridade ningún dos entrevistados se situou nunha posición radical, a favor dun cambio fundamental para o cal hai que oporse a tecer alianzas e pactar con outras forzas políticas.

Comezando por Luís Alegre, este manifesta unha posición oportunista, xa que establece que a política de alianzas e pactos debería de seguir unha lóxica de cambio social, máis colectivo, que subordine os intereses partidistas e persoais. É dicir, establece un criterio ao partir do cal decidir se pactar ou non: segundo beneficie ou non ao cambio social.

---

37 “eu a nivel persoal creo nun proxecto transversal, de maiorías e con, con... cun carácter máis populista, que é capaz... que teña capacidade de interpelar a unha gran maioría social, que non se trate centrada nas cuestións, nunhas identidades concretas ou nun segmento da poboación concreto.[...]Eu creo que é un pouco a... a política que eu defendo, a forma de facer política partidista é unha política que sexa capaz de interpelar ao 90% da poboación.”

38 “a reconfiguración do modelo esixe pensar unha alternativa de país, e de Estado, global que xire cando menos en torno a tres eixos[:] No morado, vermello e verde. Un eixo programático[é] o feminista, de políticas de igualdade; un eixo vermello que ten aberto... o traballo e o cambio do modelo económico, máis xusto, máis redistributivo e que garanta traballo de calidade e loita contra a precariedade; e verde [da] necesaria revolución ecolóxica, unha transición enerxética que poña o foco na sustentabilidade (sic) do planeta”

Marcos Cal tamén manifesta unha posición oportunista, pois tamén establece un criterio (que ademais é semellante): segundo redunde ou non no beneficio da cidadanía e “en base a un programa [...] un obxectivoos que melloran a vida da xente”. Con todo ten certa tendencia cara o tipo ideal de moderado, xa que ten unha especial preferencia por pactar, chegando a afirmar que “creo que temos que antepoñer os intereses da cidadanía a que bueno (sic), que nun momento dado podes saír un pouco prexudicado dunha política de pactos”. É dicir, manifesta tal preferencia por conseguir o beneficio para a cidadanía que é capaz de ignorar completamente a supervivencia do partido.

Por último, Luca Chao tamén manifesta unha posición oportunista ao establecer que “eu non o definiría tanto como unha lóxica global, si non ver caso por caso e sempre con esas liñas vermellas, que sexan sempre gobernos de progreso”. É dicir, establece un criterio a partir do cal dirimir caso por caso de pactar ou non: que sexan gobernos de progreso. Con todo, tamén manifesta certa tendencia cara o tipo ideal moderado ao recoñecer “a verdade é que a nosa entrada nas institucións nos obriga a certo pragmatismo”, polo que hai que ir poñendo “os mimbres (sic) para cambiar ao sistema”.

- Compromiso de participación e visión sobre a forma organizativa do partido

A partires das súas declaracións, podemos afirmar que tódolos entrevistados aproxímanse a un perfil participativo máis que instrumental en canto ao compromiso de participación e visión sobre a forma organizativa do partido.

Deste xeito, Alegre expresou que a súa opción desexable é a de unha organización aberta (unha opción que afirma que Podemos xa non ten dispoñible, como froito da xestión organizativa levada a cabo) e Cal e Chao manifestaron o seu apoio ao modelo de partido-movemento, tipo ideal cara o cal pensan que debería de encamiñarse Podemos (“eu... creo firmemente no partido-

movemento”, “un partido que aspira ser un partido-movemento, o máis aberto posible á sociedade”).

- Recapitulación

Antes de continuar, faremos unha breve recapitulación da análise de perfil de activista realizada até o momento, que queda resumida na seguinte táboa:

<b>Táboa 2.</b> Perfil de activista das persoas entrevistadas				
		Luís Alegre	Marcos Cal	Luca Chao
Bens	1º	colectivo	colectivo	colectivo
	2º	selectivo	selectivo	selectivo
	3º	privado	privado	privado
Visión dos obxectivos		Ampla	Ampla	Ampla
Actitudes cara a estratexia e o cambio social		Oportunista	Oportunista (moderado)	Oportunista (moderado)
Compromiso de participación e visión sobre a forma organizativa do partido		Participativo	Participativo	Participativo
Experiencia política previa		Participación en partidos (IA) e movementos sociais (estudiantil)	Participación en partidos (BNG) e sobre todo en movementos (15M, Marchas Dignidad, APDR). Mobilízate Pontevedra	Ningunha
Postos ocupados		Dirección local e autonómica. Parlamentario autonómico	Dirección autonómica e estatal.	Dirección autonómica. Parlamentario autonómico

Observando o cruce entre as xerarquías de bens e as actitudes estratéxicas, encontrámonos en que non coincide de todo o achado e establecido por Kitschelt (1989). Este autor establecera que corresponde ao esquema xerárquico dos entrevistados (1º)bens colectivos, 2º)bens selectivos e 3º)bens privados) unha actitude estratéxica moderada, a cal está próxima Cal e Chao. Deste xeito,

esta diferenca fai que quedemos con dúbidas entre afirmar que son perfís pragmáticos (atendendo á súa xerarquía dos bens) ou lobbilista (atendendo á súa actitude estratéxica).

Non obstante, coincide as xerarquías de bens coas visións dos obxectivos, ao ser estas amplas e ao ocupar o primeiro posto xerárquico en todos os casos os bens colectivos, polo que cobra sentido respecto á literatura.

A maiores, ao caracterizarse todos como participativos, encontrámonos con outro inconveniente tendo en conta á literatura para denominalos como pragmáticos, xa que o que correspondería segundo a literatura a este perfil sería unha aposta pola profesionalización. Ademais, se temos en conta que a literatura vincula as posicións participativas coa aposta pola lóxica *constituency representation*, podería ser un punto a favor de caracterizalos como ideólogos (ou lobbilista, dado que este último móvese entre esta lóxica e a de competición electoral).

### **5.1.2. Historia de Podemos**

#### *4) Fundación do partido (xaneiro-novembro 2014)*

Antes de comezar, sinalar que unha das persoas entrevistadas (Chao) non tivo unha experiencia directa dos feitos anteriores a finais de 2015 a continuación relatados, xa que foi daquela cando entrou en Podemos. De tódolos xeitos, deu a súa opinión sobre esta etapa.

- Presentación da iniciativa (xaneiro de 2014), inscrición no Rexistro de Partidos e traballo realizado de cara as eleccións europeas de maio de 2014

A continuación darase conta do expresado polos entrevistados respecto aos meses iniciais de Podemos, dende a súa presentación até o traballo realizado de cara as eleccións europeas de 2014. Sinalar que do momento do rexistro de Podemos como partido non chegou a nomearse polos entrevistados, polo que da conta da pouca importancia que lle conceden a este feito.

Cal sinala que nestes momentos (a partires do que aconteceu no seu círculo, e que extrapola ao resto da organización) Podemos non foi capaz de interpelar a moita xente, incluída a aquela que viña de participar no 15M. Aínda que sinala que isto mudaría para ben con posterioridade ás eleccións europeas. En consecuencia, durante estes meses afirma que Podemos contou cun humilde número de membros.

Alegre sinala varias cousas. Primeiro, que os antecedentes a esta presentación hai que buscalos ás experiencias comúns que tiveron o grupo da Complutense (en concreto, no seu traballo en Latinoamérica), algo do cal a literatura da conta sobrada (Torreblanca, 2015). Segundo, que o grupo que saca e impulsa este proxecto é o grupo de profesores da Complutense, do cal tamén da conta sobrada a literatura (*ibid.*). Terceiro, que o que se lanza nese primeiro momento é un “comité de campaña”, é dicir, que Podemos nun primeiro momento ten unha clara construción de cara a competición electoral. Por último, que neses meses hai unha expansión cuantitativa e territorial dos círculos maior do esperada.

O tema que está a debate neste punto é a situación cuantitativa e territorial de Podemos nestes primeiros meses, pero podemos sinalar que non son de todo contrapostas as declaracións de Cal e Alegre neste punto: que houbera nestes meses máis círculos do que agardase a dirección estatal non contradí que Podemos só fose capaz de organizar a un humilde número de persoas; o que acontece é que a dirección estatal tiña previsións peores de cal sería a resposta.

En definitiva, nos seus meses iniciais Podemos é un proxecto lanzado e dirixido especialmente polo grupo da Complutense, construído principalmente para competir electoralmente, cun humilde número de integrantes (pero que sorprende dados os poucos meses de vida do proxecto) e o momento do seu rexistro como partido non cobra especial importancia.

- Desenvolvemento despois das eleccións europeas de maio de 2014

A opinión das tres persoas entrevistadas é unánime con este momento. O resultado obtido por Podemos nestas eleccións foi un éxito sorprendente, que permitiu un forte crecemento da organización e mudou a política española

Todos coinciden en sinalar o resultado electoral obtido por Podemos nestes comicios europeos como moi bos xa que son unha “sorpresa” (Alegre), un “impacto” (Cal) ou un “éxito” (Chao). É dicir, que a rendibilidade do esforzo invertido en presentar a Podemos a estas eleccións foi moi alta, dados os efectos que provocou.

Sobre estes efectos, Alegre e Cal recalcan como este resultado electoral mudou en positivo á organización, ilusionando ás súas integrantes (Alegre) e producindo un “efecto chamada”, un forte crecemento da organización (como di Cal: “Pasamos de oito antes das europeas, a duascenas inmediatamente despois e despois vai descendendo até un grupo estable de unhas corenta persoas”). Ademais, Chao fai fincapé como isto mudou “para sempre a política do Estado Español”.

En definitiva, de forma unánime as persoas entrevistadas corroboraron a importancia transcendental deste momento para Podemos, xa que supón un momento clave na súa historia. O carácter deste momento é claramente positivo, xa que o bo resultado electoral obtido provocou un forte crecemento da organización, pasando de ser unha humilde organización a xerar unha forte resposta na sociedade.

- Preparación, desenvolvemento e resultado de Vistalegre I

Antes de nada, sinalar que se incluíu un punto que nun principio se localizou no bloque 7)Desenvolvemento de Podemos (resultado de Vistalegre I) para facilitar a análise, pois as entrevistadas trataron como unha unidade estes dous puntos.

Comezando por Alegre, este sinala que neste primeiro congreso era preciso “cabalgar una contradición” que consistiría en combinar a “construcción de una estructura participativa y con articulación territorial de partido” con manter o “comité de campaña, básicamente una dirección



muy unificada, muy operativa”. É dicir, debíase conciliar a construción do partido co mantemento dunha estrutura centralizada e centrada na competición electoral pois “ seguimos en un ciclo electoral frenético”.

Cal pola súa parte, resalta o malestar na militancia. Este deberíase á mencionada decisión organizativa tomada, que el amplía a como se levou o congreso, pois a centralización mencionada non a limita ao modelo organizativo escollido (que tamén), senón a como se “constrúe a dirección”: as persoas que participan no proceso congresual encóntranse en que ao final o seu traballo decae ao imporse a proposta dos referentes da organización, polo que queda claro que en Podemos resalta a súa dependencia dos líderes (aloxándose do que foi o 15M). Este preponderancia duns líderes sobre o resto da organización (tanto de forma formal como informal, logo da escolla do modelo organizativo) especialmente incomoda ás persoas procedentes do 15M. Con todo Cal sinala que esta decisión organizativa foi a mellor dada a “aposta clara por asaltar as institucións” pois “non se podía conseguir facendo doutra maneira ”

Chao tamén da conta de como se decidiu apostar pola construción do partido de cara a competición electoral (“maquinaria de guerra electora”) para afrontar o “gran reto electoral que tiña o partido enfrente (sic)”. Sinala que esta foi a “mellor decisión posible” xa que “o reto electoral era inminente e moi importante” pois “podíamos transformalo todo”, era unha “oportunidade única”. Con todo, sinala o negativo desta decisión organizativa: as eivas que produce de cara a construción da organización a medio e longo prazo (dado a que era un modelo “excesivamente centralizado”).

En definitiva, os entrevistados coinciden na importancia e adecuación da escolla do modelo organizativo, esa “máquina de guerra electoral”, un partido especialmente centralizado e centrado na competición electoral que se pretendeu combinar coa construción do partido e os procesos participativos. Tamén coinciden en que esta foi a decisión acertada no seu momento, dado que a organización tiña que centrarse en afrontar o ciclo electoral que ía comenazar. Pero este modelo

tamén implica problemas para a organización na súa construción como partido (chegando Alegre a afirmar que a idea era que en Vistalegre II se cambiase de modelo para centrarse nesta tarefa).

### *7)Desenvolvemento de Podemos*

- Decisión de non usar a marca Podemos nas eleccións municipais de Maio de 2015

Alegre manifestou que esta decisión se tomara porque se analizara que non había capacidade para presentarse como Podemos a estes comicios municipais, dada a falta de estrutura territorial da organización, aínda que si que había a suficiente capacidade para afrontar os comicios autonómicos dese mesmo mes. Pola súa parte, a decisión foi un “acerto relativo” dado que se ben os resultados non foron moi bos en cidades pequenas e medianas, si que o foron en grandes, polo que chamou máis a atención.

Cal resalta a importancia desta decisión xa que “marca totalmente o rumbo da organización”. Para Cal o tema de como presentarse a estes comicios xa viña provocando roces e divisións en Podemos (polo menos en Galicia) dado o enfrontamento entre as persoas que apostaban por “crear espazos máis amplos” e os que non, dado a súa desconfianza por calquera partido con actividade anterior a Podemos. Sobre a decisión en si de non presentarse, el a considera como adecuada (xa que non había capacidade de controlar todas as candidaturas que saísen) e xenerosa (dado que valora que a maior parte dos votos obtidos polas candidaturas municipalistas eran na súa “inmensa maioría [...] voto de Podemos”). Con todo, retrospectivamente, Cal afirma que agora tomaría a decisión contraria, apostaría por intentar presentarse como Podemos (e onde haxa capacidade con candidaturas municipalistas) polo beneficioso para a organización que suporía ter unha actividade municipal concreta (tanto para organizar aos círculos locais como de cara a próximos comicios municipais).

Chao valora esta decisión como un “un acerto político e un erro estratéxico”. Deixando claro que aínda así a valora como positiva, sinala que se ben os resultados electorais corroboran que foi

un éxito (ademais de que foi unha aposta en concordancia co politicamente expresado por Podemos), foi un erro estratéxico xa que isto obstaculizou a construción territorial do partido, e ao carecer desta estrutura, se lle complicaba o escenario de cara aos próximos comicios municipais. Ao igual que Cal, sinala que esta foi unha decisión xenerosa de Podemos, xa que “sumamos desinteresadamente” e “non teríamos as alcaldías que tivemos de non estar ese momento político propiciado por Podemos”.

En definitiva, en común manifestaron que esta decisión foi acertada no seu momento, de acordo ás capacidades de Podemos (carente de estrutura territorial para presentarse a estes comicios) e os bos resultados obtidos polas principais candidaturas municipalistas. Con todo, saen a relucir os problemas que supuxo esta decisión para Podemos, ao provocar divisións e obstaculizar a súa futura construción territorial a nivel local, habendo certa tendencia expresada de cara a revisión desta decisión (Cal, Chao).

- Decisión de presentarse coas confluencias territoriais (catalana, galega e valenciana) nas eleccións xerais de 2015

Alegre traslada dúas consideracións sobre esta decisión. En primeiro lugar, sinala que esta decisión preséntase como unha solución a contradición de que Podemos está comprometido coa plurinacionalidade pero “somo un grupo de profesores de la Complutense los que tiramos de esto, desde Madrid”, é dicir, que é un proxecto nacido esencialmente de Madrid. En segundo lugar, sinala como os conflitos que se deron ou se dan nestas confluencias se deben a que se antepuxeron os intereses dos partidos á “lógica general del cambio”, é dicir, que en canto cada partido pretendeu defender os seus intereses particulares, se ignorou os intereses de cambio que tiñan en común os diferentes membros das confluencias, provocando os mencionados conflitos.

Cal, na súa liña a favor de construír “espazos amplos” manifestou estar a favor destes procesos de confluencia, aínda que os problemas internos dados no seo do partido instrumental de

En Marea o levou ao final a deixar esa “proposta [...] fracasada”. A maiores sinalou que a existencia previa de AGE (Alternativa Galega de Esquerdas) condicionaba en Galicia a decisión de Podemos, xa que nese momento xa existía “unha proposta política que nace ao calor do 15M” que non se pode “obviar” pois tiñan que “mirar a fórmula de integrar todo iso e darlle unha continuidade”.

Chao destaca o acertado desta decisión, ao ser un “éxito en todas as partes” e que “nunca unha forza á esquerda do PSOE tivera o resultado que tivemos nós”. Con todo, do mesmo xeito que ocorrera cos comicios municipais, esta decisión supuxo un obstáculo á contrución territorial de Podemos, dada a “situación de certa debilidade comparativamente” pois que haxa “unha organización nova, e dúas organizacións máis ou menos asentadas no territorio [...] efectivamente dificulta un pouco máis construír territorialmente”.

En conclusión, as consecuencias desta decisión son mixtas. Por un lado, a valoración positiva desta decisión é clara en canto aos resultados electorais que obtiveron as confluencias, pero tamén a partires desta decisión producíronse problemas cos outros membros das confluencias (caso de Galicia) e obstaculizou a construción territorial de Podemos.

- Decisión de presentarse coligados con Izquierda Unida para as eleccións xerais de 2016

Alegre trasladou sobre este momento as seguintes consideracións. Analiza que neste momento se cometeron dous erros: non investir a Pedro Sánchez e coligarse con IU. Estes dous erros están vinculados porque, segundo el, a idea era provocar unha repetición de eleccións onde PSOE e Ciudadanos pagasen por ter boicoteado un posible pacto con Podemos (ao ter bloqueado a posibilidade de que entrase no acordo Podemos) e coligarse con IU para pretender sumar votos, obxectivo que non se alcanzou debido á desmovilización de votantes, que xa acontecera en Podemos nos meses anteriores (como sinalara Bescansa).

Cal pola súa banda, sinala a importancia transcendental de pactar con IU porque “claramente no momento en que hai un acordo con Esquerda Unida o proxecto muda”. En concreto, o que

aconteceu foi que Podemos perdeu “transversalidade [...] esa capacidade de representar a esas grandes maiorías, e de ser hexemónicos” e localizouse “nunha parte do taboleiro moi concreta” pois “collemos elementos identitarios, e a partir dese momento deixamos de ser os de abaixo contra os de arriba para ser esquerda e dereita”. E considera isto un erro porque “Podemos nace dicindo que non imos entrar no xogo de esquerda-dereita [porque] son termos que no debate político están totalmente [...] adulterados”.

Con todo o negativo que tivo este pacto (ao acabar coa intencionalidade transversal de Podemos e situala na esquerda), Cal sinala que a decisión en si non sabe se “é un error ou é un acerto” pois a caída de votos quizais non foi tanto polo pacto como pola desilusión de ter “permitido que o Partido Popular seguisse gobernando” (ao non permitir a investidura de Sánchez) e o voto de IU (que é máis fiel ca o de Podemos) quizais serviu de “tapón”, sumando votos e permitindo que nos se perdesen máis escanos.

Chao valora a decisión de facer este pacto como un acerto no seu momento, contando con que en Galicia “non variou nada, porque xa fomos ás eleccións con En Marea, entón xa fomos Anova, Esquerda Unida e nós”. Non obstante, analizando os resultados obtidos coincide en que non foi un “éxito total” aínda que tampouco un “fracaso”. Polo considera que quizais de ir por separado era o mellor porque entón “Podemos podería ser quen de apelar un electorado novo que.. que non lle atraía, seducía, a alianza con Izquierda Unida e Izquierda Unida tería máis capacidade de recoller os seus votantes clásicos”.

En conclusión, os entrevistados manifestaron que se ben nun primeiro momento podía ter sido un acerto, as consecuencias desta decisión foron negativas, non alcanzándose a desexada suma de votos (e quizais desmobilizándose o voto polo mencionado pacto) e chegando a mudar politicamente a Podemos (quizais tendo contribuído á súa perda de transversalidade).

A maiores, deberíamos de sinalar a importancia que sinalaron da decisión de non apoiar a moción de investidura de Pedro Sánchez de 2016 (acontecida meses antes ao pacto de IU, decisións

vinculadas entre) e a especificidade de certas confluencias como a de Galicia, nas cales ao xa terse presentado de forma unitaria Podemos e os brazos territoriais correspondentes de IU, non se percibiu ningún cambio por este pacto.

- Resultado de Vistalegre II (vitoria de pablistas sobre errejonistas)

Como xa dixera anteriormente, Alegre sinala que este congreso xa se concibira en Vistalegre I como un congreso que, finalizado o ciclo electoral ao que Podemos tiña que enfrontarse, serviría para organizar “un partido que no se limite a ser un comité de campañas”, é dicir, “organizar el partido con la forma estable que nos gustaría que tuviera”.

Algo que ao final non aconteceu (segundo el) xa que o congreso se limitou a un conflito entre familias, gañando a familia pola que apostaba Pablo “que venia cohesionada de la Juventud Comunista” (Juanma del Olmo, Rafa Mayoral) e ocupando esta “todas las posiciones de poder”.

Para Alegre este foi un erro xa que supuxo o abandono da transversalidade política e a posta por ocupar o espazo político de IU (é dicir, o dunha forza política á esquerda do PSOE, fortemente identitaria e con pouca capacidade de atraer votos).

Ademais, corrobora que este resultado congresual foi a culminación do cambio na coalición dominante, da dirección de Podemos: pasouse da dirección do grupo da Complutense (coa oposición de Anticapitalistas) á dirección dos pablistas, colaborando con Anticapitalistas e coa oposición do errejonismo. Nota aparte nestas relacións de grupos internos son casos particulares de membros da dirección como Echenique que non está adscrito a ningún deles e que “culebrea hacia donde ve que esta el poder”.

Cal tamén sinala esa culminación no cambio da dirección de Podemos, ao pasar Pablo Iglesias de rodearse de xente errejonista (como Pascual, Ardanuy ou o propio Errejón) ao substituíla por “xente que ven da cultura das Xuventudes Comunistas, de Esquerda Unida, como pode ser Rafa Mayoral, como pode ser Irene Montero, Juanma del Olmo”.

Cobra importancia neste proceso de cambio o suceso do “Jaque Pastor”, consistente na exposición pública dunhas mensaxes dun grupo de Telegram contra Pablo Iglesias, que provocou a destitución de Pascual e o inicio do mencionado cambio na dirección.

Tamén sinala que este cambio na dirección fai mudar ao partido, aloxándoo da transversalidade política (das “teses errejonistas”) e incorporando as teses do mencionado grupo pablista, máis de esquerdas.

Chao valora este congreso como un desastre, dado o enfrontamento exacerbado de familias, no cal se destacou o maioritarismo e sectarismo (arrase da postura maioritario coas outras) e o personalismo (xa que as familias vertebráronse a partires de “líderes moi carismáticos” centradas en “impor un líder sobre outro”). Na súa opinión, teríase que ter evitado “unha confrontación tan directa, que houbera un claro vencedor por encima dos perdedores”.

En definitiva, en común todos os entrevistados sinalaron que o característico deste congreso foi a forte confrontación entre familias (en concreto, entre pablistas e errejonistas), valorando negativamente dito choque, e a aplicación do maioritarismo á hora de tomar as decisións congresuais (“o gañador lévase todo”).

A maiores, tanto Alegre como Cal sinalaron do mesmo xeito unha mesma consecuencia negativa do resultado deste congreso: supuxo a fin da aposta de Podemos pola transversalidade política, ao desprazarse da dirección a personalidades errejonistas e substituílos por membros dunha familia caracterizada polas súas teses de esquerda identitaria (Montero, del Olmo, Mayoral, que viñan da cultura das Juventudes Comunistas e de IU), tendencia que xa comezara con anterioridade co momento “Jaque Pastor” a comezos de 2016.

- Consulta chale, Gobierno Sánchez

Para Alegre neste momento prodúcese unha transferencia de votos de Podemos cara o PSOE debido a erros cometidos por Podemos e á fortuna de Pedro Sánchez. Antes disto, sinala que agora

(retrospectivamente) semella que a mellor opción cando fora a primeira moción investidura de Pedro Sánchez tería sido a de apoiala porque para acabar con un goberno del PSOE, polo menos nese caso Podemos quedaría como “la única oposición de izquierdas de un gobierno del que forma parte Ciudadanos”, o cal sería un “regalo”.

A mencionada transferencia de votos débese (para Alegre) a que Podemos comete erros que lle fan perder “frescura”, e a que a organización se adica a “pedirle el alma a los inscritos” (caso da consulta polo chale). Erros que coinciden coa recuperación da secretaría xeral e a “cierta gesta heroica” de Pedro Sánchez, que “da toda una sensación como de entusiasmo, como de frescura, que tiene mucho que ver con la imagen de frescura y nobleza con ese elemento épico con el que arrancamos nosotros”.

Cal tamén sinala esa mesma transferencia de votos e a explica a partires dunha serie de combinación de variables: o abandono de Podemos da transversalidade (ocupando un espazo máis á esquerda), a ilusión existente de cara a Pedro Sánchez (e por un PSOE que abortou o seu proceso de “pasokización”) e por decisións decepcionantes de Podemos (caso da consulta do chalé, que estaba “fora de lugar” e que era “forma de trasladar a responsabilidade ao conxunto da organización que non ten porque asumir”). Dada esta combinación, o que se produce é que o PSOE recupérase e ocupa a posición hexemónica no espazo anteriormente ocupado por Podemos.

Chao tamén comparte que a situación a partires deste momento é negativa para Podemos, habendo un transvase de apoio dende Podemos cara o PSOE, pero ten unha explicación parcialmente alternativa.

Para ela é unha combinación entre erros de comunicación de Podemos (que non dá feito público os seus esforzos por sacar adiante a este goberno e polas medidas alcanzadas), a “podemización” do PSOE (un exercicio de marketing apoiado polos medios do “réxime”, complementado pola acaparamento de “items programáticos” e “temas da axenda política” que máis



estaba traballando Podemos) e a mellora da situación económica (que afasta ao electorado do discurso de Podemos).

Ao ser preguntada pola suposto perda de transversalidade, ela afirma que si que a houbo pero que “o Partido Socialista ten a habilidade de ir collendo [...] todo os nosos... items programáticos ou... aqueles temas da axenda política que estábamos traballando máis”, é dicir, non foi unicamente debido a decisión da organización, senón que tamén por cambios externos a Podemos. Con todo, a entrevistada reafirmou que non se debe renunciar a esa transversalidade, porque “solo dende a transversalidade imos ser quen de ser hexemónicas, que é para o que viñemos”.

En canto á consulta, a súa valoración é distinta: é un erro, pero por aceptar o marco imposto polos medios, non polo tema en si, que é unha cuestión privada. É dicir, non comparte o xuízo negativo de Alegre e Cal cara Pablo Iglesias pola compra do chale.

En definitiva, encontrámonos con que todos os entrevistados afirman que Podemos está a vivir unha situación desfavorable, co seu afastamento da transversalidade política e a perda de apoio e votantes cara o PSOE, que grazas á recuperación da secretaría xeral de Pedro Sánchez é capaz de recuperarse, a maiores de outras variables non tan compartidas entre eles tres como pode ser a mala comunicación de Podemos.

Sobre a consulta, o xuízo común compartido é que foi unha decisión desacertada, que non se debería ter tomado. Pero mentres que Alegre e Cal concordan en censurar a compra do chale, Chao afirma que iso é unha decisión privada. Daquela, mentres que os dous primeiros analizan este feito como unha decisión que fai dano á organización para reafirmar á dirección de Pablo Iglesias, Chao non entra nestas valoracións e afirma que o negativo é aceptar o marco imposto polos medios.

- Crise de Madrid: saída de errejonistas cara Máis Madrid

Alegre vincula claramente a o lanzamento do proxecto Más Madrid coa falida sedución dese electorado que perde Podemos en beneficio do PSOE (situado na esquerda moderada), ao representar “exactamente el espíritu con el que surge Podemos”, é dicir, “un espacio político que no es idéntico al de Izquierda Unida” xa que foi un erro a “apuesta por el abandono de la transversalidad y por ocupar exactamente el espectro político que tenía Izquierda Unida”. É dicir, Más Madrid representa o espírito orixinario de Podemos: a aposta pola transversalidade política. Sobre os seus posibles resultados electorais, o entrevistado móstrase confiado en que será un éxito, sobre todo en comparación a Podemos.

Cal afirma que sobre esta crise houbo un choque de trens, tanto no conflito entre Podemos e Carmena, como de Errejón con Podemos. É dicir, que na súa opinión, ámbalas dúas partes tiñan que ter intentado alcanzar un consenso que permitise unha candidatura de unidade, para o que se precisaba que todas as partes foran xenerosas e considerasen o valor das outras partes. A maiores sinala que Errejón coa súa manobra conseguiu lanzar “o proxecto no que cre” e que non podía facer dentro de Podemos, porque non lle deixaba “a dirección autonómica de Madrid” e considera que as súas teses demostráronse acertadas “neste proceso electoral” pois “os resultados de Madrid comparativamente co resultado doutros sitios, ves como é capaz de taponar a hemorraxia”. Daquela é preciso un exercicio de reflexión en Podemos xa que “se seguimos coa fórmula actual, o proxecto non vai a interpelar e se vai a caer”.

Pola contra, o xuízo de Chao deste proxecto é claramente negativo. Se ben pode entender “as motivacións”, entre elas, o tema da transversalidade, analiza que Más Madrid é un proxecto personalista e a manobra de Errejón foi deshonesto e de falta de respecto democrático (xa que anteriormente tiña concurrido aos procesos internos que tomaron as decisións de cara estas eleccións autonómicas, entre elas as primarias que el gañou). Ademais sinala que as “alcaldías do cambio só foron posibles porque estaba Podemos” polo que considera inadecuado que estas pensen que “a marca de Podemos resta (que é o que está no fondo desta manobra)” e que os resultados non

poden avalar que este proxecto fose un acerto porque “amén resistiu bastante ben en Barcelona cando... Pablo Iglesias e Podemos estivo completamente pegado á campaña de Ada Colau”.

En definitiva, hai disparidade de valoracións por parte dos entrevistados respecto a Más Madrid. Con todo, os tres coinciden en que a motivación deste proxecto é a procura dunha opción política máis transversal politicamente.

### **5.1.3. Estrutura, funcionamento e grupos internos**

#### *5)Estrutura de Podemos e o seu funcionamento*

- *En canto ós círculos e a “Asamblea Ciudadana”*
- Nivel e distribución da participación

Alegre afirma que nun principio a participación nos órganos de base era moi alta, pero progresivamente foi en declive.

Cal sinala que hai niveis de participación distinto segundo os temas tratados nos órganos de base. Por unha banda, nos procesos internos danse os niveis máis baixos de participación (explicados en que se desmarcan destes os inscritos, por non estar na vida diaria da organización) mentres que nas consultas para decisións estratéxicas e programáticas é onde se dan os maiores niveis (xa que aquí si que se senten interpeladas as inscritas).

Chao afirma que os círculos “son órganos moi activos, onde se participa moito”, pero que que teñen que o problema de que “cando se perde o foco concreto, os círculos quédanse [...] un pouco desorientados”, dado que “a xente non ten un motivo directo para participar”. É dicir, ao carecer de obxectivos concretos, os círculos perden esa actividade, eses niveis de participación.

En definitiva, os tres coinciden en que actualmente a situación da participación interna é negativa, cunha tendencia á baixos niveis de participación que só se mellora coas consultas para decisións estratéxicas e programáticas.

- Temas a debate neses espazos

Cal enumerou (como xa se sinalou anteriormente) dous tipos de temas a debate neste espazo: procesos internos (por exemplo, as primarias) e decisións estratéxicas e programáticas (por exemplo, a coñecida consulta do chale).

Ademais, tanto Cal como Chao fan fincapé en que a ausencia de actividade municipal de Podemos é un problema que é preciso resolver para dar obxectivos concretos aos círculos para mellorar a súa participación (dándolle un sentido a esta) e evitar o enfrascamento en temas que xeran tensión.

- Relación entre estes órganos de base e de dirección (debate sobre horizontalidade ou verticalidade) e os representantes electos

Antes de continuar, sinalar que se combinaron estes dous puntos (“Relación entre estes órganos de base e de dirección (debate sobre horizontalidade ou verticalidade)” e “Relación entre estes órganos de base e os representantes electos”) dado a que os entrevistados o trataron á vez, sobre todo dado a pouca importancia que deron a esta última relación.

Cal sinala que houbo unha escasa continuidade das direccións estatais e galega que impediron estabilizar un modelo estable de relación entre órganos. Con todo sinala que é preciso que haxa contacto entre os órganos de base e a dirección, de cara a evitar unha excesiva verticalización, pero co compromiso por parte da base de que “non todo o tempo se pode participar en todo” (apostando por un equilibrio entre a verticalidade e a horizontalidade).

Quitando estas valoracións sobre como deberían de ser as relacións, o certo é que describe elementos que caracterizarían unha relación desigual entre base e dirección, favorecendo a esta última. Primeiro, sinala que nos espazos débátese “pero decídese pouco”, xa que está claro que “durante todos estes anos houbo unha dirección que claramente foi marcando o rumbo”. Segundo, que esta organización é “tremendamente dependente do seu liderado, neste caso Pablo, pero podemos falar tamén de Pablo e Irene”. E terceiro, que as inscritis (que son as que determinan as consultas) están “moi condicionadas polas mensaxes que se lanzan dende o liderado”. Todo isto pode levarnos a describir esta situación como unha dirección que usa os procesos participativos internos de forma plebiscitaria para lexitimar a súa dirección, pero sen ser verdadeiro procesos nos que a base participa e decide, senón que como moito reafirma ou non á dirección.

A maiores, Chao sinala que nestas relacións os círculos realizan un “traballo cara arriba” poñendo o exemplo da contribución dos círculos á elaboración do programa electoral das eleccións xerais de 2015.

- *En canto ós “Consejos Ciudadanos” autonómicos e estatal , a “Secretaría General” e o seu “Consejo de Coordinación” e o Congreso*
- Que dean conta sobre a) a cohesión, b) a centralización da autoridade e c) os procesos de construción de consenso neses órganos

Todos os entrevistados coinciden en describir os órganos directivos de Podemos como cohesionados e cunha tendencia á centralización da autoridade.

Ademais, os tres concordan en que o proceso de construción de consenso é o maioritario, é dicir, que os acordos tómanse a partires de que gaña as votacións, permitindo pouca integración das opcións perdedoras. Só queda ao voluntarismo das integrantes dos órganos directivos (tal e como sinala Chao) a opción de chegar a acordos, algo que os entrevistados manifestan que varía segundo o órgano (en Galicia, Cal e Chao afirman que ultimamente están facendo un esforzo conciliador no

Consello Cidadán, pero non é algo xeral, tal e como describe Alegre pola súa banda a expulsión de membros que non sexan membros da familia pablista). Ante isto, tanto Cal como Chao manifestaron que se debería de intentar adaptar modelos que integren mellor as opcións minoritarias, algo que de momento non é a norma.

#### *6) Grupos internos/faccións*

- Replicación das nosas propostas de divisións (Complutense-IA-15M; Claro que Podemos-Sumando Podemos; pablistas-errejonistas-anticapitalistas)

En xeral todos os entrevistados usaron as propostas de divisións propostas. Non obstante, coa primeira proposta (Complutense-IA-15M), é preciso sinalar que só Cal sinalou a presenza substancial de certa corrente interna integrada por antigos activistas do 15M<sup>39</sup>. Ademais, a segunda proposta non funcionou en sí: os entrevistados non se referían a “Claro que Podemos” e “Sumando Podemos”, senón que facían referencia aos grupos que apoiaban a estas propostas de Vistalegre I (grupo da Complutense e IA, respectivamente). A terceira proposta funcionou perfectamente, sendo usada por tódolos entrevistados.

A maiores, tamén se avalou a idea inicial que se tiña sobre a evolución da composición dos grupos internos de Podemos: conflito inicial entre o grupo da Complutense e Anticapitalistas para logo dividirse o primeiro grupo entre pablistas e errejonistas e pasar a ser a oposición principal entre estes dous grupos.

En definitiva, as propostas de divisións que semellan ser máis útiles son, até a ruptura entre Iglesias e Errejón, Complutense e Izquierda Anticapitalista e, despois, pablistas, errejonistas e anticapitalistas.

- Uso doutras propostas de divisións (complementarias ou substitutivas ás nosas)

---

39 “Entón iso xera tamén algo de malestar e aí tamén algo se perde, se perde unha xente que prefería un modelo menos dependente dos líderes, digamos, máis parecido ao que foi o 15M, e sobre todo a xente que viñamos sobre todo máis desa corrente, si que aí nos decepcionou un pouco o camiño”

Neste punto é de resaltar como os entrevistados con experiencia militante en Galicia (Cal e Chao) expuxeron a necesidade de considerar un eixo complementario, que faría división segundo a posición respecto aos procesos de confluencia (a favor ou en contra). Isto sería preciso porque a existencia destes procesos obriga aos integrantes de Podemos da rexión afectada a ben apostar por estes procesos ou non, chegando a superar a división entre as tres familias (pablistas-errejonistas-anticapitalistas)<sup>40</sup>.

Sobre en que outros territorios con confluencias usar este novo eixo complementario, Cal sinala que se debería de usar tamén en Cataluña, pero que en Valencia a situación é distinta porque alí a confluencia é unha coalición entre partidos, non unha “construción dun espazo en común”.

#### **5.1.4. Conclusións principais da análise das entrevistas**

A continuación imos destacar as achegas principais que a análise destas entrevistas nos aportou. Sobre o perfil de activista, como xa se dixo anteriormente, encontrámonos con continuidades e discontinuidades respecto ao traballo de Kitschelt (1989), pero como non é o obxectivo principal deste traballo pretender facer unha caracterización exhaustiva destes perfís, nin poñer en proba o modelo de Kitschelt, simplemente concluímos que é preciso profundar sobre a aplicabilidade do modelo de Kitschelt sobre perfís de activistas ao contexto español actual (e no caso de Podemos, en concreto).

En canto ao funcionamento, estrutura e grupos internos de Podemos, as achegas das entrevistas veñen a, por un lado, confirmar a información extraída a través da revisión bibliográfica sobre a estrutura e funcionamento de Podemos (unha organización que combina elementos centralizadores e plebiscitarios con descentralizadores e participativos, provocando tensións o choque entre estas dúas liñas opostas) e, por outro lado, a replicar as propostas de divisións de grupos internos que propuxeramos (descartando a división Claro que Podemos-Sumando Podemos

---

40 Como sinala Chao, "había xente errejonista moi “confluínte”, había xente pablista moi “confluínte” e pablista nada “confluínte””

e o grupo de activistas do 15M). Tamén é preciso sinalar como se replicou a análise de que os líderes de Podemos (en concreto, Pablo Iglesias pero tamén Irene Montero) ocupan un importante papel organizativo, que lles concede un importante poder sobre o desenvolvemento do partido<sup>41</sup>.

Agora ben, as principais achegas destas entrevistas refírense ao relato dos feitos que vertebraron a evolución de Podemos (é dicir, a súa historia). Dos relatos persoais anteriormente trasladados, podemos concluír o seguinte:

-Durante a fundación de Podemos (Xaneiro-Novembro de 2014) organizase primeiro unha humilde organización política (vertebrada principalmente a partires do núcleo dirixente en Madrid de profesores da Complutense) que se centra en afrontar os comicios europeos dese ano. Os bos resultados obtidos nestas eleccións produce un forte crecemento organizativo nos meses seguintes, pechándose esta etapa co congreso fundacional de Vistalegre I onde as decisións organizativas foron tomadas de cara a priorizar a competición electoral sobre a construción organizativa (o que introduciu unha forte tendencia centralizadora nunha organización que xa contaba con importantes elementos participativos ou descentralizadores).

-A partires do peche do congreso fundacional, Podemos comezou a súa penetración no sistema político español conseguindo representación nos seus distintos niveis (local, autonómico e estatal) pero cunha importante característica: a unión con outras forzas. Deste xeito, primeiro nas eleccións municipais de 2015 e logo nas eleccións xerais dese ano e de 2016, Podemos decidiu concorrer en candidaturas municipalistas, coas confluencias catalas, galegas e valencianas e pactar con Izquierda Unida na repetición electoral de 2016.

Máis aló da conveniencia destas decisións respecto aos principios políticos expresados por Podemos, o motivo en común destas apostas foi o de garantir o mellor resultado electoral posible, priorizandoo sobre a construción organizativa do partido. É dicir, priorizouse evitar ter no corto

---

41 Como sinalara Cal: “eu creo que temos unha organización que é [...] tremendamente dependente do seu liderado, neste caso Pablo, pero podemos falar tamén de Pablo e Irene”



prazo un resultado electoral decepcionante<sup>42</sup>, aínda que iso supuxera a emerxencia de líderes e proxectos alternativos a Podemos (o que danaba a construción organizativa de Podemos no medio e largo prazo).

O resultado electoral desta política de alianzas foi positivo no caso das candidaturas municipalistas e das confluencias, pero decepcionante no caso do pacto de IU (ao non superarse ao PSOE). Ademais, ao longo prazo estas alianzas produciron problemas organizativos a Podemos (dificultade para construír territorialmente a organización, perda de transversalidade política).

-A partires do peche do ciclo electoral de 2015-2016, Podemos entra nunha etapa na cal se centra no interno, destacando a reconfiguración da coalición dominante (expulsándose aos membros errejonistas e gañando importancia os membros que viñan da cultura da Juventud Comunista e de IU) consistente na confrontación entre pablistas e errejonistas que se da en Vistalegre II , pero que xa viña desenvolvéndose dende o debate interno sobre que decidir respecto á moción de investidura de Pedro Sánchez de 2016 e a crise producida polo caso “Jaque Pastor”. Este conflito prolongárase até a escisión de boa parte do sector errejonista cara Más Madrid (en Xaneiro de 2019). Ademais disto, destaca a decisión de someter a consulta dos inscritos a decisión de Iglesias e Montero de comprar un chale. Estes acontecementos internos valóranse como negativos, xa que danaron a capacidade de atracción e motivación da base electoral de Podemos.

Ademais, sinálase como mentres que a actividade de Podemos se centra en debates internos que levan a tomar decisións negativas para a capacidade electoral do partido (perdendo transversalidade electoral e localizándose o partido ben por iniciativa propia, ben por forzas externas, na esquerda política), sinálase como o PSOE pola contra é capaz de mellorar a súa capacidade de atracción a partires da recuperación da secretaría xeral de Pedro Sánchez e da chegada ao goberno do PSOE, o que produce un cambio (en sentido positivo) nas percepcións respecto a este líder e ao seu partido.

---

42 Dadas as escasezas organizativas dun partido recen creado (no caso das candidaturas municipalistas e as confluencias) e para acadar o ansiado *sorprasso* ao PSOE no caso do pacto con IU

Sobre o momento en cal Podemos comeza a perder o seu carácter politicamente transversal non hai acordo: Alegre localiza este momento no resultado de Vistalegre II, mentres que Cal o fai no momento en que se pacta con IU e Chao non sinala ningún momento en concreto.

## **5.2. Análise dos votantes de Podemos**


A continuación presentáranse e analizaranse unha serie de datos cuantitativos extraídos de estudos do CIS. A través desta análise pretendemos observar se se replica a análise anteriormente presentada de cambios e evolucións na base electoral de Podemos (é dicir, nas persoas que o votaron ou tiveron intención de votalo).

En primeiro lugar imos presentar e analizar unha serie de gráficos e táboas que describen a evolución dunha serie de variables entre as persoas que tiñan votado a Podemos. Nos casos onde non se puido usar a variable de recordo de voto, usouse a intención de voto a Podemos para filtrar os casos. Como se pode observar cun rápido vistazo, a selección e o tratamento destas variables pretende dar conta de como a base electoral de Podemos (antigos votantes e simpatizantes) evolucionou respecto a súa relación co PSOE, de cara a profundar sobre en que situación se encontra este electorado entre o partido ao que votan/co que simpatizan (Podemos) e o seu principal competidor no espazo da esquerda política.

Daquela, a través da análise da evolución das variables de probabilidade de voto ao PSOE, autoubicación ideolóxica, ubicación ideolóxica de Podemos e PSOE, valoración do líder do PSOE, de Pablo Iglesias e do PSOE e intención de voto pretendemos profundar en base a datos cuantitativos se se produciu esa aludida perda de transversalidade política de Podemos, tendo como consecuencia unha forte transferencia de votos cara ao PSOE.

Comezando pola probabilidade de votar ao PSOE (gráfico 1.) foi crescendo dende Xaneiro de 2015 (1,89) até alcanzar un pico nos meses despois das eleccións xerais de Decembro de 2015 (3,38). A partires desa data, retrocedeu a valores menores, primeiro descendo con forza até o 2,66 (Xullo de 2016), e logo levemente até o 2,43 (Outubro dese ano). No seguinte ano observamos un levisimo crecemento, primeiro até o 2,51 (Abril de 2017) e o 2,68 (Outubro de 2017). Non obstante, o crecemento tórnase forte a partires de Xullo de 2018 (3,33) até alcanzar o seu maior valor en Marzo de 2019 (4,1).

Gráfico 1. Probabilidade de votar ao PSOE de votantes/simpatizantes de Podemos(2015-2019)




Fonte: Elaboración propia a partires dos estudos 3050, 3104, 3126, 3145, 3156, 3173, 3191, 3219 e 3242 do CIS.

En definitiva, observamos como as probabilidades de votar ao PSOE entre a base electoral de Podemos viviron unha primeira tendencia á alza, alcanzando un 3,38 nos meses posteriores ás eleccións xerais de 2015, para despois tender á baixa e estabilizarse en valores arredor do 2,5 entre mediados de 2016 e finais de 2017 e logo, a partires de xullo de 2018 (un mes despois de que se producise a chegada ao goberno de Sánchez e a consulta do chalé) volver a unha tendencia á alza, esta vez alcanzando valores maiores, primeiro de 3,33 (nese mes) e logo de 4,1 (marzo de 2019). Polo tanto, aínda que as probabilidades foron sempre menores a un 5, é evidente hai unha tendencia progresiva (e con maiores valores nos últimos meses) de proximidade do electorado de Podemos cara o PSOE.

O gráfico 2. e a táboa 3. dan conta da evolución do electorado de Podemos en canto a en que posición do eixo ideolóxico localizaban tanto a Podemos como a PSOE (ubicación ideolóxica de Podemos e PSOE), como a si mesmos (autoubicación ideolóxica).

A grandes trazos, o que destaca da evolución destas variables é que en xeral o votante/simpatizante de Podemos situouse ideoloxicamente entre o PSOE (que o localizou no centro político, en valores de arredor do 5) e Podemos (que o localizou na esquerda política, en valores algo inferiores ao 3) mentres que el mesmo se autoubicaba na esquerda, pero cunha pequena diferenza de décimas respecto a Podemos (de tal xeito que se percibía a si mesmo como menos de esquerdas que o partido Podemos).

Gráfico 2. Autoubicación ideolóxica de votantes/simpatizantes de Podemos e ubicación ideolóxica de PSOE e Podemos (2014-2019)



Fonte: Elaboración propia a partires dos estudos 3028, 3050, 3104, 3126, 3145, 3156, 3173, 3191, 3219, 3226 e 3242 do CIS.

Non obstante, esta tendencia que foi a dominante no espazo temporal considerado conta con dúas excepcións. Primeiro, en Xaneiro de 2015 observamos como o simpatizante de Podemos<sup>43</sup> reforzou o seu distanciamento ideolóxico tanto de Podemos como de PSOE, xa que localizábase a si

<sup>43</sup> Neste caso, e ante ausencia de recordo de voto dunhas eleccións xerais nas que concorrera Podemos, preferiuse usar como filtro a intención de voto de cara as próximas eleccións xerais.

mesmo de media nun 3,51 mentres que situaba ao PSOE no 5,35 e a Podemos nun 2,81, polo que foi neste momento no cal máis distanciado ideolóxicamente se encontrou tanto do PSOE como de Podemos.

Segundo, a partires de Xullo de 2018 observamos un cambio no cal por un lado, o votante de Podemos deixa de autoubicarse cunhas décimas de diferenza respecto a onde localizaba a Podemos para pasar a ser esta diferenza case inexistente e, por outro, hai unha viraxe cara a esquerda na súa ubicación do PSOE, chegando en Marzo de 2019 a ser menor de 5 (4,74).

En definitiva, o que observamos é como o votante/simpatizante de Podemos pasou de ubicarse a certa distancia dun PSOE que ubicaba no centro e dun Podemos que era algo máis de esquerdas que si mesmo (véxase en Xaneiro de 2015), a un longo período onde a distancia entre a autoubicación ideolóxica e a ubicación ideolóxica de Podemos se reduciu pero se mantivo estable a unhas décimas (mentres que o PSOE seguía a ser ubicado no centro) para finalmente, nos últimos meses do espazo temporal considerado<sup>44</sup>, practicamente deixa de haber diferenza entre a autoubicación ideolóxica e a ubicación de Podemos (o que pode dar conta dunha menor heteroxeneidade ideolóxica no partido) e a ubicación do PSOE sufrir unha forte viraxe cara a esquerda.

---

44 A partires de Xullo de 2018, é dicir, do inicio do goberno de Sánchez.

**Táboa 3. Autoubicación ideolóxica de votantes/simpatizantes de Podemos e ubicación ideolóxica de PSOE e Podemos (2014-2019).**

	Autoubicación ideolóxica	Ubicación ideolóxica PSOE	Ubicación ideolóxica Podemos	Diferencia aut. id. - Ub. id. PSOE	Diferencia aut. id. -Ub. id. Podemos	Diferencia PSOE- Podemos
VI-2014	3,29	5,23	2,86	-1,94	0,43	2,37
I-2015	3,51	5,35	2,81	-1,84	0,7	2,54
VII-2015	3,14	5,07	2,54	-1,93	0,6	2,53
III-2016	3,09	5,24	2,64	-2,15	0,45	2,6
VII-2016	2,93	5,49	2,63	-2,56	0,3	2,86
X-2016	2,96	5,46	2,71	-2,5	0,25	2,75
IV-2017	3,1	5,58	2,71	-2,48	0,39	2,87
X-2017	3,18	5,41	2,65	-2,23	0,53	2,76
VII-2018	2,84	4,98	2,77	-2,14	0,07	2,21
X-2018	2,89	5,13	2,91	-2,24	-0,02	2,22
III-2019	2,86	4,74	2,6	-1,88	0,26	2,14


Fonte: Elaboración propia a partires dos estudos 3028, 3050, 3104, 3126, 3145, 3156, 3173, 3191, 3219, 3226 e 3242 do CIS.

No gráfico 3. e na táboa 4. veñen reflectidos as valoracións da base electoral de Podemos respecto ao líder do PSOE (nos casos considerados, Pedro Sánchez), ao líder de Podemos (Pablo Iglesias) e do PSOE.

Esta última valoración recolleuse a partires de preguntar aos entrevistados sobre como valoraban a actuación do PSOE ben na oposición, ben no goberno. Con esta variable encontrámonos co problema de que non está dispoñible en todo o espazo temporal considerado, polo que é difícil dar conta exhaustiva da súa evolución.

En primeiro lugar, observamos como a valoración de Pablo Iglesias vai progresivamente decaendo, pasando dun 7,55 en Marzo de 2016 até chegar a un 5,59 en Xullo de 2018, para logo aumentar brevemente (6,29 en Outubro de 2018) e volver a reducirse a un 5,32 en Marzo de 2019 (a nota máis baixa que recibise das consideradas).

Gráfico 3. Valoración do lider do PSOE, de Pablo Iglesias e do PSOE de votantes/simpatizantes de Podemos (2015-2019)



Fonte: elaboración propia a partires dos estudos 3050, 3104, 3126, 3145, 3156, 3173, 3191, 3219, 3226 e 3242 do CIS.

A valoración do líder do PSOE (que como xa se dixo anteriormente, refírese á de Pedro Sánchez, polo que existe unha discontinuidade observable no gráfico debido a súa temporal perda da secretaría xeral) mantívose entre arredor dun 3,5 e un 4 até outubro de 2017, tendo alcanzado o seu mínimo en Outubro de 2017, meses despois de que Pedro Sánchez recuperase a secretaría xeral. A partires de Xullo de 2018 as notas recibidas por Pedro Sánchez pasan a ser de case dun 5, alcanzando o seu máximo en Outubro de 2018 (4,77) e só reducíndose 0,11 no último estudo considerado (Marzo de 2019).

Pouco podemos extraer da valoración do PSOE, máis aló de que até Xullo de 2018 foi de arredor dun 4, para logo diminuír fortemente en Xullo de 2018 (2,8) e logo ir aumentando lentamente até alcanzar en Marzo de 2019 un 3,39.

**Táboa 4. Valoración do líder do PSOE, de Pablo Iglesias e do PSOE de votantes/simpatizantes de Podemos (2015-2019)**

	Valoración líder PSOE	Valoración PSOE	Valoración Pablo Iglesias
I-2015	3,41	4	
VII-2015	3,62	3,81	
III-2016	4,01		7,55
VII-2016	3,64		7
X-2016	3,73		6,52
IV-2017		4,11	6,25
X-2017	3,5	3,92	5,76
VII-2018	4,61	2,8	5,59
X-2018	4,77	3,03	6,29
III-2019	4,67	3,39	5,32

Fonte: elaboración propia a partires dos estudos 3050, 3104, 3126, 3145, 3156, 3173, 3191, 3219, 3226 e 3242 do CIS.

En definitiva, a grandes trazos o que describen estes datos é como se deu un empeoramento progresivo da valoración de Pablo Iglesias entre o electorado de Podemos (só ocasionalmente mellorado, caso dos datos de Outubro de 2018), mentres a valoración do líder do PSOE e en concreto, de Pedro Sánchez pasou dun mínimo dun 3,5 (en Outubro de 2017) até un 4,67 en Marzo de 2019, superando nos últimos estudos a barreira do 4 que non era capaz de superar, chegando case a alcanzar o 5 (o valor máximo alcanzado foi 4,77 en Outubro de 2018).

É dicir, a valoración de Pablo Iglesias sufriu unha progresiva pero forte caída neste período mentres que a de Pedro Sánchez viviu unha revaloración á alza (coincidente coa súa chegada ao goberno), aínda que nin Pablo Iglesias “suspende” (nunca recibiu unha valoración menor do 5) nin Pedro Sánchez “aproba” (nunca recibiu unha valoración maior de 5).


Por último, no gráfico 4. e na táboa 5. reflíctense a evolución da porcentaxe de intención de voto ao PSOE entre as persoas que nas eleccións xerais de 2016 votaran a Unidos Podemos. Esta variable non é idéntica á anteriormente analizada (probabilidade de voto entre os votantes e simpatizantes de Podemos) dado que namentres esta anterior consistía en que o entrevistado



manifestaba (dentro dun rango do 0 ao 10) a probabilidade de que algunha vez votase a certo partido (no caso considerado ao PSOE), esta outra variable (intención de voto) consiste en que o entrevistado manifestaba cal sería a súa opción escollida de cara ás próximas eleccións xerais (estando entre esas opcións, votar ao PSOE). Daquela, tendo usado as dúas variables para dar conta da proximidade da base electoral de Podemos ao PSOE, a probabilidade infórmanos de cales son as probabilidades de votar ao PSOE nalgún momento, mentres que a intención de voto infórmanos de que porcentaxe do electorado de Podemos manifesta directamente que nas próximas eleccións xerais votará ao PSOE (dando unha resposta máis comprometida coa transferencia do seu apoio dende Podemos cara o PSOE).

Entón, observamos como en case dous anos (dende Outubro de 2016 até Marzo de 2019) entre esta poboación a intención de voto ao PSOE aumentou con forza, pasando do seu valor mínimo en Outubro de 2016 (2,6% da porcentaxe válida) a un 18,5% en Xullo de 2018 e alcanzando o seu máximo en Marzo de 2019 cun 28,9%.

Gráfico 4. Intención de voto ao PSOE de votantes de Unidos Podemos nas eleccións xerais de 2016 (2016-2019)



Fonte: elaboración propia a partires dos estudos 3156, 3173, 3191, 3219, 3226, 3242

A maiores, na táboa 5. reflíctense máis datos extraídos desta variable (dentro do mesmo colectivo, antigos votantes de Unidos Podemos). Deste xeito, reflíctense cales foron a primeira, a

segunda e a terceira opción preferida (a maiores de tamén reflectirse que posto ocupaba o PSOE cando se encontrase por debaixo do terceiro posto), tanto segundo a porcentaxe válida como a porcentaxe sen establecer como casos perdidos todas as opcións que non fosen votar a algún partido.

Daquela, se observamos cales foron as principais opcións escollidas entre este colectivo, dámonos de conta de que, aínda que Podemos sempre foi a opción máis escollida, pasou de supor un 68,9% da porcentaxe válida a un 46,4% e que o PSOE pasou de ocupar como moito o terceiro posto e supor menos do 10% a, a partires de Xullo de 2018, superar esa barreira do 10% e chegar a ocupar o segundo posto, cun 28,9% da porcentaxe válida en Marzo de 2019.

**Táboa 5. Intención de voto de votantes de Unidos Podemos nas eleccións xerais de 2016 (2016-2019).**

	X-2016		IV-2017		X-2017		VII-2018		X-2018		III-2019	
	Porcentaxe válido	Porcentaxe	Porcentaxe válido	Porcentaxe	Porcentaxe válido	Porcentaxe	Porcentaxe válido	Porcentaxe	Porcentaxe válido	Porcentaxe	Porcentaxe válido	Porcentaxe
1ª	Podemos (68,9%)	Podemos (55,7%)	Podemos (64,8%)	Podemos (49,4%)	Podemos (53,7%)	Podemos (40,6%)	Podemos (44%)	Podemos (33,6%)	Podemos (57,7%)	Podemos (51,1%)	Podemos (46,4%)	Podemos (31%)
2ª	IU (20,7%)	IU (16,8%)	IU (20,9%)	Non sabe todavía (17,5%)	IU (24,4%)	IU (18,4%)	IU (28,8%)	IU (22%)	IU (19,6%)	IU (17,3%)	PSOE (28,9%)	Non o ten decidido aínda (23,2%)
3ª	PSOE (2,6%)	Non sabe todavía (12%)	C's (4,1%)	IU (15,9%)	PSOE (7,5%)	Non sabe todavía (16,5%)	PSOE (18,5%)	Non sabe todavía (15,8%)	PSOE (14%)	PSOE (12,4%)	IU (15,2%)	PSOE (19,3%)
		*PSOE (2,1%), 4ª	*PSOE (3,3%), 4ª	*PSOE (2,5%), 6º		*PSOE (5,6%), 4º		*PSOE (14,1%), 4º				

Fonte: elaboración propia a partires dos estudos 3156, 3173, 3191, 3219, 3226, 3242 do CIS.

En definitiva, o que se extrae é que entre os antigos votantes de Podemos (da coalición Unidos Podemos, en concreto) a intención de voto a esta formación diminuíu con forza (aínda que segue a ser a primeira opción considerada, supondo arredor do 50% da porcentaxe válida) e a partires de Xullo de 2018 (xusto cando Sánchez comeza o seu goberno) o PSOE mellora as súas

posibilidades electorais entre este colectivo, chegando a ser a súa segunda opción en Marzo de 2019<sup>45</sup>.

A maiores da extracción destes gráficos e táboas, realizáronse sete regresións loxísticas binarias, dispoñendo como a variable dependente o recordo de voto e/ou a intención de voto a Podemos. Como covariables seleccionáronse só unhas poucas, dado que non se pretendía explicar o voto/intención de voto a Podemos, senón analizar a evolución do peso explicativo que teñen certas variables (como a autoubicación ideolóxica ou a valoración dos líderes) de cara a observar se a evolución da importancia destas variables á hora de explicar o voto/intención de voto a Podemos se corresponde coa análise anteriormente extraída a partires das entrevistas.

Antes de continuar, sinalar que tanto as variables de recordo de voto e intención de voto a Podemos como a de simpatía a Podemos son variables dicotómicas ou *dummys*, reconfiguradas a partires das orixinais. As variables escollidas como independentes son autoubicación ideolóxica, valoración do líder do PSOE, de Pablo Iglesias, a simpatía a Podemos e a valoración da situación económica.

Tamén sinalar que estas variables (excepto a valoración da situación económica) veñen sendo sinaladas pola literatura como as principais variables explicativas do voto tanto a Podemos en concreto<sup>46</sup> como en xeral<sup>47</sup>.

Na táboa 6. reflíctense en cada casa os coeficientes de B e o erro típico da variable correspondente. A maiores, incluíse os valores de significación de B cando estes non fosen iguais a 0,000.

---

45 Dita mellora de posibilidades electorais do PSOE entre a base electoral de Podemos tamén se observa na evolución das probalidades de votar ao PSOE de votantes/simpatizantes de Podemos (gráfico 1.).

46 (Lagares e Pereira, 2015; Lagares, Pereira e Rivera, 2018)

47 (Lagares, 2017)

<b>Táboa 6. Coeficientes de regresión loxística dos modelos de voto de Podemos (2014-2019)</b>						
	Autoubicación ideolóxica	Valoración do líder do PSOE	Valoración de Pablo Iglesias	Simpatía a Podemos	Valoración situación económica	R cadrado de Nagelkerke
Poselector al europeas 2014	-0,351 (0,056)			2,767 (0,207)		0,278
Barómetro Xaneiro 2015	-0,235 (0,052)	-0,033 (0,034) *0,339		3,630 (0,183) *0,025	0,257 (0,114) *0,025	0,533
Poselector al xerais 2015	-0,199 (0,035)	0,183 (0,023)	0,536 (0,029)	2,369 (0,146)	0,012 (0,068) *0,857	0,563
Poselector al xerais 2016	-0,292 (0,036)	-0,130 (0,022)	0,460 (0,026)	2,082 (0,157)	0,188 (0,070) *0,007	0,529
Barómetro Abril 2017	-0,412 (0,200) *0,039		0,449 (0,114)	3,624 (0,516)	0,231 (0,308) *0,453	0,676
Barómetro Xullo 2018	-0,279 (0,111) *0,012	-0,084 (0,067) *0,215	0,486 (0,081)	3,717 (0,299)	-0,150 (0,183) *0,413	0,634
Macrobarómetro Marzo 2019	-0,330 (0,039)	-0,207 (0,029)	0,523 (0,032)	3,346 (0,113)	0,038 (0,067) *0,572	0,605

Fonte: Elaboración propia a partir dos estudos 3028, 3050, 3126, 3145, 3173, 3219 e 3242 do CIS.

Aínda que (como xa se dixo) non era o noso obxectivo extraer modelos que explicasen o voto a Podemos, o certo é que as variables escollidas produciron modelos que en boa medida explican o voto e a intención de voto a Podemos (excepto no primeiro modelo, o extraído a partir do estudo poselectoral das eleccións europeas de 2014) atendendo aos valores do R cadrado de Nagelkerke.

Comezando pola análise da evolución do peso da autoubicación ideolóxica, observamos unha evolución, primeiro dende a esquerda cara o centro político e logo a revisión deste paso. Só hai que observar como se pasa dende un -0,351 nas eleccións europeas de 2014, a un -0,199 despois

das eleccións xerais de 2015, para logo revertirse esta tendencia progresivamente até alcanzar no último estudo considerado un -0,330.

É dicir, sendo sempre foi negativo o sentido do coeficiente de B, observamos primeiro unha redución da diferenza respecto ao 0 até o estudo poselectoral das eleccións xerais de 2015 (e polo tanto, unha perda de importancia de autoubicarse ideolóxicamente na esquerda á hora de explicar o voto a Podemos) para logo observar a tendencia contraria: un progresivo distanciamento dos valores de B respecto a 0, até alcanzar un valor semellante ao do comezo desta evolución (-0,351 no estudo poselectoral das eleccións europeas de 2014; -0,330 no macrobarómetro de Marzo de 2019).

Polo tanto, esta evolución dá conta da perda de transversalidade política de Podemos, pasando dunha etapa inicial na cal progresivamente o feito de autoubicarse na esquerda política perde importancia á hora de explicar o seu voto para, a partires das eleccións xerais de Xuño de 2016, volver gañar importancia este feito á hora de explicalo, producíndose entón a mencionada perda de transversalidade política e gañando importancia a autoubicación de Podemos na esquerda política.

En segundo lugar, destaca a evolución do peso da valoración de Pablo Iglesias á hora de explicar o voto a Podemos. Deste xeito, obsérvase unha tendencia á baixa en canto á importancia explicativa desta variable (correspondente ao anteriormente analizado da evolución da valoración de Pablo Iglesias entre os electores e simpatizantes de Podemos<sup>48</sup>) que alcanza o seu valor mínimo en Abril de 2017 (despois de Vistalegre II, un 0,449) e que a partires deste momento vai recobrando importancia até alcanzar valores semellantes aos orixinais (un 0,523 en Marzo de 2019, case o 0,536 no poselectoral de 2015).

En definitiva, observamos que a valoración positiva de Pablo Iglesias cobra unha destacada importancia ao longo do período considerado, e a través das fluctuacións observados podemos observar unha correspondencia coa evolución á baixa da “nota” que os votantes e simpatizantes de

---

48 Véxase gráfico 3.

Podemos lle dan a este líder (progresivamente menor) e como a partires da derrota de Errejón en Vistalegre II recobra importancia, dando conta dun reforzamento do seu liderado dentro da xente que segue tendo intención de votar a Podemos.

Sobre a simpatía a Podemos, brevemente sinalar que se destaca como a variable (das consideradas) que con máis diferenza explica o voto a Podemos, observando como se produce un rápido proceso de identificación partidista, o que da conta da existencia dunha demanda aberta previa de votantes á que Podemos deu dado resposta con rapidez<sup>49</sup>.

En canto á valoración do líder do PSOE, destacan entre os casos significativos a relativa importancia que ten o feito de valorar negativamente a Pedro Sánchez entre as persoas que votaron a Podemos ou teñen intención de facelo (-0,130 en 2016, -0,207 en 2019). Por outra banda, existe un caso no cal a importancia é no sentido positivo (0,183 en 2015).

A evolución cronolóxica destes datos da conta dunha evolución entre o electorado de Podemos, dende unha posición próxima ao PSOE a un afastamento, polo que se pode espreitar certa correlación co relato das entrevistas respecto a perda de transversalidade política de Podemos e o do seu electorado.

Por último, en canto á variable de “valoración da situación económica xeral de España”, sinalar a escasa capacidade explicativa desta variable, sendo na maioría insignificante en canto a explicación do voto e a intención de voto a Podemos (valores de significación de B maiores de 0,05). Con todo, nos dous casos onde é significativa (barómetro de Xaneiro de 2015, poselectoral das eleccións xerais de 2016) obsérvase unha tendencia á baixa en canto á súa capacidade explicativa.

---

49 Algo xa observado pola literatura (Lagares, Pereira e Rivera, 2018).

Polo que se extrae desta evolución e da falta xeral de capacidade explicativa que esta variable en xeral (pero sobre todo nestes últimos case tres anos) non foi importante para a base electoral de Podemos á hora de votalo ou manifestar intención de votalo, polo que se extrae que a suposta preocupación polos problemas económicos producidos pola crise non é unha variable que explica o voto a Podemos.

### **5.3. Conclusións da análise**

A continuación e a forma de resumo, preséntanse as principais achegas da análise das entrevistas e dos datos demoscópicos usados para concluír este epígrafe de análise.

Deste xeito, destaca observar como a análise das entrevistas replica a proposta de cronoloxía de Podemos que presentou este traballo, incorporando a ela a importancia que tivo a operación “Jaque Pastor”<sup>50</sup> na ruptura entre as faccións de Iglesias e Errejón e tamén a importancia que ten entre o o grupo dirixente da facción pablista a característica de ter tido un pasado político na Juventud Comunista, no PCE e/ou en IU<sup>51</sup>.

A maiores, a análise dos datos demoscópicos tamén corrobora esta proposta de cronoloxía, en canto aos progresivos procesos de acercamento da base electoral de Podemos ao PSOE<sup>52</sup>, dunha menor valoración de Pablo Iglesias (pero igualmente importante para explicar o apoio a Podemos)<sup>53</sup> e da perda de transversalidade política de Podemos<sup>54</sup>.

En definitiva, o que conclúe esta análise é que Podemos evoluciona dunha primeira etapa na que se conforma como un partido político cunha clara inclinación á competición electoral e á localizarse na transversalidade política (e non limitarse só á esquerda), para logo proceder á súa entrada no sistema político español (segunda etapa) en solitario ou aliándose con outras forzas (de

---

50 Juliana (2017) e Palomera (2017)

51 Cortázar (2017)

52 Véxase a evolución da valoración do lider do PSOE (gráfico 3. e táboa 4.), a probabilidade de votar ao PSOE (gráfico 1.) e a intención de voto ao PSOE (gráfico 4. e táboa 5).

53 Véxase a evolución da valoración de Pablo Iglesias entre os votantes/simpatizantes de Podemos (gráfico 3. e táboa 4) e a evolución dos coeficientes de B da valoración de Pablo Iglesias (táboa 6.).

54 Véxase a evolución da autoubicación ideolóxica e da ubicación ideolóxica (gráfico 2. e táboa 3.) e dos coeficientes de B da autoubicación ideolóxica (táboa 6.).

cara a maximizar os seus resultados electorais), conseguindo superar a IU pero errando en facelo co PSOE.

É a partires deste momento, da perda desta oportunidade política que se produce un proceso xa con raíces no pasado (“Jaque Pastor”) no cal se reconfigura a coalición dominante de Podemos (proceso que culmina en Vistalegre II), pasando o sector máis ligado coa transversalidade política e as teses populistas á marxinalidade (errejonistas) mentres que van ocupando posicións de poder persoas procedentes da cultura política de Juventud Comunista, o PCE e IU (máis ligada ás teses de esquerda política). É de destacar como na relación entre os grupos internos e da conformación e reconfiguración da coalición dominante emerxeu con importancia o papel dos líderes (de Pablo Iglesias en concreto) que non se limitaron a mediar entre os grupos, senón tamén a imporse a estas a través do seu poder de chantaxe.

Este certo xiro perfilador cara a esquerda obsérvase tamén na autoubicación ideolóxica da súa base electoral de Podemos, ben deixando de localizarse un pouco máis preto do centro ca do que ubica ao partido (gráfico 2.), ben en como recobra unha maior importancia a autoubicación ideolóxica na esquerda para explicar a decisión de votar (ou querer votar) a Podemos (táboa 6). Paralelamente a isto, prodúcese un proceso de achegamento demoscópico cara o PSOE por parte da base electoral de Podemos a partires da chegada ao goberno de Pedro Sánchez (xuño de 2018) polo que se observa como Podemos sofre unha perda progresiva de apoio en beneficio do PSOE.

Daquela o que acontece é que, como resultado das confrontacións entre os grupos internos de Podemos e a reconfiguración da súa coalición dominante, progresivamente van asumindo posicións de dirección persoas politicamente máis próximas ás formulacións da esquerda política. E é con esta dirección, cada vez máis escorada cara a esquerda<sup>55</sup>, coa que se sucede a mencionada perda da transversalidade política, que no caso de Podemos consiste en que este partido reduce a súa base electoral ao espazo da esquerda, deixando marxe de manobra ao PSOE para que este

---

55 Véxase a decisión de renovar o pacto con IU.



interpele ao electorado de centro-esquerda (que en parte tiña votado a Podemos e que nos últimos meses ven de transferir o seu apoio dende Podemos ao PSOE).

En definitiva, o que acontece é que unha dirección máis próxima ás formulacións ideolóxicas da esquerda non interpelou ao electorado de esquerda moderada (ben porque non puido, ben porque non quixo), polo que lle deu marxe de manobra ao PSOE para ocupar este espazo, e en consecuencia, conseguir a transferencia de votantes deste espazo dende Podemos para si mesmo.

## 6. Conclusións

As achegas e as análises realizadas neste traballo permítenos extraer as seguintes conclusións sobre o noso obxecto de estudo, Podemos:

-Organizativamente Podemos presenta un modelo de partido *sui generis*, que combina elementos e presenta trazos híbridos. Pero sobre todo destaca pola combinación de elementos descentralizadores e participativos (consultas, primarias abertas, “círculo”) cunha forte tendencia centralizadora por parte dunha dirección estatal que pretende controlar as decisións do partido, aloxándose do modelo consensual das asembleas do 15M e aproximándose a características plebiscitarias e maioritarias. É dicir, estamos ante unha organización híbrida pero cunha importante tendencia centralizadora cara a dirección estatal e cunhas relacións moi conflitivas entre os grupos internos, que se plasman en congresos conflitivos nos que a dirección presenta as súas propostas de forma plebiscitaria e sen intentar chegar a acordos co resto de grupos<sup>56</sup>.

-As divisións internas dentro de Podemos (que explican a existencia e as relacións entre os grupos internos) debéronse primeiro á confrontación entre o grupo liderado polos profesores da Complutense contra o encabezado por Izquierda Anticapitalista (Complutense-Anticapitalista), e logo da reconfiguración da coalición dominante, da confrontación entre pablistas e errejonistas, quedando anticapitalistas como un grupo aparte (pablistas-errejonistas-anticapitalistas).

---

<sup>56</sup> Tanto en Vistalegre I como en Vistalegre II a dirección do partido, con Pablo Iglesias á cabeza, presentou as súas propostas establecendo que de perder se retirarían (Torreblanca, 2015; García, 2017).

A evolución destes grupos e das súas relacións dan conta de como os líderes da formación (Pablo Iglesias en concreto) dispuxeron dun importante poder sobre a organización e como o cambio de relacións entre líderes (por exemplo, o achegamento de Iglesias ao grupo provinte de IU ou a marcha de Errejón de Podemos) explican en bo parte os cambios habidos en Podemos. É dicir, que non estamos ante un caso no cal os líderes se limitan a mediar, senón que souberon imporse ao resto de grupos que se lles opuxeran.

-Ao longo dos seus cinco anos de vida, Podemos viviu cambios na súa base electoral, caracterizándose esta até as eleccións de xuño de 2016 pola súa transversalidade política pero a partires de entón e sobre todo despois da chegada ao goberno de Sánchez un proceso progresivo de escoramento cara a esquerda. Estes cambios pódense correlacionar con varias decisións de Podemos (a decisión de pactar con IU, o resultado de Vistalegre II que supuxo a culminación da reconfiguración da coalición dominante) pero destaca o impacto que tivo a chegada ao goberno de Sánchez, a partires da cal se produce unha forte perfilación de Podemos na esquerda e unha transferencia de apoio dende Podemos ao PSOE. Polo tanto, podemos ligar estes cambios e esta evolución a decisións de Podemos, pero tamén ao efecto de sucesos externos a este partido, como é a chegada ao goberno de Pedro Sánchez.

En canto ao obxectivo desta investigación (describir e explicar a evolución de Podemos como partido, tanto no interno coma no externo) consideramos que logramos explicar, pero sobre todo describir a mencionada evolución. Non obstante, consideramos que aínda se pode profundar neste caso, dando maior conta a través da recollida e análise de datos cuantitativos da evolución de Podemos ou recollendo e analizando máis información sobre o as características dos activistas que conforman Podemos (xa que neste traballo non se profundou moito neste tema).

En definitiva, este traballo ben de confirmar a interrelación entre a dimensión interna (en concreto, a relación entre os grupos internos e a toma de decisións do partido) e externa dos partidos (en concreto, o seu desempeño electoral). De como os cambios que ocorren nunha inciden na outra

dimensión e viceversa. Polo que non hai que entender a evolución dos partidos políticos como soamente determinadas por variables internas ou externas a si mesmo, senón que hai que (seguindo o formulado por Kitschelt) consideralo como un sistema conflictivo onde operan ámbolos dous tipos de variables.

Só hai que observar como este traballo sinala a relación entre estas dimensións: como unha organización é construída (usando elementos participativos e descentralizadores, pero destacándose unha forte tendencia centralizadora de corte plebiscitaria cara a dirección) de cara a interpelar ao descontento social existente na sociedade española, pero como a reconfiguración da súa coalición dominante (coa saída de elementos máis próximos a perspectivas populistas en beneficio de novos integrantes máis vinculados á cultura política de esquerdas) facilitou a perda desa transversalidade política alcanzada, ao ser esta nova dirección incapaz de manter os elementos de centro-esquerda do seu electorado (que transfíren o seu apoio a un PSOE en alza dende a súa chegada ao goberno).

## **Bibliografía**

### *Libros*

-KITSCHHELL, Herbert (1989) *The logics of Party Formations: Ecological parties in Belgium and West Germany*, Ithaca: Cornell University.

-TORREBLANCA, Jose Ignacio (2015) *Asaltar los cielos: Podemos o la política después de la crisis*, Barcelona: Debate.

### *Capítulos de libros e manuales*

-LAGARES, Nieves (2017) "Los componentes del voto" en RIVERA, José Manuel, MONTALBES, Juan & LAGARES, Nieves (Eds.) *Cataluña en proceso: las elecciones autonómicas de 2015* (pp. 323-345). Valencia; Editorial Tirant lo Blanch.

-LAGARES, Nieves, PEREIRA, María e RIVERA, José Manuel (2018) "De Podemos a las confluencias" en LLERA, Francisco, BARAS, Montserrat & MONTABES, Juan (Eds). *Las elecciones generales de 2015 y 2016* (pp. 227-248). Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.

-PANEBIANCO, Angelo (1990) "9. Una tipología de los sistemas organizativos" en *Modelos de partido: Organización y poder en los partidos políticos* (pp. 301-337). Madrid: Alianza.

-RENDUELES, Cesar e SOLA, Jorge (2018) "The Rise of Podemos: Promises, Constraints, and Dilemmas" en AGUSTIN, Oscar García & BRIZIARELLI, Marco (Eds). *Podemos and the New Political Cycle: Left-Wing Populism and Establishment Politics* (pp. 25-47). Palgrave MacMillan.

[https://doi.org/10.1007/978-3-319-63432-6\\_2](https://doi.org/10.1007/978-3-319-63432-6_2)

-RODRIGUEZ, Juan, BARRIO, Astrid e BARBERÁ, Oscar (2018) "Podemos: de partido anticasta a confluencia de la plurinacionalidad" en LLERA, Francisco, BARAS, Montserrat & MONTABES, Juan (Eds). *Las elecciones generales de 2015 y 2016* (pp. 227-248). Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.

-VALLÉS, Miguel (1997) "Capítulo 6: Técnicas de conversación, narración (I): las entrevistas en profundidad" en *Técnicas cualitativas de investigación social: reflexión metodológica y práctica profesional* (pp. 177-234). Madrid: Síntesis.

-WARE, Alan (1996) "III. Organizaciones de los partidos" en *Partidos políticos y sistemas de partido* (pp. 155-201). Madrid: Istmo.

#### *Artigos de revistas*

-CHIRONI, Daniela e FITTIPALDI, Raffaella (2017) "Social movements and new forms of political organization: Podemos as a hybrid party", *Partecipazione e Conflitto*. 10. 275-305. <https://doi.org/10.1285/i20356609v10i1p275>.

-LISI, Marco. (2018) "Party innovation, hybridization and the crisis: the case of Podemos", *Italian Political Science Review/Rivista Italiana di Scienza Politica*. 1-18. <https://doi.org/10.1017/ipo.2018.20>.

-MEYENBERG, Yolanda (2017) "Disputar la democracia. El caso de Podemos en España", *Revista Mexicana de Ciencias Políticas y Sociales*, 230, 221-242. [https://doi.org/10.1016/S0185-1918\(17\)30022-3](https://doi.org/10.1016/S0185-1918(17)30022-3)

#### *Materiais de congresos*

-LAGARES, Nieves e PEREIRA, María (2015) "De movimiento a partido: el caso de Podemos". *XII Congreso AECPA*, San Sebastián. Disponible en: <https://www.aecpa.es/uploads/files/modules/congress/12/papers/1239.pdf>

#### *Artigos de periódicos*

- CABALLERO, Fátima e PÉREZ, Sofía (2019, 17 de Xaneiro). Errejón se alía con Carmena para presentarse con la plataforma Más Madrid a las elecciones autonómicas. *eldiario.es*, disponible en

[https://www.eldiario.es/madrid/Errejon-presentara-autonomicas-Madrid-](https://www.eldiario.es/madrid/Errejon-presentara-autonomicas-Madrid-Carmena_0_858114310.html)

[Carmena\\_0\\_858114310.html](https://www.eldiario.es/madrid/Errejon-presentara-autonomicas-Madrid-Carmena_0_858114310.html) (última consulta o 19 de Maio de 2019).

- CORTÁZAR, Ander (2017, 13 de Xaneiro). El pasado de los dirigentes de Podemos que explica (algo más) el conflicto interno. El Boletín, disponible en <https://www.elboletin.com/nacional/144239/podemos-dirigentes-pasado-pce-iu-iglesias.html> (última consulta o 14 de Xuño de 2019).

-GARCÍA, Elsa (2017, 11 de Febreiro). Las claves del congreso de Vistalegre 2. El País, disponible en [https://elpais.com/politica/2017/02/10/actualidad/1486714637\\_185757.html](https://elpais.com/politica/2017/02/10/actualidad/1486714637_185757.html) (última consulta o 19 de Maio de 2019).

- GAREA, Fernando (2018, 1 de Xuño). Sánchez tumba a Rajoy y llega a Moncloa con el Gobierno más débil de la democracia. El Confidencial, disponible en [https://www.elconfidencial.com/espana/2018-06-01/mocion-censura-rajoy-pedro-sanchez-gobierno\\_1572631/](https://www.elconfidencial.com/espana/2018-06-01/mocion-censura-rajoy-pedro-sanchez-gobierno_1572631/) (última consulta o 19 de Maio de 2019).

-JULIANA, Enric (2017, 22 de Xaneiro) Conspiraciones de enero. La Vanguardia, disponible en <https://www.lavanguardia.com/politica/20170122/413580816707/conspiraciones-2017-cospedal-podemos-psoe-junqueras-puigdemont.html> (última consulta o 14 de Xuño de 2019).

**L.A.:** Claro, yo es lo que te he comentado un poco. Creo que esa opción ya no está disponible. Estuvo disponible en su momento de todas formas, de una forma casi mágica, vamos, o sea, eh.. gente destacada de la sociedad civil, referentes, grandes profesionales nos ofrecían directamente su apoyo sin salirlo buscarlo, ya digo... Se generaban espacios donde lanzáramos cualquier iniciativa, se generaban espacios altísimamente participados, eh.. Y yo creo que eso ya no es una opción disponible, eh... como resultado de cribas digamos de las caras más conocidas, pero las cribas

mayores se han hecho a nivel de los territorios, de los municipios, ¿no?. De tal forma que yo creo que ahora mismo esa ya no es la alternativa que está disponible, o sea que sencillamente... no cabe más, que bueno, pues... pues garantizar que ese pequeño aparato en definitiva de gestión, de aparato convencional de partido, pues logre mantener su estructura de poder, sus cargos de representación, su capacidad de influencia. Es en eso en lo que se está pero por otro lado pues creo que es en lo único que se puede estar ya, una vez se han hecho el recorrido que se ha hecho.

*Ent.:* Claro, si, y bueno, un poco ligado a lo dicho anteriormente, que también... como ves lo que ocurrió con los círculos, como decirlo, con los órganos de base. Que era como muy innovador la idea del círculo, como que las formas organizativas del 15M se estaban aplicando para un partido pero ahora como que, se habla de que muchos de esos círculos son círculos zombies que no tienen actividad y que al final todo lo que era esa ebullición de órganos de base, participación y demás al final se va apagando y se va como centrando más en un partido profesional, con una dirección que marca mucha línea...

**L.A.:** Claro. Ese nivel de entusiasmo y de implicación en la participación, esa facilidad para cruzar con, contactar y tener el apoyo de perfiles externos y tal, es lo que estamos viviendo en Más Madrid, y que Podemos ya ha perdido.

*Ent.:* Claro, todo ese entusiasmo, toda esa participación, por las decisiones que fueron tomando la dirección, bueno se puede decir que... problemas de la democracia directa de no se puede estar actuando constantemente, problemas de que fue cambiando el contexto que al final, Podemos esa parte participativa, entusiasmada, la fue perdiendo y ahora es más un partido más al uso, que es lo que le queda.

**L.A.:** Yo creo que inevitablemente eso es así, y es una opción, y es verdad que están trabajando y... en la que espero que tengan éxito porque... claro, cualquier posibilidad mínima de progreso en España pasa también porque este espacio este ocupado, tenga representación y sea en cierta medida influyente, vamos. Así que creo que es una cosa que nos viene bien a todos, y cabe celebrarlo pero esa es la posibilidad que tiene y no hay otra.

*Ent.:* Vale, pues con esto sería.[Remata a entrevista]

**TRANSCRICIÓN ENTREVISTA LUCA CHAO (29/05/2019, duración de 1:00:15)**

*Ent.:* Empezamos... antes de nada.. para xa ter marcado todo, eh... se me poderías facer un relato dos cargos internos e representativos que ocupaches, quero dicir, tanto dentro de Podemos como en institucións, no nome de Podemos.

*L.C.:* Ehh, si... bueno (*sic*), eu son deputada no Parlamento galego, eh... ocupo actualmente a secretaría de Municipalismos de Podemos Galicia eh... son, o que me converte en membro da executiva de Podemos Galicia, o Consello de Coordinación.

*Ent.:* E nada máis, quero dicir... ocupaches outros cargos nestes anos?

*L.C.:* Eh, antes disto formaba parte do Consello Cidadán Galego de Podemos Galicia. Do cal formo parte tamén agora, pero agora na dirección actual...

*Ent.:* Espera, como? Formabas parte anteriormente do Consello Cidadán de Galicia?

*L.C.:* Eh, si, a dirección... Podemos Galicia estrutúrase en dous órganos, o Consello Cidadán o cal se elixe en proceso de primarias, formado por vinte e catro persoas e... e máis o secretario/secretaria xeral. E eu era unha destas vinte e catro persoas, e agora, nesta segunda etapa, tamén, ademais, formo parte da executiva que escolle directamente a secretaría xeral.

*Ent.:* Vale, entón si, xa entendo. Eh... E bueno (*sic*), empezar... e logo o que son, a túa experiencia política previa, en plan, en que partidos... se antes de Podemos estiveches en partidos...

*L.C.:* Non.

*Ent.:* Non?

*L.C.:* Nunca militara previamente.

*Ent.:* E en movementos sociais? Sobre todo relacionado co 15M ou a PAH...

*L.C.:* Eh, non, tampouco.

*Ent.:* Non? Vale... E co 15M, bueno (*sic*), non sei... non sei se che cadrara ir a manifestacións ou demais...

*L.C.:* Eh... si, fun a algunha manifestación, xusto cando foi o 15M eu estaba rematando a carreira, e si que fun a algunha manifestación como... pero se, quero dicir, eh... si contamos a participación en manifestacións, eh, si que o contaría como a miña primeira experiencia política todas as que tiveron que ver co Nunca Máis e o Non á guerra, e despois o 15M.

*Ent.:* Si, a ver, co 15M, en plan é iso, quizais... meto tanto o fincapé por... cuestión de importancia da relación con Podemos, pero que claramente...

*L.C.:* Si, si, pero non foi o meu caso. Non... fun a un par de asembleas e tal, pero non... non podería dicir que participara activamente.

*Ent.:* Si, si, comprendo, en plan de que non é o mesmo seguir un movemento e seguir as convocatorias que poñen, que participar activamente nese movemento. Eh... bueno, logo eu diría

de... hai un bloque de preguntas nas cales ti darías as túas opinións e deses o teu parecer sobre cuestións organizativas, de cara a ir recollendo información de cales son as opinións dentro de Podemos sobre cuestións organizativas. Eh, bueno (*sic*)... a primeira sería, é un pouco xenérica pero que debería de priorizar o partido, no sentido de se o partido, se Podemos tivera que elixir, tería que priorizar, ben e... ter un plan e unha estratexia a longo prazo de cara a conseguir un cambio político que beneficie ao común da cidadanía, ou dedicarse a... focalizarse e... a conseguir reformas nas políticas que beneficien ao seu electorado, ou debería de máis ben centrarse en, bueno (*sic*), o importante son as inscritis e os membros do partido, así que vamos a centrarnos en gratificalos, facer un espazo cómodos para elas, e... e ter como unha organización sa, por así dicilo.

**L.C.:** Eh... bueno (*sic*) eu creo que as tres deberían...

**Ent.:** Si, si (risas).

**L.C.:**... ser importantes. No momento político no que estamos, entendo que a prioridade debería de ser a primeira que comentaches, ter unha... un plan a medio e longo prazo, sobre todo agora que parece que o ciclo electoral se pecha e volvemos... hai un refluxo da participación política, que se iniciou no seu momento, e debemos construír a medio e longo prazo, tanto a nosa organización coma o noso vínculo cos movementos sociais.

**Ent.:** Claro, a ver é iso de... estas tres opcións, por así dicilo, o ideal sería telas todas. Ao mellor é algo conflictiva a primeira ca segunda, é un pouco... a dialéctica revolución contra reforma, un cambio de raíz ou un cambio gradual, pero... Pero que si, que... que bueno (*sic*) iso, idealmente, Podemos o que ven é, como se dicía, a cambialo todo e iso implica que con reformas, pois non é a mellor opción, non?

**L.C.:** Non, é dicir, efectivamente, Podemos pretende impugnar o modelo existente entón estamos na liña da revolución, agora ben, non podemos ser hipócritas e a verdade é que a nosa entrada nas institucións nos obriga a certo pragmatismo, de asumir certo grao de... pois de formas, ou de parches no día a día. Pero creo que o obxectivo é ese a medio-longo prazo e poñer os mimbres (*sic*) para cambiar ao sistema.

**Ent.:** Vale, eh... vale, pois agora sería sobre cuestións de preocupacións programáticas, no sentido de... bueno, moi ligado a esta anterior, pero... eh... bueno (*sic*), perdoa... Que se Po... claro, Podemos ven a facer un cambio xeral que beneficie ao común da cidadanía entón... eu diría que agora xa está bastante ligado con que... as preocupacións programáticas de Podemos son amplas, é dicir, non se poden centrar nunhas poucas políticas públicas como poden ser o caso de partidos ecoloxistas, que se poden centrar máis nas políticas medioambientais, senón que Podemos ten que ser transversal a todas esas políticas.

**L.C.:** Eh, si, por suposto, a reconfiguración do modelo esixe pensar unha alternativa de país, e de Estado, global que xire cando menos en torno a tres eixos, que repetimos bastante na última campaña, non? No morado, vermello e verde. Un eixo programático fundamental é o feminista, de políticas de igualdade; un eixo vermello que ten aberto... o traballo e o cambio do modelo económico, máis xusto, máis redistributivo e que garanta traballo de calidade e loita contra a precariedade; e verde da necesidade... a necesaria revolución ecolóxica, unha transición enerxética que poña o foco na sustentabilidade (*sic*) do planeta.

**Ent.:** Vale, con isto ligado... claro, bueno (*sic*) ... onde queda neste sentido o eixo esquerda- dereita? Quero dicir, o certo e que é bastante, con Podemos, que se fala bastante que bueno (*sic*)... impugnar un pouco o taboleiro político, é un pouco... ligado a todo isto, eh... Claro, ti como verías? Que Podemos non se ten que ubicar (*sic*) no eixo esquerda-dereita ou dirías que mellor non, que é mellor falar, bueno (*sic*), falaba ao principio de casta contra o pobo e etcétera.

**L.C.:** En realidade creo que... os de arriba contra os de abaixo ou os da casta contra o pobo, non deixaba de ser unha... unha reformulación do eixo clásico da esquerda e a dereita. Si chamándoo doutra maneira para apelar a unha base social máis ampla, que a xente entendese que en realidade os problemas da clase traballadora afectan á maior parte da cidadanía, e incluso a esa xente, a esa parte da cidadanía que non se sente identificada co termo de clase traballadora, do cal hai moito a día de hoxe. Pero indubidablemente... si que ocupamos un lugar na, nesa escala, moi colocado á esquerda, de feito, o único partido con opcións reais de transformar as políticas á esquerda do Partido Socialista.

(...)

**Ent.:** Vale, perdoa que estaba anotando unha cousa. E bueno (*sic*), ligado a isto, cal debe ser a actitude estratéxica de pactos de Podemos? É dicir... debe de ir, evitar sempre os pactos porque iso pode ameazar o cambio social que propón Podemos ou... ou debe de, eh... de asumir, que claro, hai que ser pragmáticos e polo tanto hai que sempre ir ca idea de pactar... ou, non sei, quizais un pouco vaise vendo con que forzas se pode pactar e segundo o caso... míranse os pactos.

**L.C.:** Claro, é difícil, o sea (*sic*), é unha tensión complicada saber se tivemos que estar en gobernos de esquerdas (claro que si, non con outras forzas políticas) ou non estar. Eu creo que hai que ver caso por caso, agora ben, nós da nosa man, condicionar de verdade gobernos de progreso, neste momento si deberíamos... si que Podemos debería de estar. Por iso estamos insistindo en que hai que formar parte do goberno do Estado co Partido Socialista. Por suposto con liñas vermellas, en base a acordos programáticos claros e só si é para sacar adiante medidas... pois concretas. Insisto no caso do goberno do Estado, tiñamos un acordo co goberno socialista para subir o salario mínimo e iso sen dúbida, é un cambio fundamental para o cambio das condicións materiais da vida da xente.

Polo tanto, para esas cousas, si que é útil que esteamos no goberno. Eu non o definiría tanto como unha lóxica global, si non ver caso por caso e sempre con esas liñas vermellas, que sexan sempre gobernos de progreso, non creo que poidamos estar nun goberno nin con Ciudadanos, nin co PP, nin con ningún outro, vaia.

*Ent.:* Si... Vale, lo... estaría a cuestión de, bueno (*sic*), vaise repetir moito este tema ao longo da entrevista seguramente pero, como debería de ser o modelo de partido de Podemos, quero dicir, porque como que hai dous tipos ideais que son como o... o modelo de partido profesionalizado á usanza, e o modelo, como así dicilo, dun partido aberto á sociedade. Quero dicir, que por un lado o... o modelo vello de partido, no que os seus dirixente e os seus executivo están profesionalizados, a política é a súa forma de gañarse a vida, a rotación de cargos é claramente inexistente, eh... Séguese... unha liña moi... burocrática, no sentido de que, os dirixentes expresan o que se establece no partido e a... e dentro do partido, como que está vetada a disensión pública da.. das súas membras. E tamén a cuestión da afiliación... no sentido de que... quizais se sae algo deste esquema, pero que nos partidos profesionais hai unha clara diferenza entre o... o membro con plenos dereitos, que paga unha cota, asiste regularmente e etcétera, e o simpatizante que ten un compromiso máis laxo.

Entón, por outro lado, quero dicir, fálase moito de que modelos como os de Podemos, ou o que eran no seu orixe os verdes en Alemaña, que o que propoñían eran que os partidos pois... os seus membros non están profesionalizados, rótanse moitas veces os cargos, eh... hai unha gran tolerancia ca disensión e coa pluralidade de... de opinións e... tanto por parte dos dirixentes, como por parte das integrantes, e... e tamén que se ve moito como en Podemos o tema de... dos afiliados e de non pagar cuotas (*sic*) e o demais, como que se abre... é que moitas veces se di que “non podemos deixar que unha aristocracia militante tome unha organización do pobo, entón, permitimos a calqueira que con inscribirse na web teña dereitos como calquera outro membro de Podemos”.

Entón, cal debería ser o esquema? Irse cara as fortalezas do vello modelo ou apostar por novas formas organizativas abertas?

**L.C.:** Por suposto, apostar por novas formas organizativas, eh... Como sabes o que tivemos até de agora, non... non traballamos co termo de militancia clásica, calquera persoa que quere participar nas decisións de Podemos só ten que inscribirse nunha páxina web e así pode votar e decidir, eh... Para asegurarnos de que non temos unha elite dirixente profesionalizada, levamos, temos os nosos estatutos, as limitacións de mandatos a oito anos, e... e creo que é a única forma organizativa válida para un partido que aspira ser un partido-movemento, o máis aberto posible á sociedade.

*Ent.:* Bueno (*sic*), e coa cuestión da tolerancia... en plan, enténdese que... bueno (*sic*), polo menos eu co visto e lido, de membros de Podemos, se tolera moito a disensión pública, como dicilo, na

base, pero o certo é que, polo menos a miña impresión, é que... a miña lectura é que, os dirixentes en Podemos, ou polo menos ven sendo así, eh... se lles esixe que asuman os ditames do partido, no sentido de que, non pode ser que... o partido ou asemblea diga A e o dirixente saia dicindo B.

**L.C.:** Eh, si. O sea (*sic*)... Pero e que non o entendín ben...

**Ent.:** En plan... que parece que está claro que a tolerancia en Podemos coas disintas opinións que hai nos debates... na organización non hai problema que saian á luz, fora da organización... E a parte disto, aos dirixentes de Podemos se lles marca moito, no sentido de que, eh... se un órgano toma tal decisión, vese mal que o dirixente de Podemos diga ou exprese o contrario.

**L.C.:** Si, si. Efectivamente a Asemblea Cidadá é quen toma as decisións... e os inscritos... é o máximo órgano de decisión e... e os dirixentes non poden facer outra cousa que non sexa respectar esas decisións. E efectivamente, nós somos unha organización bastante transparente no que ten que ver cos debates políticos internos, cando hai... discrepancia pública, mesmo hai... bueno (*sic*), pois en Vistalegre I houbo, os dous documentos que entraron a debate son públicos e... si, damos os debates de forma moi transparente.

**Ent.:** Bueno, quizais non se me enten... en plan, a tolerancia á expresión dos dirixentes é máis ben como... non digo que non se lle permita a un dirixente facer o contrario porque el opina o contrario do que decide o órgano, se non que o dirixente e... pois eu que sei, non hai un posicionamento (*sic*) de Podemos sobre tal materia, e aparece o dirixente dando a súa opinión persoal sobre o tema.

Quizais nese... que está bastante relacionado, pero nese caso, que debería de acontecer?

**L.C.:** Non debería de dala... mais se é explicando en todo caso, que fora unha decisión, unha opinión totalmente persoal. As posicións políticas teñen que ser froito de debate colectivo.

**Ent.:** Vale... agora entrariamos... a ver, hai un bloque por así dicilo para que cada entrevistado dea as súas lecturas sobre o... o que... os sucesos da historia de Podemos. Bueno (*sic*), ti creo... teño lido que ti non entraches no momento fundacional en 2014, pero que entraches un par de anos despois, non?

**L.C.:** Eh.. si, a miña entrada en Podemos foi en 2015. Na primeira asemblea, unha asemblea convocada para buscar colaboración... para as eleccións de decembro, e entrei aí, perdíme ese primeiro ano.

**Ent.:** Vale, pois... Vale, en que ano dicías?... Claro, en 2015, non? Despois de Vistalegre I, non? Bueno (*sic*), se iso podes dar a túa opinión do que aconteceu no ano pasado, no sentido de, e... como viches que Podemos foi evolucionando dende que se presentou, despois de que se presentou, as europeas e o resultado que tivo e... despois todo o que foi o desenvolvemento de Vistalegre I.

**L.C.:** Bueno (*sic*), ao principio foi marabilloso, espectacular, creo que non se pode... non lle poden negar o éxito a unha formación que sen ningún recurso foi capaz de montar un partido, concorrer ás

europas e sacar un resultado moi, moi digno, ao mudar para sempre a política do Estado Español, poñendo enriba da mesa temas que non estiveran antes.

Eh... Vistalegre I, faise un... unha aposta por concentrar todos os esforzos e adaptar a estrutura ao gran reto electoral que tiña o partido enfrente (*sic*), que iban (*sic*) ser as eleccións xerais, eh... Creo que nese momento era a mellor decisión posible, porque efectivamente o reto electoral era inminente e moi importante e podíamos transformalo todo. Había a sensación de que podía ser unha oportunidade única, que nunca antes sucedera, pero en retrospectiva, é máis fácil ser máis críticos, como... Nese modelo tamén se adapta un modelo organizativo moi centralizado, excesivamente centralizado que.. que ten as súas eivas á hora de construír a organización a medio e longo prazo.

*Ent.:* Claro, quizais unha... sobre-excesiva centralización, no sentido de, claro como tiveron que afrontar o ciclo electoral quizais era o que se falaba moitas das decisións que se tomaron en Vistalegre I eh... Pablo Iglesias e os seu equipo saíra dicindo “esas ideas e propostas están moi ben, pero con elas non imos gañar as eleccións”.

*L.C.:* Non te escoitei moi ben ao final, que Pablo Iglesias dixera que?

*Ent.:* Ah, que Pablo... ou o equipo de Pablo Iglesias saíra dicindo que había moitas ideas que estaban moi ben, no sentido de que, unha secretaría xeral que fose colexiada, pero que iso non ía conseguir que gañaran as eleccións.

*L.C.:* Claro, efectivamente. En Vistalegre todo se acaba supeditando á organización do partido, a construción dunha maquinaria de guerra electoral eh... Canto máis centralizado, mellor... Bueno (*sic*), a maquinaria de guerra electoral consistía en concentrar moito poder en poucas mans para que se poida ser eficaz, operativo e o máis rápido posible. Penso, como digo, seguramente era a única... era a decisión máis intelixente nese momento... valorala agora é un pouco “ventaxista”, cando non...

*Ent.:* Ehh, vale... Bueno (*sic*), en Vistalegre I decidírase, xa se tiña decidido que nas eleccións que iba (*sic*) haber en maio do seguinte ano, de 2015, que non se iba (*sic*) a usar a marca de Podemos, e... falábase moito de que era porque non había capacidade para presentarse, non había eh... unha estrutura territorial de Podemos, estaba recen nacido e non o podía asumir como propia esas eleccións, que coas autonómicas que ocorreran ese mesmo mes si que había capacidade e que entón si que se presentaron con esa marca. Entón, non sei, todo o tema... o de presentarse coas confluencias municipalistas, como o ves ti? No sentido de se foi un acerto... a ver, agora cos resultados, cos recentes resultados electorais é un pouco... quero dicir, que non... están un pouco viciados esta pregunta, pero no seu momento, no seu momento foi unha boa decisión non presentarse, que Podemos non sacase candidatura como tal se non que nas distintas cidades decidira sumarse ás candidaturas que xurdisen?



**L.C.:** Si, creo que foi un acerto político e un erro estratéxico. En todo caso, un acerto porque creo que a política ten que estar por riba da estratexia. Foi un acerto político porque dixemos dende o primeiro momento que Podemos sempre iba (*sic*) estar para sumar onde houbera posibilidades de cambio, creo que todo o mundo sabe, debería de recoñecer, que non teríamos as alcaldías que tivemos de non estar ese momento político propiciado por Podemos. Sumamos desinteresadamente, renunciando a ter concelleiros e concelleiras en todas as partes, e foi un éxito porque o resultado está aí, gobernar as principais cidades do país, máis outras moitas no Estado, non se pode calificar (*sic*) de ningunha forma máis que como un éxito.

Un erro estratéxico, bueno (*sic*)... non sei se a palabra adecuada é un "erro estratéxico"... Pagamos un prezo, organizativamente pagamos un prezo que foi, por suposto, eh... non ser capaces de construír no territorial, non tiñamos organización, cousa que é necesaria para presentarse de cara o futuro.

**Ent.:** Claro. Claro, si. Porque moitas organizacións que son recen chegadas, quero dicir, tamén Ciudadanos eh... por exemplo Ciudadanos daquela, pero por exemplo agora tamén Vox, se encontraba con que, claro, nestas eleccións municipais somos unha organización que a nivel estatal, de penetración territorial pois... non temos capacidade de estar en todos os municipios, e entón, que facer? Se é mellor como fixo Podemos de sumarse a outras organizacións ou garantir... garanto que eu teño o control do que saia nestas municipais, no que eu participo, por así dicilo e.. garantir (*sic*) que... unha futura, se é que hai, crecemento organizativo.

**L.C.:** Si, efectivamente, eu xa che digo, eu penso que tomamos a decisión correcta porque politicamente acertamos e conseguimos uns resultados que non teríamos de ningún xeito por separado, nin nós, nin as candidaturas municipalistas. Entón, foi un éxito, pero... claro, lastra á organización, en canto a que ao mellor moita xente que non puido participar directamente nas municipais marchou á súa casa, e era o momento para ir construíndo organización territorial, pero bueno (*sic*). Os resultados avalan que nese momento se fixo ben.

**Ent.:** Eh... bueno (*sic*), un pouco levado con todo isto despois, en Decembro dese ano foron as... bueno (*sic*), xa anteriormente en Setembro de 2015 xa foron as primeiras confluencias en si autonómicas, empezaran primeiro en Cataluña e logos e estenderan a Galicia e... esto (*sic*)... a Valencia, entón iso, ver... a túa opinión sobre as confluencias, ao fin e ao cabo é máis ou menos a mesma decisión que tomou Podemos a nivel, trasladado do nivel local ao este, nivel autonómico.

**L.C.:** Non me sinto moi capacitada para responder polo que aconteceu noutras comunidades, pero explico o que pasou aquí en Galicia, e non teño porque pensar que noutros sitios fora diferente, que foi un éxito en todas as partes. En Galiza creo que foi... a mellor decisión posible, nunca unha forza á esquerda do PSOE tivera o resultado que tivemos nós: catrocentos mil votos, sete... seis deputados

e dous senadores naquelas eleccións, pois foi unha cousa marabillosa, a confianza que depositou a cidadanía galega, foi clara... demostrouse que a cidadanía galega premiaba a unidade e... acertamos.

*Ent.:* Si.

**L.C.:** Abrimos unha porta á esperanza que non había antes.

*Ent.:* Foi como o acerto que fixeron nas municipais (*sic*) de non dividir o voto... pois, en plan, en vez de dividir o voto entre as distintas forzas que estiveran próximas a Podemos, eh... concentraos nunha mesma opción.

**L.C.:** Si.

*Ent.:* E bueno (*sic*), que tamén quizais xurde de novo o mesmo problema do que falábamos de que... de tal xeito que se pode estar creando problemas para o crecemento organizativo de Podemos en si, non?

**L.C.:** Eh, si, un pouco si, sobre todo porque as persoas.. non podemos negar que as forzas políticas coas que confluímos xa teñen unha estrutura montando e iso nos xera unha situación de certa debilidade comparativamente. Non eramos tres organizacións que saíamos da nada, que conflúen, non, eh... Hai unha organización nova, e dúas organizacións máis ou menos asentadas no territorio, entón si, efectivamente dificulta un pouco máis construír territorialmente pero.. pero bueno (*sic*), politicamente creo que foi un acerto e mesmo... agora nestas eleccións xerais... aínda que non repetimos a fórmula tripartita, e tivemos que dar un paso atrás a Unidas Podemos, creo que se demostrou que o noso... electorado galego... que unha parte do electorado se sinte referenciado (*sic*) neste espazo político que abrimos. Independentemente de que organizacións estean dentro, entón, véxoo positivo.

(...)

*Ent.:* Vale, pois. Despois, nos meses seguintes ocorreu todo o tema da falida investidura de Pedro Sánchez, e entón houbo repetición de eleccións, entón hai unha decisión que tomou Podemos que.. que o certo é que na literatura ten bastante importancia, que é a de presentarse ás eleccións de xuño de 2016 coaligadas (*sic*) con Izquierda Unida eh... entón non sei, como viches esa decisión, se foi a acertada.

(...)

**L.C.:** Mmm... nese momento, nese momento, a min pareceume a decisión acertada. Pásame un pouco o que che comentaba antes, porque para nós en Galicia non variou nada, porque xa fomos ás eleccións con En Marea, entón xa fomos Anova, Esquerda Unida e nós. Entón, para nós iso dende Galicia era un marco de absoluta normalidade e acertada.

E... vendo os resultados, no conxunto do Estado? Non creo que foi un éxito total. Tampouco podo dicir que fora un fracaso. É posible que indo separados seríamos quen de chegar a máis

votantes? Pois quizais si. Porque vendo os resultados parece que houbo parte dos votantes tradicionais de Esquerd... de Izquierda Unida que non se sentían cómodos con esta alianza, e votantes de.. Podemos que lle pasou o mesmo. Entón é posible que ao ir separados ás eleccións, Podemos podería ser quen de apelar un electorado novo que.. que non lle atraía, seducía, a alianza con Izquierda Unida e Izquierda Unida tería máis capacidade de recoller os seus votantes clásicos. É posible, pero como xa digo, como en Galicia xa íbamos (*sic*) e vamos coa fórmula de En Marea, véxoo distinto, véxoo condicionado polo panorama galego que creo que non hai dúbida de que é a fórmula de En Marea.

(...)

**L.C.:** Non sei se queres que che conteste...

**Ent.:** Non, non, si, só estaba apuntando algo. Eh.. vale, despois, meses despois, bueno (*sic*) eu como non me centro nas eleccións autonómicas, bueno (*sic*) aconteceron as galegas e as vascas e como que ese ciclo electoral que tiña que afrontar Podemos xa se pechara e... como que empeza un ciclo novo de, bueno, non hai eleccións entón, hai que empezar a... a coidar a organización, e bueno, empezar a encarar Vistalegre II de cara a xa enmarcar o que vai ser Podemos de aquí ao largo prazo. Entón.. non sei como viches Vistalegre porque... bueno (*sic*), foi moi soado o tema dos conflitos entre o que eran... bueno (*sic*), o bando pablista e o errejonista eh... Todo nos anteriores meses, todo o tema das relacións entre os grupos internos, como que ao principio parecía que o grupo de profesores da Complutense iba (*sic*) xunto e contaba coa dirección do partido, só tiñan que contar coa oposición de Anticapitalistas pero o certo é que en Vistalegre II parece que... bueno (*sic*), xa nos meses anteriores co... coa decisión de se pactar ou non con Pedro Sánchez, o grupo da Complutense como que se dividiu eh... Errejón saíu como o principal opositor á dirección de Pablo Iglesias... e Pablo Iglesias como que consegue pactar co sector de Anticapitalistas.

**L.C.:** Eh, si. En Vistalegre II é moi complicado, dende a miña postura persoal, non? O sea (*sic*), non é a do partido nin nada menos, o que me estas preguntando...

**Ent.:** Si, si, a túa opinión.

**L.C.:** Vale (...) Díxeno daquela isto que me preguntaron e digo agora: paréceme un desastre absoluto sen paliativos ao que chegamos en Vistalegre II. Non sei como fomos capaces de chegar... chegar tan enfrontados... con familias irreconciliables. Eh... iso... É que era un desastre. Se chegamos a defender que os debates políticos se teñen que dar de forma transparente e honesta, e que aceptamos a diversidade interna, non pode ser equivalente a ir a... a que unha postura maioritaria arrase coas outras e a... a unha lóxica... creo que se impuxo demasiado o sectarismo, no congreso de Vistalegre II. (tose) Perdoa.

**Ent.:** Nada, tranquila.

**L.C.:** Eh... creo que... nese, nese clima tan crispado, seguramente había que evitar ir a unha confrontación tan directa, que houbera un claro vencedor por encima dos perdedores. Non me gustan as familias, nin esas etiquetas, precisamente creo que o gran erro en Podemos é que haxa... pablistas, errejonistas... Porque Anticapitalistas podo aceptar que é outra cousa diferente, porque xa digo, veñen doutro sitio e xa son un partido de antes, pero non pode ser que haxa familias políticas nucleadas en canto a líderes moi carismáticos e que se pretendera impor un líder sobre outro. Iso fíxonos moito dano, e estámolo pagando.

(...)

**Ent.:** Vale... bueno (*sic*).. co... bueno (*sic*), o seguinte punto é unha cronoloxía da historia de Podemos dende aquí. Sería tema de que, un ano, despois, todo o tema da consulta polo chale de Pablo Iglesias, que coincide bastante coa etapa de... coa chegada ao goberno de Sánchez, vamos. E que é interesante no sentido de que, bueno (*sic*), que parece ser que foi como un momento no cal se queimou de todo a base de apoio social de Podemos no sentido de que foi moi controvertida a decisión de sacar a consulta a decisión de ese tema... no sentido de que era como un intento de reafirmación da dirección e... E despois que coa chegada ao goberno de Pedro Sánchez, esa idea que se tiña dentro de Podemos de que, bueno (*sic*), xa superamos, ou xa conseguimos ser o “recambio natural” de Izquierda Unida, agora o que toca é o *sorprasso* ao PSOE que se quería dar en 2016, digo, si en 2016 eh... que agora, que lle sae o tiro pola culata ou que parece que o PSOE está conseguindo ter antigos votantes de Podemos ou de simpatizantes de Podemos.

**L.C.:** Eh... si. As dúas cousas non? Respecto da consulta, penso que non foi moi acertado. Non porque non... non polo tema en si, do chale, precisamente como é unha cuestión privado, non acabo de entender que teñamos que plantexar (*sic*) dende o noso partido respecto a cuestións totalmente privadas, por moito que... o acoso mediático fora insoportable, e por moito que se pretendera dar voz ás inscristas respecto a... bueno (*sic*), en canto... en canto os medios de comunicación están poñendo en cuestión, o liderado pretende dar voz ás inscristas para que respondan se iso é o adecuado ou non. Eu creo que no que fallamos foi en aceptar o marco que nos impoñen os medios de comunicación. Eles queren poder falar do chale, queren poder falar... dicir, que comprase ese chale, ou ese outro chale, te invalida como líder, creo que non deberíamoslle facer caso, entón... Non me apareceu o máis acertado.

Eh, logo, a chegada de Pedro Sánchez ao goberno, co seu “gobierno show-espectáculo”, por suposto... por suposto que nos fai dano. De repente... o sea (*sic*), de repente non somos capaces de comunicar ben que foron os nosos votos os que fixeron posible que Pedro Sánchez estivera na Moncloa, algo... importantísimo. E logo... o Partido Socialista ten a habilidade de ir collendo todo so nosos... *items* programáticos ou... aqueles temas da axenda política que estábamos traballando

máis e poñelos seus, non? Poñelos da súa banda, mesmo como hasta hoxe pola maña, non había máis que escoitar o debate estes... electorais, de agora, fai un par de meses, que parece que fora por Pedro Sánchez polo que subiu o salario mínimo, carai (*sic*)! Cando iso foi froito dunha negociación durísima co noso partido, e eles non querían subir máis do dez por cento.

Pero bueno (*sic*), eres (*sic*) o Partido Socialista, eres (*sic*) sen lugar a dúbidas o partido do réxime, tes o medios de comunicación contigo, repetindo mil e unha veces que eres (*sic*) un goberno super de esquerdas e super-transformador, e que estás con subir o salario mínimo trescentos euro e pois bueno (*sic*)... son as regras do xogo, nós levamos as cartas perdedoras. Claro, por suposto, iso fíxonos moito dano.

*Ent.*:Eh... bueno (*sic*), de que... no sentido de que, dende a Ciencia Política eh... bueno (*sic*), que todavía (*sic*) non cheguei a encontrar un artigo que claramente o diga, pero ás veces se fala de que Podemos... claro, o seu nacemento, está moi enfronta... a idea de Podemos está moi enfrontada coa idea de Izquierda Unida no sentido de eh... é que temos que tirar, romper o taboleiro, é dicir, sacar un novo taboleiro, entón o de arriba-abaixo para poder seducir a un maior número de xente, e polo tanto chegar a ese electorado pois que no eixo esquerda-dereita, se sitúa na esquerda pero... é moderado e entón está entre se votar ao PSOE, se votar a Podemos, entón que... Como que moitas veces se fala de que Podemos abandonou a transversalidade e se está a converter como unha Izquierd... un partido á esquerda do PSOE, que non é tan pequeno como o que era Izquierda Unida, pero tampouco moito máis grande, e que funciona no mesmo sentido no que funcionaba Izquierda Unida no sentido de... unha forza á esquerda do PSOE, que non ten moitas opcións de chegar a ser opción de goberno e que se adica a presionar (*sic*) ao PSOE.

*L.C.*:Si, si, a ver... Perdemos a transversalidade? Lamentablemente si, non sei canto se pode atribuír a unha decisión consciente e provocado polo núcleo dirixente actual, e canto como que que foi o sitio no cal nos colocaron os electores. Seguro que... que hai parte, hai parte das dúas cousas...

É evidente que... unha parte dos votantes do PSOE, que fomos quen de atraelos no '15 e no '16, os fomos perdendo, sobre todo por, tampouco se pode negar que foron dous factores externos, non ten tanto que ver, creo, ou todo que ver con cuestións organizativas senón con dúas cousas que estaban acontecendo afora: por unha banda, o cambio de ciclo económico e a aparente recuperación que fai que a xente se afaste un pouco do noso discurso, que xa non se ve tanto na rúa, non ve tantos recortes, e outra a... a “podemización” do Partido Socialista, que é bastante evidente, como de repente o Partido Socialista ten a cara máis amable, Pedro Sánchez... case parece que saíu de Podemos... bueno (*sic*), si... Os resultados si, que perdemos transversalidade. Agora ben, non debemos... que non debemos renunciar a ela, e como non, como vimos dicindo que Podemos é un partido que viu a gañar as eleccións, bueno (*sic*) tocará... tocará reflexionar, seguramente haberá un

Vistalegre III e o... o obxectivo da transversalidade creo que ten que seguir aí, porque solo dende a transversalidade imos ser quen de ser hexemónicas, que é para o que viñemos.

*Ent.:* Bueno (*sic*), con Pedro Sánchez eh.. claro... todo o que viviu de... ser expulsado da secretaría xeral e logo recuperala, como que lle dá un... un aire de “eu son máis de esquerdas que o PSOE e agora que eu estou no PSOE pois... hai un momento antes e despois de que eu recuperase a secretaría xeral e agora o PSOE como que... vale a pena” eh...

*L.C.:* Si,si.

*Ent.:* E bueno (*sic*)... entre todo iso de que o PSOE de Pedro Sánchez, non é o PSOE de antes e tamén que, toda a heroicidade do relato que... que se está facendo da recuperación da secretaría xeral, que o beneficia, beneficia ao PSOE.

*L.C.:* Si, absolutamente, non? Todo cambia para que todo siga igual. Parece que este Partido Socialista é unha cousa totalmente nova sencillamente (*sic*) porque ten a cara de Pedro Sánchez, eh.. Bueno (*sic*), acaban de pasar as eleccións e xa se está replatexando (*sic*) o goberno con Ciudadanos, entón... Pero si, si, o exercicio de marketing non podía ser mellor, non hai dúbida.

(...)

*Ent.:* E bueno (*sic*), xa no que sería o último punto, eu nesta cronoloxía chego até o que aconteceu en Madrid, nisto, entre finais e principios deste ano, no sentido de a crise que houbo cando Manuela Carmena decídese presentar pola súa banda e.... meses despois, Errejón, que en principio iba (*sic*) a concorrer as autonómicas como o candidato de Podemos, se desmarca e se une á operación de Más Madrid, eh.. Entón, non sei como ves, valoras, este suceso, no sentido, no marco das relacións entre os grupos internos de Podemos, en como pode afectar a Podemos no longo prazo.

(...)

*L.C.:*Creo que... creo que se equivocaron. Sobre todo paréceme un... exercicio de bastante miopía política. Cando falamos, agora ao principio da entrevista, sobre as alcaldías do cambio, eu non teño ningunha dúbida de que as alcaldías do cambio só foron posibles porque estaba Podemos. Que de repente... quen está nas alcaldías do cambio entenda que a marca de Podemos resta (que é o que está no fondo desta manobra) e que por ti mesmo, eres (*sic*) máis capaz...

A min paréceme un erro, a min paréceme un erro sobre todo porque me parece un proxecto sobre todo personalista e pouco colectivo. O que estaba no fondo da decisión... de Carmena, era (*sic*)... creo que era (*sic*) un hiperliderazgo (*sic*) claro, que non vou negarcho, que como coincide co de ela, claro, que por suposto, é o de Pablo Iglesias, pero bueno (*sic*), neste caso eh... querer voar soa sen ningunha organización. Paréceme... paréceme un erro.

Podo entender as motivacións, precisamente isto da maior transversalidade, o entendo, pero... creo que iso ten pouco futuro. Os resultados tampouco parece... parece que avalaran a ese

gran movement, porque efectivamente o Madrid resistiu bastante ben, pero tamén resistiu bastante ben en Barcelona cando... Pablo Iglesias e Podemos estivo completamente pegado á campaña de Ada Colau. Co cal, é difícil, creo, non se pode sacar valoracións de se foi acertada ou desacertada esta estratexia.

Non me parece que sexa a mellor forma de construír política, de crer de repente que ti individualmente eres (*sic*) capaz de levar adiante un proxecto. Igual pode ter éxitos no curto, pode ser, pero no medio-longo creo que non... E claro... Errejón seguindo os seus pasos pois... unha mágoa. É lexítimo, por suposto, querer montar outro partido, pero creo que non é moi honesto, se o teu proxecto é outro partido, que pode selo, entón... que fas presentándote ás primarias de Podemos... pouco respectuoso tamén democraticamente, entón, efectivamente, a min paréceme que chegamos a unha situación insostible en Vistalegre II, con dous proxectos totalmente enfrontados pero si vas, e decides concorrer, e polo que sexa perdes... facer despois manobras... para montar outro partido... pois... non sei, moi bonito e moi limpo non me parece. E logo iso, ao final o que máis importa en política son os resultados, pois tampouco creo que teñen uns resultados moi...

*Ent.*:Eh.. con isto remataría o de historia, eh... Bueno (*sic*), xa estivemos falando un pouco das... agora entraría un pouco de falar do interno de Podemos, do funcionamento e das faccións de Podemos, eh... Claro, polo das faccións, pouco máis do que estivemos falando no sentido de que, para entender un pouco o que acontece en Podemos, co que estivemos falando de... xente da Complutense, pablistas, errejonistas e anticapitalistas se pode entender un pouco, aínda que bueno (*sic*), que... o que dicías ti, do negativo que haxa un excesivo sectarismo e existencia de grupos internos que chegan a non... non chegar a acordos e a dividir o partido e... non sei se queres engadir algo máis sobre os grupos internos....

*L.C.*:Non, a verdade é que non... non sei que máis dicir. É lexítimo ter diferencias políticas pero creo que é un desastre chegar a... a familias totalmente enfrontadas e sectarias, e que non buscan o acordo e o pacto, senón a vitoria e a derrota do rival, iso... fainos, fainos perder xente.

(...)

*Ent.*:Eu, bueno (*sic*), o certo é que.... hai bastantes perfiles (*sic*), no que estiben mirando, por exemplo, Pablo Echenique, que... o certo é que non entra moito nestes grupos, no sentido de... quizais estaría adecuado incluír un novo grupo, quero dicir, en si non tería entidade pero o certo é que hai moita xente en Podemos e... en realidade non ten unha lealdade a nada... é dicir, que non serve este esquema, estes tipos ideais porque o certo é que vai moi ao libre, no sentido de que, vaise acercando aos grupos internos que lle favorecen unha maior cuota (*sic*) de poder.

*L.C.*: Eh, si (risas) seguro que de eso (*sic*) hai. E eso (*sic*) o poñería como o máis negativo, non? Pero seguro que tamén hai outro grupo no cal... eu me sinto bastante identificada, e que creo que

por exemplo en Galicia, non son a única, nin moito menos, e Galicia é bastante exemplo, de persoas que non nos, eh... non nos sentimos identificadas en ningunha destas tres familias porque a lóxica... Esa lóxica das tres familias é esencialmente madrileña e aquí non nos afecta, as claves... eran outras.

(...)

Que penso, que por exemplo en Galicia a tensión foi máis eh... pro-confluencia ou anti-confluencia, entón... nada que tiña que ver con Errejón, porque había xente errejonista moi “confluente”, había xente pablista moi “confluente” e pablista nada “confluente”, entón... Creo que se dan as dúas cousas.

*Ent.:* Claro, si, que en si non hai como... quero dicir, como tampouco é que estean total, quero dicir, non existe correntes formais dentro de Podemos eh... que non.. que non se pode facer... unha clasificación totalmente adecuada dos grupos de Podemos, pero bueno (*sic*), que si, que tamén se ve ás veces que... como que os grupos internos que conforman Podemos, se lle pode chamar así, son por cuestións de importancia nese ámbito, como pode ser o da confluencia aquí en Galicia, que... a cuestión de se ser pablista ou errejonista.

**L.C.:** Si.

*Ent.:* Eh... e bueno (*sic*), logo, coa estrutura de Podemos e o seu funcionamento, e con isto... con este bloque de preguntas xa remataríamos, en plan, sería preguntarche eh... por un lado, os órganos de base (é dicir, os círculos e a “Asamblea Ciudadana”, se non me equivoco) eh... como valoras ti que foi o... o seu funcionamento, no sentido de... nivel e distribución da participación, os temas que se trataban nese espazo ou as relacións entre estes órganos de base e os directivos, por exemplo, os Consellos Cidadáns e o de Coordinación e etcétera.

**L.C.:** Non funcionaron... non están funcionando todo o ben que deberían, pero nun primeiro momento eh... houbo... nas orixes de Podemos, esa explosión de interese, e si que os círculos son órganos moi activos, onde se participa moito, nos que hai un traballo cara arriba, pois por exemplo, nas eleccións do ‘15, pois moito traballo programático de abaixo cara arriba, moitas propostas que nutrían o programa, eh... cun foco concreto.

Que pasa? Que cando se perde o foco concreto, os círculos quédanse un pouco, un pouco desorientados, máis aínda naqueles sitios onde entramos no goberno, pois por exemplo, Compostela ou Coruña, em... en canto non estamos no goberno directamente, o círculo desactivase un pouco porque... a xente non ten un motivo directo para participar, non? Entón... pois... os círculos están nun momento... baixo, claramente baixo.

Creo que o... seu obxectivo e a súa reconfiguración pasa precisamente por... dotalos de obxectivos concretos e non é doado. O sea (*sic*), se non hai un horizonte electoral, non é doado.



Debería de ser, si, o primeiro sitio de participación e de creación de... organización, pero á xente gústalle sentir que a súa participación vale para algo, non? Fai algo que se vai ver en tal cousa. É un reto que temos como organización, dotalos de... de un porque, que a xente non quere participar por participar. Hai que superar un pouco a fase de que... a asemblea sexa un fin en si mesma porque iso non funciona.

Ent.: Eh, bueno (sic), e logo no que serían os órganos directivos, como iso, Consellos Ciudadanos (sic) ou os Consellos de Coordinación, eh.. como verías ti estes órganos seguindo tres variables, como poden ser a cohesión, a centralización de autoridade e o... os procesos de construción de consenso? Porque, bueno (sic), porque mmm.... un pouco xa estivemos falando cos conflitos que houbo, que quizais eh... quero dicir, dende a miña lectura, polo que estiben vendo, o modelo organizativo de Podemos eh... favorece moito que se consiga a cohesión e a centralización da autoridade pero a partir dunha construción do consenso moi... do estilo maioritario, no sentido de que non... non se... non se garda moito espazo ás opcións minoritarias, e polo tanto é cuestión de que quen gaña, o leva todo, e polo tanto o de cohesionar a dirección e... rexir a organización na súa totalidade.

L.C.: Bueno (sic), creo que si, que tes razón, o modelo que temos é... é o maioritario. Ao final, creo que depende conseguir decisións máis consensuadas (sic), co modelo organizativo que temos, depende do voluntarismo das persoas que formamos os órganos, eh... E pódoches poñer o exemplo, que claro, é o único no que estou estes días que é o de Galicia. Eu no tempo no que leva esta nova dirección que foi dende novembro, outubro ou novembro, xa non me acordo, outubro, perdón, eh... Tuvemos (sic) dez reunións xa o Consello Cidadán Galego, e só houbo unha decisión que sometemos a decisión e saíu adiante polo votos de todas excepto por dúas persoas, por poñer un exemplo. Quero dicir, pois como temos vocación de consenso, non precisamos votar, entón todas estas decisións foron tomadas en base ao consenso.

Agora ben, se non o quixeramos facelo, eh... efectivamente, o modelo organizativo non nos obriga, non teríamos porque, sabendo que tes a maioría, vas a unha votación, e sacas o que queiras. Sería unha, outra vez... a ditadura da maioría. Seguramente teñamos que facer... o respecto a esa opinión da minoría non dependa da vontade, senón que se busquen formas organizativas para iso, pero... non sei, si seremos quen.

Ent.: Vale, pois se non me equivoco, esa sería a última pregunta da entrevista. [Remata a entrevista]

**TRANSCRIPCIÓN ENTREVISTA MARCOS CAL (29/05/2019, duración de 1:35:56)**

[O inicio da entrevista non é gravado por un erro. Nesta parte non gravada só xe lle explicou ao entrevistado en que consistirán os bloques de preguntas e se lle fixo a pregunta ao entrevistado sobre que cargos ocupa e ocupou tanto internos coma externos a Podemos]

**M.C.:** Vale, bueno (*sic*), eu comezo en Pontevedra, impulsando o círculo de Podemos Pontevedra, inmediatamente despois de que se impulse o proxecto a nivel estatal, de que fixera o lanzamento Pablo en Madrid eh... En principio actúo como voceiro do círculo, porque non había órganos nun principio eh... En canto se forman os órganos, formo parte do Consello Cidadán Municipal de Pontevedra eh... En canto se conforma o Consello Cidadán Autonómico, eu vou nunha lista dunha candidatura que non gaña, non iba (*sic*) na candidatura de Breogán que foi o primeiro secretario xeral, pero me incorporan aos quince días, me incorporan na secretaría de Comunicación e paso a ser responsable de Extensión de Podemos Galicia, no Consello Cidadán. Despois diso... que ven?... despois diso ven o seguinte CCG<sup>58</sup>, o de Carmen Santos e aí son conselleiro galego (vou noutra candidatura, pero si que entro no Consello) e agora nesta última... e non teño ningún cargo de responsabilidade... Agora neste último Consello Autonómico son secretario de Acción Institucional e Participación Social.

*Ent.:* Como era?

**M.C.:** Secretario de Acción Institucional e Participación Social.

*Ent.:* Vale

**M.C.:** O que a min me gusta un pé na rúa e outro nas institucións.

*Ent.:* Si, xusto (risas).

**M.C.:** Eh, bueno (*sic*), institucional, parlamentario.

*Ent.:* Tamén es concelleiro?

**M.C.:** Non.

*Ent.:* Vale, e que como dixeras que despois tes que ir até Pontevedra despois...

**M.C.:** Ah, non, é a asemblea de círculo Podemos Pontevedra, que eu estou involucrado a nivel local en Podemos e agora estiben traballando en campañas, estiben coordinando a campaña en Pontevedra, estiben moi involucrado, e pechei a lista dunha forma simbólica, pero non...

*Ent.:* A ver, é algo que no Bloque pasa que... Luis Bará...

**M.C.:** Si, Luis Bará, pero agora xa non, neste novo goberno local xa non está.

*Ent.:* Eh... bueno (*sic*), logo sería do que falamos antes, de experiencia política previa...

**M.C.:** Vale, previamente eu teño un pequeno paso pola política partidista, con vinte e dous anos estou durante un ano... bueno (*sic*), participo nunha campaña electoral local. Eu son de A Lama, un

---

58Consello Cidadán Galego

pobo pequeno, de tres mil habitantes, e participo nunha campaña municipal do BNG, que se presenta unha amiga (Erundina), era a primeira vez que no meu pobo se presentaba unha candidatura que non fose nin PP, nin PSOE, nin independente (que si que houbera algunha) pero dun partido alternativo, un partido rupturista, que daquela o Bloque era o único partido que representaba un pouquiño ese, esa política rupturista. E participo, colaboro nesta campaña municipalista, conseguimos meter a Erundina no concello, unha gran noticia nese concello tan pequeno. Durante ese ano estou inscrito no... bueno (*sic*), non sei que figura utilizan ou utilizaban no BNG, durante son... non sei se militante, bueno... esa figura exactamente... creo que militante non é, pero bueno (*sic*), estou inscrito durante un ano, participo nalgunha assemblea eh... Non volví a ter ningunha experiencia partidista dende aquela ehm... porque eu naquel momento me marchara para fora entón desconectei totalmente e nunca volví a tocar, ter experiencia partidista e despois participei moi activamente no movemento social do 15M, participei, facía de voceiro de Pontevedra do 15M, eh... Estiben tamén moi activo tamén nas Marchas da Dignidade, eh... Colaborei, non tanto no fronte (*sic*) como estaba nestes dous movementos, que si que estaba na liña dos movementos a nivel local, participei activamente tamén, acompañei máis ben a APDR (Asociación Pola Defensa da Ría) na loita contra ENCE. Foron así os movementos nos que estiben máis implicado.

*Ent.*: Vale, eh...

**M.C.**: Bueno (*sic*), e un colectivo local. Despois do 15M impulsei un colectivo local que se chamaba Movilízate Pontevedra, que faciamos acción directa na rúa, estibemos como un aníño e pico así... Pero bueno (*sic*), eso (*sic*), era porque botaba de menos ao 15M (risas).

*Ent.*: Eh, vale, pois agora entrariamos no tema de, no bloque de cuestións organizativas, para que deas a túa opinión. Claro na... a seguinte pregunta eu plantexoa (*sic*) de se Podemos tivese que optar por unha das tres opcións cal debería ser na túa opinión a aposta: debería de apostar por centrarse en plantexar (*sic*) unha alternativa ao medio-longo prazo e polo tanto centrarse en conseguir “asalatar los cielos” (*sic*) por así dicilo e chegar a facerse co goberno, facerse co poder? Deberían de centrarse en... na política de a partires de pequenas reformas progresivas que beneficien ao seu electorado, e polo tanto, facer como unha especie de grupo de presión con representación política eh... facer a súa labor de cambio? Ou debería de priorizar eh... coidarse de si mesmo, no sentido de que Podemos se ten que centrar en asegurar ter unha organización sana (*sic*) e... o mellor posible? Quero dicir...

**M.C.**: Que priorizaria?

*Ent.*: Si.

**M.C.**: O que pasa e que a segunda non...

*Ent.*: A segunda é máis de...

**M.C.:** Vamos, que unha sería consolidar a organización, construír organización...

*Ent.:* Si, esa sería a terceira.

**M.C.:** Preocuparse de asaltar as institucións para levar a cabo as nosas políticas e a segunda cal era?

*Ent.:* A segunda é máis nun... nun plantexamento (*sic*) reformista, por así dicilo, de bueno (*sic*), nós temos que asegurarnos unha presenza nas institucións e a partir de aí facer presión nos distintos gobernos para ir sacando adiante...

**M.C.:** Para ir sacando adiante as cousas... Buah, que priorizaria? Eu... pero se teño que priorizar... E que non é doado. E que eu creo que a primeira... a segunda, non? A segunda a descarto totalmente. A segunda a descarto totalmente e dígoche porque: porque eu creo que esta ferramenta que construímos a construímos para gobernar. Creo que para conseguir pequenos cambios, para conseguir pequenas melloras, se opera mellor dende o movemento social. Seguramente investindo as forzas que estas investindo, tendo unha pequena parcela de poder no goberno pois creo que podes conseguir máis dende a rúa, dende a acción social do que podes conseguir ao mellor do que podes conseguir con pouca forza no goberno tal e como está actualmente funcionando o noso modelo.

Pero e que eu creo que a primeira e a última, a construción da organización e asaltar os ceos creo que van da man, e que non creo que poidamos separar unha da outra, porque si... e, e creo que o estamos a vivir agora mesmo, estamos a vivir o que supón estar centrado única e exclusivamente en asaltar os ceos: que a propia consolidación estrutural da organización se viu moi prexudicada neste proceso, e o pagamos agora nestes procesos de municipais e de autonómicas. A falta de... ese desgaste da estrutura, ou esa falta de consolidación da estrutura a nivel territorial, fai que teñamos moitas dificultades para asaltar as institucións no plano municipal. Entón, eu creo que teñen que ir da man, creo que deben ir da man, e que si me dis “que priorizarías?”, bueno (*sic*), as institucións para cambiar as cousas porque a organización é unha cuestión, é unha ferramenta, non un fin en si mesma. Pero claro, eu creo que precisan ir da man, creo que non se pode conseguir unha sen a outra. Porque se consigues (*sic*) chegar ás institucións pero non tes unha estrutura que che poida respaldar (*sic*) fronte (*sic*) todos estes ataques dos medios de comunicación e do poder, ao final tampouco acabas conseguir consolidarte.

*Ent.:* Eh... o seguinte sería sobre como ves que deberían ser os obxectivos do partido... está bastante ligado co anterior de... claro... sería de... Se Podemos ven a facer grandes cambios eh... centralos nunhas poucas políticas públicas, moi acoutadas, ou quizais que ten que ser transversal. Por exemplo, os partidos verdes ou os partidos animalistas eh... teñen unha gran carga de cambio social, querendo cambiar elementos da sociedade pero céntranse moito en certas políticas públicas. Entón, Podemos quizais é máis transversal, máis ampla mira, por así dicir...

**M.C.:** Claro, a ver, eu creo que hai moitísimas cousas importantes que hai que levar a cabo pero eu creo que se poden resumir, o sea (*sic*), se poden centralizar en... nada, parte económica por unha banda e fiscal, o sea (*sic*), o modelo fiscal determina completamente o modelo político porque... bueno (*sic*), a fiscalidade progresiva e se tes máis orzamentos, pois podes redistribuír mellor a riqueza, o sea (*sic*), a cuestión fiscal é fundamental baixo o meu punto de vista. E despois eu creo que hai dúas cuestións fundamentais á hora de aplicar políticas: unha é a parte medioambiental, a parte ecolóxica, a crise medioambiental, a crise climática, eu creo que é unha cuestión que é fundamental e prioritaria, e a outra é a parte da xustiza social eh... de proporcionar unha vida digna ás maiorías sociais, eu creo que son dúas cuestións fundamentais. Pero eso (*sic*), si a esa transversalidade, pero se queres que centre, eu centraría a cuestións fundamentais a xustiza social eh... a conservación medioambiental, e iso vai ligado á reforma fiscal, para aplicar a xustiza social precisas unha reforma fiscal. Pouco será o eixo central para min, e a xustiza social pois metemos igualdade, metemos pensións dignas, metemos bueno (*sic*), un pouco todas estas cuestións... vivenda accesible...

**Ent.:** Si, que a diferenza, no que é máis unha visión reducida do que terían que ser os obxectivos pois eso (*sic*), por exemplo os partidos verdes céntranse sobre todo en política medioambiental eh... non sei, os partidos agrarios céntranse na agricultura...

**M.C.:** Xa, a ver, se o tivéssemos que centrar nunha... nun segmento político creo que a nosa organización dende o principio se sitúa moito na xustiza social, pero creo que no contexto climático, medioambiental no que estamos...

**Ent.:** É imposible.

**M.C.:** Hai que atender como unha prioridade tamén esa cuestión porque se non non hai planeta, non hai futuro para aplicar a xustiza social, é unha cuestión de emerxencia.

**Ent.:** Eh.. bueno (*sic*), tamén, un pouco, claro, un pouco ligado... claro, o esquema que teríamos agora sería eh... os tipos ideais, por así dicilo, serían unha forza que ven a cambialo a todo, polo tanto, ten que ter unha visión ampla eh... prestar importancia dunha forma transversal a todas as políticas públicas porque ten que facer un gran cambio, ou máis ben un partido así de... eu teño o meu electorado, un pequeno grupo de xente que me vota porque lle interesa un par de políticas e me adico a eso (*sic*), facer pequenas reformas. Pero o certo é que ese esquema non funciona moi ben para Podemos porque xa Podemos di que ven a cambialo todo para o común da cidadanía, desborda o que ben sendo unha clientela electoral, por así dicilo.

**M.C.:** Vale, e eu a nivel persoal creo nun proxecto transversal, de maiorías e con, con... cun carácter máis populista, que é capaz... que teña capacidade de interpelar a unha gran maioría social, que non se trate centrada nas cuestións, nunhas identidades concretas ou nun segmento da

poboación concreto. O sea (*sic*), xa o dicíamos ao principio: o 90%, non? Eu creo que é un pouco a... a política que eu defendo, a forma de facer política partidista é unha política que sexa capaz de interpelar ao 90% da poboación.

*Ent.:* Eh, bueno (*sic*), logo sería coa política de alianzas, por así dicilo, de Podemos, eh... claro, cal debería de ser a súa actitude? Debería ser, ou sempre evitar os pactos porque iso pode poñer en dúbida as metas transformadoras de Podemos ou debe de pular pola outra cara da moeda, de sempre partir que hai que ser pragmáticos e que hai que chegar a pactos, e polo tanto, de primeiras hai que pactar ou, non sei, quizais un pouco ir mirando cada caso segundo con cales son as forzas coas que se poden pactar e demais...

**M.C.:** A ver, eu creo que indo en contra dos intereses dun partido político, eu creo que debemos de buscar sempre a situación que sexa mellor para a cidadanía. Se nun momento dado, e estamos agora nese debate a nivel do Estado... por exemplo, eu agora o que defendo a a nivel do Estado, decía (*sic*) Garzón nun artigo onte, eh... Poder chegar a un acordo co Partido Socialista en base a un programa, a unha liña programática, en base a unhas actuacións, comprometendo unha serie de actuacións que nós entendemos que son necesarias. Eh.. si non se conseguen esas metas, se non temos a garantía de que ese pacto vai servir para ter unha serie de melloras que son necesarias, eu prefiro non pactar, o sea (*sic*), o pacto polo pacto, ou simplemente estar no goberno para tratar dende o goberno ter un pouco, sabes? Poder, eh... poder facer algo máis, eu o vexo... eu non creo nesa forma de facer política aínda que a veces te pode prexudicar como organización política, o sea (*sic*), eu creo que os pactos están ben sempre e cando vaian en base a un programa e sigan un obxectivos que melloran a vida da xente. Aínda que tamén te poden prexudicar, porque ao final tamén te fagocita a parte grande e demais, pero bueno (*sic*), eu creo que viñemos a facer política de maneira honesta e creo que temos que antepoñer os intereses da cidadanía a que bueno (*sic*), que nun momento dado podes saír un pouco prexudicado dunha política de pactos. Pero creo que eses pactos teñen que ser sempre en base a melloras programáticas, a cuestións programáticas que melloren a vida da xente.

E que sexa moi claro e moi transparente, “chegamos a este pacto porque grazas a este pacto vamos a subir o SMI, vamos a mellorar as pensións, vamos a...” sempre moi clariño, non simplemente repartir ministerios.

*Ent.:* Vale, logo sería como verías ti, cal debería de ser a forma organizativa do partido, no sentido de que claro, moitas veces se contrapón eh... a vella forma organizativa do partido á usanza: moi profesional, rotación de cargos practicamente inexistente, moi burocrática no sentido de eh... os dirixentes saben o que teñen que dicir e a militancia sabe calar, no sentido de todos os conflitos internos e tamén que hai un... unha diferenza eh... entre o que, bueno (*sic*), o que falabas, militante, simpatizante e demais; ou quizais o que se plantexa (*sic*) dende xa fai bastante tempo de

organizacións abertas, que os partidos sexan máis coma un movemento social e político, entón pois, evitar ter esa elite profesional que se perpetua no poder grazas as relacións cunha, como dicilo, cunha aristocracia militante que, claro, como hai diferencias se van conseguindo facer cos espazos de base eh... bueno (sic), tamén coa tolerancia no sentido de permitimos a calquera... permitimos a libre expresión da base pero tamén na dirección, en plan, no sentido de xa non cuestión de os debates internos son transparentes e abertos senón tamén que dentro da dirección pode haber eh... marxe de libre expresión dos dirixentes, máis aló do que estableza a formación.

**M.C.:** A ver, eu creo profundamente no partido-movemento, na fórmula de partido-movemento, pero tamén é certo que é moi complexa, que é moi difícil. Bueno (sic), nós o acabamos de vivir durante estes anos, tamén foron anos moi convulsos, con moita presión, con moitos procesos, que ao final complican moitísimo o propio funcionamento, e creo que ao final tamén... e que claro vou a falar da experiencia destes cinco anos, ao mellor noutro contexto político, social e noutro... momento ao mellor se podía desenrolar doutra forma, pero eu o que vivín durante estes cinco anos é que a fórmula partido-movemento nun momento no cal hai moitos procesos electorais é complicada.

Tamén é certo, e tamén creo que se podía ter feito moito mellor, o sea (sic) que dentro desa complicación creo que se podía ter desenrolado moito mellor do que se desenrolou. Porque ao final si é certo... que esos (sic) espazos (sic) que supostamente (sic) xeramos para o debate, ao final son espazos nos que se debate pero se decide pouco, porque realmente durante todos estes anos houbo unha dirección que claramente foi marcando o rumbo. Mesmo aínda que ti fagas preguntas, non? Porque nós en cada proceso consultamos as cuestións importantes... bueno (sic), aínda que ti fagas preguntas, a forma na que plantexas (sic) a pregunta e quen defende esa pregunta vai condicionar moitísimo ese resultado.

Entón, eu... creo firmemente no partido-movemento pero creo que precisamos de moita pedagogía, moita aprendizaxe, moito... máis percorrido para que algo así poida funcionar correctamente. Eh... creo que non... que nese sentido creo que non conseguimos os obxectivos, o sea (sic) creo na parte organizativa, no que nun principio lanzamos non conseguimos eses obxectivos e creo que ten que ver con dúas cuestións: unha, que fai falta... rodaxe, aprendizaxe, pedagogía para que estas cousas funcionen ben e por outra banda, eu tamén creo que se cometeron erros, que se podía ter feito mellor. Creo que faltou unha aposta moito máis decidida por esa parte.

*Ent.:* Vale, agora entrariamos no da... na cuestión da historia... entón, empezariamos co momento fundacional, claro, eu marco o momento... plantexo (sic) que a fundación de Podemos é entre xaneiro de 2014 que é cando é a presentación até outubro, novembro que é cando pecha Vistalegre I. Entón polo medio están as eleccións europeas e que, polo que estou constatando que tivo moita

importancia na fundación de Podemos porque foi un momento de antes e de despois, entón, como o ves ti?

**M.C.:** Vale, pois si eu che conto a miña experiencia porque temos a sorte de que eu estiben dende o primeiro momento porque... a maioría da xente que está agora en Podemos case toda se incorporou despois das europeas, porque a maioría da xente de Podemos se integrou despois das europeas, entón si que hai menos xente coa que poidas falar, que poida falar dese proceso. Por iso digo que nese sentido temos sorte porque por exemplo, no meu caso, de Pontevedra son o único que sobreviv... que a día de hoxe segue en Podemos dos que estabamos ao principio.

Eh... cando se lanza o proxecto polas redes sociais, cando lanza Pablo o proxecto, eu creo que... estábamos bastante xente que seguíamos La Tuerka, que seguíamos a Pablo nos medios e que tiñamos como esa... como esa necesidade, ou esa inquedaanza de participar precisamente. O sea (*sic*) que entendíamos que era o momento de participar na parte institucional eh... Xusto dous meses antes de que se lance Podemos, eu teño unha conversación con Ángela Rodríguez, con “Pam”, que somos colegas en Pontevedra, eh... Na que os dous estamos falando sobre o momento, porque tiñamos os dous experiencia no 15M e en movementos sociais, ela máis na parte do feminismo, eh... E mostramos os dous a inquedaanza de participar, de ter unha participación institucional, que viamos que o momento, a conxuntura, todo ese momento eh... pedía participación que... que digamos, que toda esta corrente que se viña facendo nos movementos sociais, que dalgunha maneira se traspasara ás institucións. Eh... eu me acerco a algunha asemblea de Esquerda Unida nese momento, porque tiñamos esa inquedaanza, entón lle dixen, lle comentei a Pam que bueno (*sic*), eu eh... fora a algunha asemblea de Esquerda Unida, que tiña pensado volver, que cando fora a próxima a avisaba, que estaba guay, colaborar dentro das institucións e bueno (*sic*), naquel momento pois o que máis nos sentíamos identificados e co que estábamos dispostos a colaborar era en Esquerda Unida. E xusto dous meses despois se lanza Podemos.

Eu creo... eu digo isto porque creo que o caldo de cultivo estaba aí, creo que cando se fai este lanzamento, igual que eu, Pam, estabamos con este tipo de conversas, pois moitísima xente tamén estaba con este tipo de conversas. Pois en Pontevedra, che falo dende a experiencia que teño dende a nivel local porque é a que teño neses dous meses eh... Empezamos a, fixemos a primeira convocatoria e apareceu unha persoa, eu fixen convite a todo o espazo do 15M porque entendía que de aí se podía achegar moitísima xente, non funcionou, a xente do 15M non tiña moitas ganas de participar naquel momento, aínda que despois si que se incorporaron algunhas persoas pero daquela non eh... Participamos... eramos un grupo de oito persoas para... nos primeiros meses, entre digamos o lanzamento, nós en Pontevedra empezamos en... a finais de Febreiro, se non me equivoco, e hasta as europeas somos un grupo de oito persoas.



Unha vez que... despois das europeas, despois da sorpresa das europeas pasamos de oito persoas a na seguinte asemblea duascenas persoas. Claro, nós en Pontevedra, a experiencia que eu teño a nivel persoal e que cando, bueno (*sic*) co resultado das europeas todas estábamos moi felices, para min o día seguinte foi un dos máis felices da miña vida, non mo creía (*sic*) como apoiás algo que cres que non, que é transformador e ves que, bueno (*sic*), hai un millón e pico de persoas que sen ter publicidade mediática e demais, pois dan o apoio pois pareceume brutal. Eh... nós tardamos quince días en convocar unha asemblea porque vemos que nos primeiros sitios onde se convocan asembleas eh... se abarrotan, e se descontrolan, entón nós non tiñamos capacidade para afrontar unha situación así, porque nós ao que nos adicamos dende aquel tempo foi a ter as primeiras xuntanzas e a facer unha campaña electoral, o sea (*sic*), non tiñamos moito máis que lle dicir a ninguén, vamos, agora diciamos que imos facer a asemblea e vai vir un montón de peña a cal non lle temos nada que dicirlle, estabamos bastante asustadas.

Entón tardamos quince días en convocar a primeira xuntanza, e nesa primeira xuntanza decidimos estruturar, facer unha estrutura de traballo, porque tiñamos medo aos debates eternos e a que viñera moitísima xente e ao final non servira para nada, entón o que decidimos é xerar unha estrutura de traballo coa distintas... áreas sectoriais e demais para, cando convoquemos unha asemblea, dicir pois “isto funciona así”, “isto é así”, “hai estas áreas de traballo”, para incorporar a xente a traballar e para impulsar dun xeito máis práctico. Eso (*sic*)... as europeas son un efecto chamada brutal, porque sí que había un montón de xente que, unha, non coñecían, había xente que incluso o día das eleccións mesmo dicían “que é iso de Podemos que teñen cinco eurodiputados?”, porque aínda había xente que despois das votacións non se... se lle pasara desapercibido que houbera un partido dese tipo, e entón claro, isto fai un efecto chamada que fai que moitísima xente se ilusiona con que hai algo novo, dunha persoa pois que viron na televisión e que lle gustou o que estaba dicindo, e iso animou a moitísima xente a participar. Despois dese primeiro impacto eh... porque eu, é extrapolable a todo o proceso, o sea (*sic*), o que pasou en Pontevedra, en todos os sitios as proporcións foron parecidas eh... E despois desas duascenas persoas na seguinte asemblea, pois pasamos a asembleas de sesenta, setenta persoas semanais e ao final acábase quedando un grupo máis ou menos de corenta persoas en Pontevedra. Pasamos de oito antes das europeas, a duascenas inmediatamente despois e despois vai descendendo até un grupo estable de unhas corenta persoas.

Eh... e así chegamos a... eh... ao verán, o que nos fai reducirnos ou facernos máis pequenos desas corenta persoas é o comezo dos procesos municipais. Aquí en Galicia, como estamos polos procesos de confluencia, evidentemente moito máis conflictivo, moito máis complicado presentarse directamente ás eleccións, entón iso nos xerou moitos problemas, moitos roces, moitas diferencias, de visións de como tiñamos que construír, e no noso caso, en Pontevedra, apostamos un grupo de

xente que andamos un pouco, os que liderábamos un pouco o proceso eh... apostamos polo proceso de confluencias, xa se creara a Marea Atlántica, xa estaba impulsada a Marea Atlántica. Entón, empezamos a falar da necesidade de lanzar un proxecto desas características na nosa cidade. Temos xuntanzas co resto de organizacións políticas, con Esquerda Unida, naquel momento Esquerda Unida, Ecosocialistas e Anova en Pontevedra, e Podemos, nos xuntamos estas catro organizacións para tratar de impulsar un proxecto municipalista e iso nos fai moito dano... lle fai moito dano ao círculo de Podemos, hai divisións de opinións, entón nós a título... nós, claro éramos xente que tiña unha participación activista moi importante na cidade... e a motu pro... o sea (*sic*), de forma natural, pois coincidimos nunha mobilización, “oe, que temos que quedar para ver de impulsar algo en Pontevedra e tal” e arrancamus iso, e iso xera problemas no propio círculo onde hai xente que pon enriba da súa mesa as súas... expón as súas queixas de que haxa xente de Podemos participando diso. Iso nos leva a unha tensión bastante importante e divide ao grupo entre a xente que está a favor, bueno (*sic*), nós defendíamos que o facíamos a título individual pero evidentemente si que había unha vinculación clara, non?. Eh... iso divide o grupo en dous, eu creo que iso pasou máis en outros sitios, non ao mellor a nivel fisicamente de dividir en dous como pasou en Pontevedra que se creou outro grupo que estaba en contra da confluencia, de ampliar, ensanchar e buscar aliados e os que si que estábamos a favor dun proceso de fronte amplo, de crear espazos máis amplos, eh... Aí nos dividimos en dous e iso nos pasou moita factura, porque eu creo que en Galiza, igual que en Cataluña, Podemos é moi diferente ao resto do Estado porque temos esta cuestión dos procesos de confluencia, entón... cando cheguemos ao das familias de Podemos tamén profundarei máis niso porque creo que é importante, cando se fala de familias, Galicia e Cataluña funcionamos de forma diferente pola propia realidade política, eh...

E chegamos a Vistalegre II, Vistalegre I, perdón, chegamos a Vistalegre I cun desgaste provocado por estes procesos de construción municipal e chegamos a Vistalegre I... coa organización, coa militancia... cun debate na militancia, cun malestar na militancia con respecto á forma na que se constrúe a dirección. É dicir, había moitísima xente que estaba a participar nese momento que si que cría na construción horizontal, e na construción dun partido moito máis horizontal, que participa e crean documentos, porque isto xera moita ilusión, porque para crear os órganos, o modelo organizativo, o político, o ético, pois que a xente presente os seus documentos, e a xente elixa e decida, hai moita xente que se involucra nisto con... Eu tiña moito contacto cun equipo que estaba conformado por xente de Vilagarcía, Pontevedra, xente de Tomiño, algunha de Vigo, bueno (*sic*), así na provincia de Pontevedra, varios círculos, varias persoas dos distintos círculos se xuntaran para facer unha serie de documentos, iso moi de cerca, e que logo iso xera moita decepción no momento en que ves os referentes da organización todos conxuntamente fan

unha proposta de modelo, porque sabes que evidentemente non tes nada que facer e que ao final eses, ese proceso participativo realmente non é tal, porque ao final hai unha proposta que todos sabemos que vai a gañar. Entón iso xera tamén algo de malestar e aí tamén algo se perde, se perde unha xente que prefería un modelo menos dependente dos líderes, digamos, máis parecido ao que foi o 15M, e sobre todo a xente que viñamos sobre todo máis desa corrente, si que aí nos decepcionou un pouco o camiño, pero tamén creo que, bueno (sic), a maioría da organización entendeu que nese momento pois había unha aposta clara por asaltar as institucións, que non se podía conseguir facendo doutra maneira porque sería un cristo, non había tempo e bueno (sic), se fixo unha aposta por ese modelo naquel momento, pois bueno (sic), a maioría seguimos adiante aínda que non fora o modelo que máis nos gustaba, porque entendíamos que nese momento pois... puxemos a nosa confianza nesa tese, nesa visión e nesa análise e tiramos adiante aínda que si que se quedou xente atrás por esa situación.

Por iso creo que en Galicia, até Vistalegre II, as dúas cuestións que van facendo caer xente dende ese primeiro *boom* son os procesos de confluencia a nivel municipal e Vistalegre I, a decepción que sente algunha xente que, bueno (sic), que realmente non sexa tan participativo e que a voz non conte da mesma maneira no sentido de que... de feito, o que se comentaba moito naqueles días era que “vale, paréceme ben pero que me digan dende o principio que así non me mato a preparar documentos”, era un pouco esa sensación.

*Ent.:* Vale, bueno (sic) entraríamos entón no desenvolvemento. Bueno (sic), xa falamos un pouco das municipais porque xa na, quero dicir, xa dixemos que foi unha decisión como moi importante de cara a... moi relevante de que Podemos decidise non... xa en Vistalegre I, que nas municipais non se ía coa marca Podemos, senón que había que participar en candidaturas municipalistas, pero iso non sería marca Podemos. Si que para as autonómicas vían capacidade para presentarse coa marca de Podemos eh.. nada, iso que quizais xera moito conflito interno de cara a como presentarse nunha candidatura municipalista.

**M.C.:** Claro, a ver, dúas cuestións: unha, vouche facer unha valoración desa decisión de non presentarse como Podemos a esas eleccións porque creo que hai chicha aí e que é unha decisión que marca totalmente o rumbo da organización, e por outra banda os procesos de confluencia.

Con respecto aos procesos de confluencia, xa comentei algo no anterior, xeraron fricción porque dentro de... a Podemos se achegou moitísima xente, totalmente desencantada cos partidos tradicionais, bueno (sic), xa sabes as características do proceso, non? Pero non confían absolutamente en ninguén que estivera facendo política anteriormente. O sea (sic), como que se leva o extremo, non? Como que se leva ao extremo... o “non nos representan” se leva ao extremo. Entón, claro, hai organización como pode ser Esquerda Unida, como pode ser Anova, que tamén nace ao

calor do 15M, que si que estaban a poñer enriba da mesa unha propostas que podíamos compartir e que podíamos defender, pero como que había un receo excesivo a calquera persoa que estivera facendo política institucional antes de Podemos.

Entón, claro, eses procesos nos que... xunto a xente de Esquerda Unida, de Anova, de Equo, de Ecosocialistas, e das distintas organizacións que.. bueno (sic), eu creo que en Galicia non hai ningunha máis que puidera participar neses procesos.. bueno (sic), nalgún sitio participou Compromiso por Galicia, tamén, bueno (sic), en cada sitio... Hubo (sic) moita xente que se negaba rotundamente a falar con ningunha destas persoas, que isto era algo novo, nova política, xente normal facendo política, e que non encaixaba compartir espazo con partidos que xa viñan participando. Entón isto xerou moitísima fricción, moitísimo conflito, e iso, dividiu grupos e lastrou moito. Eh... pero eu penso que naquel momento, eh... creo que eran proceso ilusionantes, que eran procesos que realmente levaban ao municipal o discurso que estabamos levando, o discurso co que nós construímos o noso espazo: “aquí non se mira o carné a ninguén”, “imos crear espazos amplos, da cidadanía” e tal. Entón, realmente se estaba a construír a nivel municipal o que nós estabamos a construír nun primeiro momento para as europeas, pero para moita xente non era aceptable.

Por outra banda, a decisión de non presentarnos ás municipais, é certo que naquel momento era moi arriscado presentarse ás municipais porque claro, co impacto que tivo era moi difícil controlar todo o que pasaba en tódolos municipios. Nós empezamos, porque eu naquel momento era secretario de Extensión e entón o teño moi controlado, chegamos a ser oitenta círculo en Galicia, operativos, entón ti controlar oitenta procesos municipais que non... que non se faga ningunha loucura, porque claro... aínda non había... bueno (sic), aínda non hai hoxe, disciplina militante e non había unha cultura política clara, unha liña política clara, que todo o mundo soubera “nós defendemos claramente isto” porque ao principio había xente que estaba en distintos espazos ideolóxicos, e que podía defender posicións a nivel municipal que podían facer dano ao proceso xeral. Entón, había como moito receo, porque... imaxínate Galicia, onde tiñamos oitenta círculos, pois que tiveran que constituír a candidatura municipal, máis un montón de xente por pueblos (sic) por aí adiante que dixeran “pois fago unha candidatura de Podemos, porque isto está agora de moda”.

Entón, eu creo que houbo un exceso de medo e de receo ao que puidese pasar, e que iso se descontrolase e se cargase o propio proxecto, porque sabemos que como ven funcionando o poder un erro nun pueblo (sic) de tres mil habitantes salpica a Podemos a nivel de Estado, e os medios de comunicación van estar un mes poñendo enriba da mesa que unha persoa de Podemos dun pueblo (sic) de tres mil habitantes cometeu un erro entón claro, como había ese exceso de celo pois

decidiuse que non nos presentásemos. Eu naquel momento defendía que non nos presentásemos, eu fun dos que máis defendeu esa posición...

*Ent.:* A de non presentarse?

**M.C.:** A de non presentarse. En Galicia fomos excesivamente eh... o levamos ó limite, o sea (*sic*), non permitíamos absolutamente nada porque a xente que levabamos a organización daquela si que pensábamos que era unha decisión adecuada. A día de hoxe teño dúbidas, de se foi unha decisión acertada, e posiblemente, se tivera que volver atrás, posiblemente si que me presentaría. Vamos, agora si que tentaría presentarme ás eleccións, tratando de buscar alianzas, espazos amplos pero si que faría unha aposta seria por presentarnos ás eleccións. Eh... posiblemente naqueles sitios onde si que se están a construír mareas municipalistas, dentro desas mareas municipalistas, pero si que permitiría a xente de Podemos, porque nin iso permitiamos... Aquí en Galicia o que fixemos foi que se alguén quería participar nun proceso municipal e tiña un cargo orgánico, tiña que deixar o seu cargo orgánico, e a min paréceme que foi algo totalmente excesivo porque ao final eh.. si que creo que o pagamos nestes últimos catro anos.

Ao non ter actividade municipal, fai que a nivel municipal a xente pois, bueno (*sic*), perda motivación ou non teña claros os horizontes de participación a nivel municipal e iso como que fai que todas esteamos moi preocupadas de que está a facer a dirección autonómica, a dirección estatal, e iso tamén nos enreda nas, nas... nos debates diarios que nos enredan e que ao final acabamos pelexándonos porque non temos un traballo claro, concreto a nivel municipal. Eu creo que se tiveramos unha actividade municipal moito máis clara, se tiveramos á nosa xente traballando no municipal, creo que se nos facilitaría moitísimo todo o resto do traballo. Porque temos uns obxectivos claros para mellorar a vida da xente dende xa, e creo que non nos enfrascariámos tanto en debates que nos levan a moita tensión, desgaste que non teríamos se xa tiveramos un traballo...

*Ent.:* Palpable.

**M.C.:** Si, palpable, claro.

*Ent.:* Eh...

**M.C.:** E creo que o pagamos neste proceso, neste proceso foi o que pagamos, pagamos esa falta de presenza previa, eu estiben coordinando a campaña de Pontevedra e claro, estamos lanzando un proxecto que acaba de aparecer, que realmente para a cidadanía eres (*sic*) novo a nivel municipal, porque Podemos non se presentara nunca no municipal, porque non coñece ás persoas que están ao fronte. Tamén é certo que como deixamos a cancha de Marea de Pontevedra pois tamén é certo que non tivemos actividade municipal, pero eu creo que agora pagamos... porque se houberamos entrado naquel momento, agora teríamos unha maior capacidade de resistencia, e de consolidación,

que ao mellor non teríamos uns bos resultados pero si que nos poderíamos manter, manernos nos gobernos e iso creo que nos penalizou.

*Ent.:* Si, bueno (sic), como os partidos pequenos como eso (sic), Ciudadanos, Vox, quero dicir, estase vendo...

**M.C.:** Nos pasou o mesmo...

*Ent.:* Claro...

**M.C.:** Nos faltou estrutura.

*Ent.:* Claro, ven que lles falta estrutura e deciden ou a opción de Podemos ou a opción que decidiu Ciudadanos e Vox de nós nos presentamos aínda que non cheguemos a todos os municipios e todo o demais, e que os resultados a curto prazo desas municipais pois son defraudantes, creo. Non che crea problemas despois para pouco a pouco ir crescendo.

**M.C.:** Claro, esta nese movemento. E de feito agora nós pagamos o mesmo que pagou Ciudadanos e Vox, esa falta de traballo e de estrutura previa, cando nós podíamos ter feito ese traballo e ter esa estrutura nestes últimos catro anos.

*Ent.:* Si, eh... bueno (sic), bastante ligado con isto, a decisión de presentarse coas confluencias autonómicas, é dicir, aquí En Marea, en Cataluña xa fora Catalunya Si Que es Pot e logo En Comun Podem, en plan, empezouse xa nas catalás de 2015, pero logo...

**M.C.:** Adelante Andalucía tamén...

*Ent.:* Tamén. bueno (sic), con Adelante Andalucía non... quero dicir, nas lecturas que estiben facendo cando se fala de confluencias e todo o demais, faise máis referencia ás nacionalidades históricas, onde hai presenza de partidos eh... PANEs, partidos de ámbito non estatal, entón Adelante Andalucía enténdese máis como unha prolongación de...

**M.C.:** Xa, pero non está o Partido Andalucista, eu creo, non?

*Ent.:* Si? Eu creo que se disolveron... Non sei... Pero iso, a decisión en 2015 de presentarse e xa logo se foi reeditando e demais, bueno (sic), eu de momento só me estou a centrar en eleccións xerais pero bueno (sic)... a decisión de presentarse coas confluencias como as viches...

**M.C.:** A ver, eu no seu momento as defendín moitísimo, estiben en primeira liña de loita para conseguilo eh... como sabes en Galicia non foi doado, e tivemos moitos, moitos, momentos difíciles, e eu participei directamente en Mareas en Común, participei en todo ese proceso, o sea (sic), estiben en primeira liña en todo ese proceso, porque creía (sic) enormemente, igual que o que defendía a nivel municipal, na construción de espazos amplos que... Podemos nun primeiro momento nace como iso, Podemos pretende ser un espazo aglutinador de toda esa xente desencantada coa situación política, decidira dar un paso e participar.

Que pasa? Que ti si cando ves que hai máis xente que busca o mesmo pero que non se sente interpelado por Podemos, creo que si tes ese discurso de crear un espazo amplo, onde todo o mundo poida participar e onde non lle pidas o carné a ninguén para mudar as cousas, creo que o máis honesto e de sentido común, é que si non o consegues con Podemos, porque hai xente que o prefire facer dende outros espazos, aquí en Galicia o vimos moi claramente coas mareas municipalistas, que se constrúen co mesmo ideario que Podemos, pero non é Podemos, eu creo que o máis honesto, o máis lóxico é intentar abrazar todos eses espazos, bueno (sic), non ser *hooligan* de marca, non ser fetichista de marca e dicir, home, pois aquí en vez de chamarnos Podemos nos chamamos Marea de Pontevedra, Marea Atlántica, Compostela Aberta, e despois a nivel autonómico En Marea, pero o proceso... a ferramenta é a mesma, entón, eu creo que dende ese punto de vista, moitas fixemos esa aposta porque críamos que Podemos Galicia tiña que ensancharse moito máis, que había moita xente fora de Podemos que cría no mesmo proxecto que defendíamos eh... moita xente pois decidimos loitar por esa, por ese proceso.

Tamén é certo que nós temos un proceso político previo que nos condiciona que é a construción de AGE, nos condiciona totalmente o noso espazo político, de tal xeito que nos non... non chegamos a un lugar onde non hai ningunha experiencia previa e entón Podemos se lanza, como puido ser Euskadi que foron en solitario, porque non tiñan ao mellor todo ese proceso previo, unha situación moi diferente, pero aquí claro, ao ter aquí o proceso previo de AGE que xa é digamos un impulso, unha proposta política que nace ao calor do 15M, con Anova dentro, que é unha organización nacionalista que nace, que se impulsa co 15M e con ese espírito, creo que iso é algo que non podes obviar, non podes mirar a outro lado, tes que mirar a fórmula de integrar todo iso e darlle unha continuidade a iso e revolucionalo dalgunha maneira.

Nun primeiro momento se opta pola fórmula de coalición para as estatais, porque daquel momento pois, bueno (sic), igual non se podía facer moito máis, eu tamén me chamaron rápido e se apostou por esa fórmula, pero si que é certo que xa moitas tiñamos na cabeza esa idea de construír espazos máis amplos, que non sexan formato de coalición. Despois do formato de coalición, e despois do éxito das xerais de 2015, co posterior menor éxito de xuño, aí xa máis xente comeza a falar da necesidade de evolucionar ese proceso e de crear un espazo único no que todo o mundo participe e demais, eh... Apostamos, moitas apostamos por ese proceso e chegamos ás autonómicas onde tiñamos á organización dividida en dous, claramente en dúas partes: os que apostabamos por integrarnos dentro do espazo de En Marea e construír un espazo moi amplo para operar dende aí, e a xente que defendía que Podemos se presentase só. Iso creo que nos produxo (sic) moito desgaste eh... na organización eh... e bueno (sic), eu estaba, como digo, a miña visión estaba do lado dos que críamos que tiñamos que estar nun espazo amplo.

É certo que ese espazo non funcionou, non sorprendo a ninguén se digo iso (risas) eh... pero creo que aquí, aínda que si me iría a responsabilidades finais, que a estocada final eu si que lle poño nome e apelidos, pero eh... dende un principio creo que a construción se cometen erros dende moitas partes. Nós, digamos a parte da organización de Podemos que aposta polo proceso de confluencia e de integración en En Marea, perdemos nas primarias, aquela candidatura encabezada por Pam, por Ángela Rodríguez, perdemos nesas primarias, o noso plan evidentemente era gañar esas primarias e seguir desenrolando o proxecto, o espazo común, onde nós tiveramos moitísimo peso e dalgunha forma, xunto coas alcaldías do cambio lideramos todo ese proceso, iso é o que tiñamos na cabeza pero claro, ao perder o proceso de primarias por cincuenta de dous votos, que non olvidaremos (*sic*) nunca, eh... ao perder ese proceso de primarias, non olvidaremos (*sic*) nunca non por un tema persoal senón por como iso condicionou todo o proceso político que vivimos en Galicia porque a dirección que entra, entra defendendo unha posición identitaria de Podemos (que Podemos se presente só), gaña as eleccións con esa proposta eh... comeza o seu camiño distanciándose de En Marea, iso é o que fai que, bueno (*sic*), que Esquerda Unida tamén se distancia de En Marea e iso é o que fai que se conformen os primeiros órganos de En Marea sen a participación de Podemos e de Esquerda Unida, entón claro, ese espazo non é representativo do espazo de cambio e das forzas reais que hai de cambio, nese momento Podemos é claramente a forza... a forza máis grande, máis potente, con máis militancia, con máis electorado e demais.

Entón eu creo que iso condiciona totalmente todo, por iso digo que... non responsabilidades, pero si causas diversas que nos fai chegar a onde chegamos. Eu creo que se tiveramos gañado o proceso de primarias e tiveramos eh... acompañado a dirección por apostar claramente por ese proceso, eu creo que se tería dado doutra maneira, e agora posiblemente estivese funcionando, eu así o creo, pero como iso non aconteceu pois ao final se construíu a dirección dunha forma concreta, eh... cunhas maiorías concretas, que no espazo representan unhas minorías e que ao final nos fan chegar a onde chegamos.

Nós claro, cando muda de novo a dirección de Podemos Galicia e entra unha dirección que claramente apostamos pola confluencia, tratamos de engancharnos ao proceso de En Marea pero claro, co resultado que xa coñecemos, chegamos moi xustos ao plenario, un plenario bronco (*sic*), que ao final gañamos, pero... para poder, para que nos de tempo para integrarnos no proceso, eh... pois bueno (*sic*), houbo o proceso de primarias, e unhas primarias que... que dixeron que quedaron en mil seiscientos, mil trescentos pero podían dicir cinco mil ou mil, ou sea (*sic*), nese sentido foron prudentes porque non había ningún tipo de garantía ou de auditoría na que, que determinase que iso fose certo, evidentemente nestas condicións xa non se pode seguir operando, nun espazo no que os



procesos de primarias non son transparentes e nos que... e que falando claro, os pode facer un colega na súa casa, pois é evidente que nós non podemos participar.

Eh... pero bueno (sic), como che digo, eu creo que iso é o que lle da a estocada final, o que nos fixo decidir non participar nese espazo, tanto as alcaldías do cambio, como Esquerda Unida, como Anova ou coma Podemos, ou sea (sic), os actores fundadores decidimos non participar nese espazo porque non ten ningunha garantía democrática, eh... iso é o resultado final que ten uns nomes e apelidos, pero que previamente, fai, hai unha serie de acontecementos que fan que cheguemos a esa situación, non? Que fan que na dirección non estea Esquerda Unida, nin Podemos, nin Anova (de forma oficial, hai unha escisión de Anova), nin as alcaldías do cambio, todos os actores que formamos isto, todos os que impulsamos o proxecto que... e que lle damos eh... que dinamizamos o proxecto e que somos a xente que realmente estamos, porque se ben é certo que se integra xente da sociedade civil, maioritariamente a xente que participa estamos neses actores.

Eh... entón, ao non estar participando creo que é o primeiro, non erro pero si causa de que ao final isto non funcione, esa falta de involucración das organizacións na primeira conformación da dirección. E na segunda, pois pasou o que pasou e non puido ser. Entón, eu creo que foi un proceso que... que nun primeiro momento reunía condicións para ser un proxecto gañador, pero que agora, pois bueno (sic), é un proceso... é unha proposta claramente fracasada.

*Ent.:* Eh, bueno...

**M.C.:**Funme moito da pregunta...

*Ent.:* Si, bueno (sic), pero está ben (risas), quero dicir, tamén é unha percepción de todo o que aconteceu, entón si, sen problema (risas). Logo que... aínda que aquí en Galicia non se notou o problema desta decisión, o certo é que na repetición das eleccións eh... na decisión de... ir coligados xa a un nivel estatal con Izquierda Unida, pois como que se tomou como algo bastante importante, porque o certo é que moito se fala na literatura de que Podemos nace de... bueno (sic), xente como Pablo Iglesias, Iñigo Errejón, Monedero, levaban tempo traballando con Izquierda Unida e vían que ese espazo se conformaba con ser un dez, quince por cento, que non quería.. ou non conseguía capitalizar o descontento social do 15M eh... entón que era preciso unha especie de “recambio natural” eh... É certo que sería todo isto moi problemático, claro, se pactamos con Izquierda Unida estamos en certo sentido perdendo transversalidade e demais..

**M.C.:**Rexeneración política...

*Ent.:* Claro, de que, eh... quizais nos estamos escorando á esquerda, ou quizais nos estamos acotando (sic) nun espazo que non nos gusta moito, á esquerda do PSOE, cando intentamos ser transversal e polo tanto, o que falamos de conseguir o “sorprasso” do PSOE e que a... a transferencia do voto de PSOE a Podemos aumentase un montón e... esa xente que estaba entre

Podemos e PSOE, se decantase finalmente por Podemos, eh... Nada, iso, quero dicir, como ves a decisión, se viches que... que esa decisión... quero dicir, porque moitas veces se comenta que retrospectivamente foi un erro, porque quizais así esa xente estaba descontenta, non chegou a acercar, como que lle deu medo Izquierda Unida e todo o demais.

**M.C.:** Claro. A ver, claramente no momento en que hai un acordo con Esquerda Unida o proxecto muda, completamente, se nós temos un proxecto totalmente novo. Podemos nace como un proxecto que... que eu creo que polo que máis destaca é pola rexeneración política, porque fala de que a xente normal dea un paso adiante, de que a xente que non é política dea un paso adiante para que traballemos todas xuntas por determinadas cousas. E no momento que.. que te... que nos fusionamos con Esquerda Unida, que nos coaligamos (*sic*) con Esquerda Unida, nese momento o partido cambia, o partido múdase e pasamos a ser un partido dunha corte máis clásico (*sic*)... O que acabamos de algunha maneira é de coller a mochila de Esquerda Unida, porque realmente... e compartimos esa mochila, perdemos esa frescura, perdemos esa imaxe de espazo de rexeneración política.

Eu si que creo que iso é determinante dunha maneira clara, eu creo que aí perdemos loxicamente a transversalidade e que collemos elementos identitarios, e a partir dese momento deixamos de ser os de abaixo contra os de arriba para ser esquerda e dereita, que era algo que no noso relato era fundamental, Podemos nace dicindo que non imos entrar no xogo de esquerda-dereita, non porque non sexamos de esquerdas nos nosos plantexamentos (*sic*) políticos, que evidentemente o somos, senón porque eh... son termos que no debate político están totalmente eh... adulterados, non? No momento en que entendemos que o Partido Socialista é esquerda, ou o que a maioría da xente entende que o Partido Socialista é esquerda, esos (*sic*) termos están moi adulterados. Entón... eu creo que nese momento o cambio que hai é que deixamos de ser as de abaixo a ser a esquerda, eh... cambiamos totalmente o noso plateamento (*sic*).

Eu non sei si é un erro ou é un acerto, porque si... eu non creo que a caída do millón douscentos mil votos se non me equivoco de cifra...

*Ent.:* Si.

**M.C.:** Eu non creo que teña tanto que ver con que nos xuntamos tanto con Esquerda Unida como coa desilusión que se leva a cidadanía ao ter permitido que o Partido Popular seguise gobernando. Eu creo que iso xera moita desilusión en moita xente e posiblemente xuntarnos con Esquerda Unida, bueno (*sic*), para algunha xente pode ser a gota que colma o vaso. Poden dicir, pois bueno (*sic*), “estes non botaron a Rajoy, e aínda por encima se xuntan con Esquerda Unida”, non? E si que ao mellor iso a algunha xente a puido deixar en casa porque nese momento iso non se transvasa a outro partido, senón que ese voto se queda en casa. Ese voto volve a abstención.

É difícil, este debate evidentemente nestes anos saíu moitísimas veces, eu non teño claro, non teño claro se tivera... se tivera sido mellor non facelo, porque si que é certo que a suma, a coalición con Esquerda Unida puido servir de tapón nesa caída á hora de manter escanos no Congreso. Porque si foramos por separado, esa caída que íbamos (*sic*) a ter igual ou parecida o que faría sería rebaixarnos un montón o número de escanos pola lei d'Hont, porque se dividiría o voto e se quedaría moito voto tirado en moitos sitios. Entón, ó sumarnos a Esquerda Unida, co millón de votos de Esquerda Unida que si que é un voto... é bastante fiel e que posiblemente si que participou ese voto, pudo (*sic*) exercer de (ao mellor) de tapón a hemorragia (*sic*) de escanos que íbamos (*sic*) ter pola lei d'Hont coa caída de votos. Polo tanto non o teño claro, non o teño claro.

*Ent.:* Bueno (*sic*), a ver, está claro que a decisión de pactar..

**M.C.:** Agora si, eu, o partido, a proposta muda completamente, evidentemente, iso si que o teño claro.

*Ent.:* Si, quizais o que máis transcendeu desta decisión foi ao longo prazo, no sentido de que xa se empezaba a acotar (*sic*) a Podemos dentro do taboleiro.

**M.C.:** Claro, perdemos toda esa transversalidade, perdemos esa capacidade de representar a esas grandes maiorías, e de ser hexemónicos, eu creo, nos posicionamos (*sic*) nunha parte do taboleiro moi concreta.

*Ent.:* Eh... bueno (*sic*), logo viría, bueno...

**M.C.:** O sea (*sic*), nese momento Podemos deixa de ser errejonista.

*Ent.:* Si (risas).

**M.C.:** Si, aí empeza un pouco o distanciamento.

*Ent.:* Si, xusto che ía comentar agora en Vistalegre II, o certo é que o conflito que hai entre pablistas e errejonistas, nese sentido, é... xa se vía neses meses, en plan, xa incluso antes do pacto con Izquierda Unida, de se permitir a investidura de Pedro Sánchez ou non. É dicir, como que había unha confrontación, o certo é que... non me acordo ben como se chamaba o politólogo pero había un politólogo arxentino que falaba moito de que, claro, Errejon é máis popu... unha lectura populista e os pablistas son unha lectura populista de esquerda, que non abandonan de todo os elementos de esquerdas, e entón que se dá esa confrontación, e vese que en Vistalegre I era... era como os da Complutense *versus* Anticapitalistas, pero logo o taboleiro cambia, hai a ruptura na Complutense, Pablo... o sector pablista consegue pactar, pactar con Anticapitalistas e... como que queda Errejón como o principal líder da oposición á dirección

**M.C.:** Si, eu creo que neses meses pasan diferentes cousas. Por unha banda, que o errejonismo dentro da organización medra moitísimo. Pois eu creo que... a secretaría de Organización con Sergio Pascual, a de participación con Ardanuy, a secretaría política con Iñigo Errejon, creo que dalgunha

maneira eh... se están facendo moi fortes dentro da organización, claro, ao final estamos a falar do secretario político que é o número dous, estamos a falar da secretaria de Organización, que está a construíndo a organización, e a secretaria de Participación que está a pé de rúa, en contacto constante, construíndo organización. E si é certo...

*Ent.:* Eh, como era? Pascual, Urday e Errejón?

**M.C.:** Ardanuy.

*Ent.:* Ah, vale.

**M.C.:** Ardanuy, que era o secretario de Participación, que era deputado agora na Asamblea de Madrid.

*Ent.:* Si, si, dalle.

**M.C.:** Creo que... que bueno (sic), dalgunha maneira, a organización, eh... cada vez hai máis xente afín a ese, a ese digamos espazo, a esas persoas, a Participación, Organización e Política, que son claramente as errejonistas, onde digamos se... se pensa un pouco todo a organización, eh... ao redor de Pablo quizais hai un pequeno distanciamento ao mellor desas persoas da liña que está a seguir Pablo, e aí... así como todos empezan como unha piña, pois si que pode haber un pequeno distanciamento que fai que outra xente se acerque moitísimo a Pablo, e aí non falaría só de Anticapis, senón tamén da xente que ven da cultura das Xuventudes Comunistas, de Esquerda Unida, como pode ser Rafa Mayoral, como pode ser Irene Montero, Juanma del Olmo, pois digamos como... a xente de Pablo muda e empeza a ser outra. A xente coa que Pablo está no día a día, a que toma as decisións de como imos camiñando.

Nese momento, eu creo que hai un momento no que Pablo se sinte traizonado (sic), aquel famoso “Jaque Pastor”, eses comentarios que saíran(sic) dun grupo de Telegram pois que Segio Pascual... destitúe a Sergio Pascual, porque nun grupo de Telegram unha serie de comentarios sobre Pablo e demais, eu creo que nese momento Pablo se sinte desilusionado, se sinte traizoado dalgunha maneira por Sergio e o... o círculo de este, digamos, o espazo máis errejonista, máis claramente nacional-popular e... ou plurinacional-popular...

*Ent.:* Si (risas).

**M.C.:** Eh... e aí creo que se fai máis forte a alianza coa xente de Anticapitalistas, a xente que ven da cultura de Esquerda Unida, da Juventud Comunista e creo que iso determina totalmente o rumbo da organización. O... pasamos dunha organización na cal a xente de confianza de Pablo é claramente plurinacional-popular e a partir dese momento a xente que é mais da confianza de Pablo é unha xente identitaria de esquerdas, que ven da cultura de Esquerda Unida, da Juventud Comunista ou de Anticapis. Entón eu creo que iso marca... porque Pablo ao principio está moi claramente nas teses errejonistas, é dicir, a organización nace con esa liña política e aí é cando, bueno (sic), se distancia

un pouco, eu creo que é o momento no que comeza a cambiar a organización, pero creo que xa non ten que ver tanto con... con que Pablo claramente diga “pois non, a partires dagora(*sic*) vou ter estas teses” se non que pouco a pouco, ao estar no día a día con xente que está noutras teses políticas, pois iso acaba condicionando o teu día a día e vaite levando cara un camiño. E creo que ten que ver con iso...

*Ent.:* Eh, bueno (*sic*), no seguinte punto que eu marcara foi fai xusto un ano, cando fora o tema da consulta do chale e o chegada ao goberno de Sánchez, que por certo coincide bastante, por un lado o da consulta que foi moi controvertido, houbo moita... quero dicir, dise que o único que fixo foi... queimar ás afiliadas e a base de apoio, no sentido de que non entendía que estaba facendo, que era como pedirlle a alma ou algo así... E por outro lado víase que o PSOE, que fai uns anos víase practicamente moribundo, se encontraba con que Pedro Sánchez volvía á secretaría xeral eh... como que lle facía un lavado de cara ao PSOE, e de repente se encontraba no goberno, de repente todo o tema de... que se vía que o PSOE, a opción do *sorprasso* ao PSOE se lle daba a volta a Podemos e pasaba de iso, de *sorprassar* ao PSOE a agora temos que aguantar o golpe de o PSOE vai vir por ese electorado, por así dicilo, de esquerda moderado que estaba entre o PSOE e Podemos e que ás alturas pois di “pois convénceme máis o PSOE ou me parece máis útil votar ao PSOE que votar a Podemos”.

**M.C.:** A ver, eu creo que aquí coinciden varias cuestións. Unha, nós abandonamos o centro, e abandonamos a transversalidade, para a cidadanía nos presentamos como máis posicionados (*sic*) na esquerda e iso coincide con que no PSOE ocorre o que ti dis, o contrario, se gañase Susana Díaz seguramente se iría cara unha pasocizac...

*Ent.:* “Pasokización” (risas).

**M.C.:** Creo, porque sería unha organización que sería para esas maiorías sociais o entenderían como un partido tradicional, que tira a dereitas e demais, pero ao gañar Pedro Sánchez si que é certo que xera unha certa ilusión, sobre todo nas bases do Partido Socialista que se estende á sociedade, de que bueno (*sic*), é un PSOE novo, que pretende volver a senda que lle corresponde, non?

Creo que coinciden ambas cousas: nós abandonamos as posicións máis transversais e á vez aparece Pedro Sánchez, que xera ilusión e colle ese espazo que nós lle deixamos libre. Creo que pasan esas dúas cousas. E despois que logo pasan unha serie de cousas en Podemos que si que é certo que xeran certa decepción como é o do chale que si que xerou bastante decepción e bueno (*sic*)... eu creo que coincidiron todas esas cuestións pois bueno (*sic*), permitiu ao PSOE recuperarse ese... esa posición hexemónica que tiña, que puidera ter anteriormente, e no espazo que nós estábamos ocupando anteriormente nós.

(...)

*Ent.:* Eh bueno (*sic*) xa...

**M.C.:** Eu non votei na consulta do chalet.

*Ent.:* (Risas) bueno (*sic*), esto (*sic*) o apunto a parte.

**M.C.:** Xa, é que eu estiben a punto de deixar a organización.

*Ent.:* Si, o certo é que foi moi controvertido...

**M.C.:** Ou sexa, non só polo da compra do chale que evidentemente é... é algo moi dificilmente de entender para certa xente, que pode ser totalmente lexítimo pero que sabemos que fai dano. E, non só por iso, senón sobre todo pola consulta, porque a consulta está absolutamente fóra de lugar e é unha forma de trasladar a responsabilidade ao conxunto da organización que non ten porque asumir.

*Ent.:* A parte de que é bastante como reafirmación da dirección, no sentido de, vou... como un.. un golpe na mesa, unha manobra de facer ver que “eu teño o poder en Podemos” e...

**M.C.:** Eu podo facer o que queira.

*Ent.:* Si.

**M.C.:** Si, eu creo que... eu xa che digo que me neguei a participar.

(...)

*Ent.:* Eh, bueno (*sic*) logo xa o último punto do que sería... bueno (*sic*) todo este tema de PSOE come terreo a Podemos, todo o da crise de Madrid, que o certo é que comeza con Manuela Carmena sacando o proxecto Más Madrid e logo incorporádoselle *a posteriori* Errejón, entón é como... Por un lado entra o problema de a decisión de Podemos nas municipais como que se lle volve na súa contra no sentido de que, ao decidir ir como Ahora Madrid estibo posicionando (*sic*) a unha xente (que é Manuela Carmena) que non era Podemos que lle xogou a... por detrás. E por outra, todo o tema dos conflitos internos chega a explotar e a abrir unha escisión que é que Errejón se marcha, marcha con xente e... por unha terceira liña que todo este proxecto ten como unha intención que é seducir a ese electorado, é dicir, volver á transversalidade e... que o PSOE non consiga arrinconar (*sic*) ao proxecto.

**M.C.:** Claro. A ver, eu creo que coa construción das candidaturas de... municipalistas de Coruña, Compostela, Madrid, Barcelona... as principais... creo que... nese momento Podemos foi tremendamente xeneroso, á hora de apoiar, impulsar e axudar sen pedir absolutamente nada a cambio, non se nos esqueza a ninguén que a inmensa maioría dese voto era voto de Podemos, entón, que o pon a disposición desas candidaturas sen pedir nada a cambio e creo que dalgunha maneira, puido faltar un pouco a xenerosidade no outro sentido á hora de encarar este proceso.

Eu si que creo que é algo que boto, que botei en falta, unha falta de... bueno (*sic*), dunha maior xenerosidade por parte das candidaturas de unidade á hora de facilitar a integración de Podemos nos procesos cando sabemos que están aí polo apoio de Podemos, e se Podemos se tivera

presentado, a maior parte deses votos serían de Podemos. Eu creo que si que faltou xenerosidade por esa parte.

Pero tamén creo que pola parte de Podemos faltou... sensibilidade á hora de buscar eses acordos, non? E creo que tamén, cando nos queremos integrar nunha candidatura, nun espazo, que leva catro anos traballando, que xa está conformada, bueno (sic), creo que tamén hai que sentarse e buscar fórmulas que nos poidan valer a todas.

E creo que non se fixo, non se fixo ese exercicio por ningunha das dúas partes, como que se enrocaron as dúas partes e no, unha parte dixo que tiña que ser así e outra parte dixo que tiña que ser así e ao final houbo un choque de trens. E eu creo que aí nos faltou fraternidade, e nos faltou... e non só fraternidade, audacia, para buscar solucións e ser prácticas para poder conseguir os obxectivos, e creo que aí nos equivocamos ao non buscar fórmulas que seguramente que eran fáciles de atopar, ou bueno (sic), non fáciles, pero si que se acabarían topando fórmulas para conseguir unha integración de todo e que foramos todas en positivo á unha... Iso pola parte municipal e o de Carmena, eh... entón iso, creo que as responsabilidades están compartidas.

Eh... con respecto á posición de Más Madrid con Iñigo, eh... Eu creo que aí o que aconteceu tamén, un, a falta clara de diálogo, e de busca de entendemento dende a calma, e ao final houbo tamén un choque de trens, e con movementos por un lado, movementos por outro, que acabaron ao final con ese choque, penso que se terían que haber solucionado sentando ás partes a falar e a buscar solucións, conxuntas.

Eh... ao final Iñigo, o que fixo foi lanzar o proxecto no que cre, dentro de Podemos non o podía facer, porque... a dirección autonómica de Madrid eh... quería xestionar o proceso, entón... non iba (sic) poder facer un proceso no que el cría, entón decidiu dar o paso de dar un paso ao lado e facer ese proxecto dende Más Madrid. Eu creo sinceramente que nun principio, nunha primeira instancia, confía en que ese movemento lle ía permitir que Podemos lle deixe facer ese proceso como candidato de Podemos, pero que ao final iso ténsanse e acábanse enfrontando. Eu creo que, sinceramente creo, e non o falei con Iñigo pero que creo sinceramente, que deu ese paso pensando que o ía facer con Podemos, como que era unha... un órdago que Podemos se ía comer, e que ía dicir “bueno (sic), veña, pois facémolo así” eh... ao final Podemos decidiu non entrar con ese órdago e ao final acabamos confrontando. O cal dende o meu punto de vista é unha desgraza, pero... claro, ao final Iñigo, bueno (sic), Iñigo e a súa xente... non me gusta personalizar, do mesmo xeito que non me gusta que se use o termo errejonismo, porque hai moitísima xente que estamos nesas teses políticas, e ao final se personaliza moito nunha persoa que claramente é o principal ideólogo, non hai ningunha dúbida, o principal líder dese pensamento, eh...

E ao final o que fai é ser, sacar adiante o proxecto no que el cre se non é como Podemos, pois é como Máis Madrid, pero que el quere sacar o seu proxecto. Porque el cre firmemente que se nos presentamos, se seguimos coa fórmula actual, o proxecto non vai a interpelar e se vai a caer. O cal se demostrou neste proceso electoral, que si que estaba acertado en canto ao tipo de proxecto, de proposta que temos que por enriba da mesa, e de feito os resultados de Madrid comparativamente co resultado doutros sitios, ves como é capaz de taponar a hemorraxia, porque na suma... dos dous hai unha caída do dous por cento, cando a caída a nivel estatal está en torno ao vinte por cento... unha diferenza moi importante.

Entón, si que esa tese acaba funcionando e acaba funcionando ben en Madrid, e creo que é algo que nos ten que facer reflexionar a todas, sobre o contexto político e o tipo de proxecto que queremos sacar. E é evidente que eu (risas) se... é algo acertado en canto ás propostas, porque é na posición na que veño estado estes anos, pero bueno (sic), independentemente da xente que cre que non, que esa non é a posición, creo que este proceso nos ten que facer unha reflexión longa.

Eu xa dicía, esta semana tivemos Consello de Coordinación o luns eh... claro, todo o mundo pois analizando os resultados, que si penalizou a división, que se a falta de madurez, que se a falta de estrutura, pero é que ninguén quere tratar o debate de fondo, non? Entón eu puxen enriba da mesa: bueno (sic), hoxe non é o día, pero hai dous debates, un é o dos debates das cuestións máis superficiais e máis evidentes (falta de estrutura, de madurez, división, penalización pola división, polo lío dos nomes...), hai un montón de cousas que son moi evidentes que nos penalizaron, que son máis superficiais e claras, pero que logo que hai un debate de fondo, que é contexto político e proxecto, e non o vamos dar hoxe, pero hai que pensar moito niso. Temos nas próximas semanas, meses pensar moito niso, en que tipo de proxecto é capaz de interpelar ás maiorías sociais, porque eu son da opinión de que se... si non somos capaz de lanzar un proxecto capaz de interpelar a esas maiorías sociais, e con capacidade de gañar para realizar as transformacións que necesitamos, eu me volvo ao movemento social.

Eu non creo que... que si que fai falta que haxa organizacións, nun contexto no cal as organizacións do réxime eh... teñen controlado o espazo, si está ben que sempre haxa unha organización que estea marcando outro rumbo, e que teña certo, certa voz, pero iso xa existía e se chamaba Esquerda Unida. Xa existe ese partido, entón, si nos imos a esas posicións, non precisa haber un partido novo, xa hai ese partido eu creo que para iso, eu me volvo ao movemento social, para ser unha forza testimonial (sic)... eu se din este paso a este, foi por un proxecto moi concreto e un proxecto gañador, que sexa hexemónico e capaz de transformar a sociedade. Si non son capaz, como xa che dixen antes, existen outras formas dende o movemento social, que cada vez se transforma máis, porque se é certo que sen o movemento social non seríamos capaz de construír



Podemos e de chegar a onde chegamos por iso... todo cambio político, é un cambio cultural, social é un cambio que se ven fraguando na rúa e que se acaba trasladando ás institucións e creo que ese campo o abandonamos moitísimo estes anos, porque moita xente que estábamos nese campo nos pasamos a construír todas estas ferramentas no nivel municipal, autonómico como estatal.

E creo que... deixamos bastante abandonada a rúa, e se abandonas a rúa non eres (*sic*) capaz tampouco de operar nas institucións. Se ben é certo que volven a aparecer novos movementos que volven axitar á rúa, que para min os tres fundamentais, son a Xuventude polo Clima, o feminismo e o movemento das pensións. Son os tres movementos que volven a axitar a rúa, e que volven a sinalar cara un modelo que non funciona, que ten moitos defectos, nestes casos, outros, pero outros defectos, pero... Non sei porque cheguei até aquí, pero bueno... se eu non estou nunha organización capaz de interpelar ás maiorías e capaz de asaltar ás institucións, pois dende o meu punto de vista ... o noso proxecto, o sea (*sic*), este non é o proxecto de Podemos e como nace Podemos. É outra cousa, pero para iso xa existen outros partidos que xa existen nese espazo, e que o están a facer ben dende esas posicións máis identitarias...

*Ent.:* Vale, pois agora entrariamos... no bloque, por así dicilo, interno e... bueno (*sic*), xa falamos do que sería por un lado de como funcionan os órganos de Podemos, os órganos de base, os órganos de dirección e por outro lado, as faccións, tamén se queres entramos no das faccións para tratar as especificidades de Galicia, bueno (*sic*) do que son as nacionalidades históricas...

**M.C.:** A ver, a... as familias en Podemos, claramente, o sea (*sic*) hai dúas correntes políticas que... como tales, que son Anticapitalistas e o pensamento errejonista, que realmente é un pensamento que nace de Errejón, Moruno, Lago, é un grupo de xente que está debatindo (*sic*) sobre estas teses, que se visibilizan (*sic*) sobre todo en Errejón pero que hai aí un grupo de persoas con moita importancia na construción desa corrente. Eh... porque claro, cando sempre din “pablistas ou errejonistas?”, realmente eu creo que ao principio non existe a corrente pablista, como corrente política, o sea (*sic*)... existe un apoio á Pablo, como líder, pero non unha corrente. Agora mesmo (*sic*) si, o sea (*sic*), agora mesmo (*sic*) si que hai... bueno (*sic*), agora mesmo (*sic*) non están visibles pero si que as persoas que militamos e participamos activamente en Podemos, eu creo que fundamentalmente a nivel de Estado, o sea (*sic*), nas xerais, nos dividimos en tres liñas: a liña Anticapitalista, a liña nacional-popular ou errejonista e a liña pablista, que é a liña máis identitaria de esquerda e que se move máis nesas teses máis próximas ao partido tradicional de esquerdas. Eh... esas son as, digamos, tres correntes de pensamento que pode haber na militancia de Podemos.

Que pasa? Que en Galicia, igual que pasou en Cataluña, ao estar atravesada actualmente polos procesos de confluencia, iso como que queda nun segundo plano. De feito aquí as candidaturas que presentamos, do mesmo xeito ca no resto do Estado case tódalas candidaturas que

se presentaron as... ao segundo... a segunda volta... as autonómicas, vamos, todas as que renovaron órganos autonómicos, en case todas, houbo unha candidatura errejonista, unha candidatura pablista e unha de anticapis, ou anticapis iba (*sic*) con algunha destas dúas. O sea (*sic*), como que eran unhas... candidaturas moi marcadas en posicións políticas, pero iso en Galicia non aconteceu. En Cataluña tampouco.

Aquí en Galicia, na candidatura, eh... primeiro de Ángela Rodríguez, na de Pam, que digamos, é a persoa máis visible do errejonismo en Galicia, e da segunda de Tone... bueno (*sic*), a segunda de Tone non, perdón, pero na primeira de Pam participamos pablistas, errejonistas e anticapitalistas, unha candidatura na que participamos en tanto que organización, que nos identificamos máis coas tres correntes, pero que temos unha cousa en común, que é o que si nos define e nos diferencia das outras candidaturas que é a aposta decidida polos procesos de confluencia. Entón, iso ao final nos condiciona moito en Galicia, ou condiciona moito, ou fai que as familias de Podemos pois como que non teñan tanta importancia ou que non sexan tan determinantes no día a día. É que ao final nos condiciona moitísimo máis a cuestión da... da búsqueda (*sic*) da unidade.

Tamén creo que a búsqueda (*sic*) de confluencia, os procesos de confluencia, tamén é unha liña máis errejonista, no sentido de que buscas unha maior transversalidade, tamén. Entón creo que condiciona un pouco a forma de pensar politicamente en Galicia, pero en Galicia debes de atopar moi pouca xente que se defina dentro dunha corrente. Moi pouca xente porque xa che digo, nós fúmonos movendo noutras teses, e a maioría da xente, aínda que si pode estar, porque claro se ti... como vota iso se está posicionado (*sic*), se os seus pensamentos están posicionados (*sic*) aquí pero... o sea (*sic*), evidentemente é unha forma de pensar e de facer política que te pode encasillar (*sic*) nalgún deses elementos, pero a xente non se quere identificar dentro desa, de ningunha das familias. Fomos moi pouca xente a que nós mollamos en Galicia á hora de, en Vistalegre II de publicamente posiconarnos (*sic*) nunha candidatura. Moi pouca xente, a maior parte da xente non se quixo mollar nese sentido.

*Ent.:* Eh... si en plan de que, bueno (*sic*), era algo que non consideraba porque a literatura que estaba levando, e incluso os datos que estou levando son a nivel estatal máis en plan, as confluencias deixei como a parte, pero si que é interesante o tema da confluencia. O sea (*sic*), o... o que estibemos falando da historia de que eh... as confluencias... por así dicilo, territoriais, autonómicas eh... xeran debate, sobre todo o de Galicia aquí, o de En Marea é bastante forte, é dicir, o que aconteceu e... si, en plan, que está ben, eu creo que vou...

**M.C.:** Claro, a situación de Podemos en Galicia e Cataluña é moi diferente ao resto do Estado. Movémonos en lóxicas totalmente diferentes.

*Ent.:* Aínda que a confluencia con Compromís, quero dicir, en Compromís quizais non hai tanto ese problema porque é máis unha coalición ao uso.

**M.C.:** É unha suma de dúas partes, non é a construción dun espazo en común. O sea (*sic*), non é a cuestión da creación dun Podemos a pequena escala, que é o que realmente estamos facendo, estamos facendo a mesma proposta de facer un espazo aglutinador, pero á marxe de Podemos e con xente de Podemos pero... indo máis alá. Entón, claro, aquí realmente... isto complicounos moitísimo, moitísimo a... a construción, pero bueno (*sic*) tamén... é unha maior riqueza, non? Dende o punto de vista de experiencia política pois quita tamén moitos anos de vida, pero é unha experiencia máis rica, politicamente máis enriquecedora.

*Ent.:* Bueno (*sic*), agora, non sei se tes algo máis que dicir, pero se iso pasamos ao da estrutura e funcionamento de Podemos...

**M.C.:** Vamos, ademais, eu creo que vou algo jodido (*sic*), non sei canto che queda...

*Ent.:* Eh, nada, sería o último bloque...

**M.C.:** Pois veña.

*Ent.:* Ou senón mándasme unha nota de voz...

**M.C.:** Non, non, se iso dámoslle.

*Ent.:* Bueno (*sic*), pois por un lado os órganos de base que serían os círculos e a Asamblea Ciudadana, en plan, nivel e distribución da participación, en plan, que se falaba moito de que eh... funciona como a tendencias, hai unha momento no cal hai unha gran participación, pero logo baixa a participación, sobre todo vese nas Asambleas Ciudadanas, cas, nas consultas eh... Logo nos temas, se ves que, ao final é como que... é moi heteroxéneo ou ao final o que xera en concreto, de vamos tomar unha medida concreta, sempre é coma, os temas sempre os van manexando bastante ben a dirección, eh... a relación entre eses órganos de base e a dirección, os representantes parlamentarios e municipais...

**M.C.:** A ver, as Asembleas Cidadás, non creo que sexa unha cuestión tanto de tendencias, como tipo de pregunta, o sea (*sic*), eu creo que claramente... participa moi pouca xente nos procesos internos, é dicir, ás nosas inscritas lles interesa moi pouco a construción de órganos internos, as nosas primarias... as participacións máis baixas son nas primarias. Eu creo que acontece, xa non só que quizais non teñan interese, é que eh... ao non coñecer a esas persoas pois non se sinten (*sic*) tan animadas para votar por uns ou por outros, que non coñecen a ningún, porque ao final, non coñecemos o perfil das inscritas, non sabemos... a verdade, haberá todo tipo de perfís, pero non é xente militante que estea no día a día e que coñece as persoas e demais. Entón, eu entendo que a xente que non coñece a vida diaria da organización, pois ao mellor nun proceso de primarias pois di

“pois para votar ao chou, pois non voto”, “se non coñezo ás distintas persoas, ás distintas propostas, pois ao mellor prefiro non participar”.

E despois están os procesos de participación, e de consulta cidadá de cuestións programáticas ou de decisións de estratexia, como poden ser a moción da censura, como poden ser eh... bueno (*sic*), agora non se me ocorre ningún outro. Pero bueno (*sic*), todas as que non son de procesos internos teñen un nivel de participación moitísimo máis alto. De feito, se non me equivoco, a que tivo maior participación foi a do chale. O sea (*sic*), que realmente as nosas inscritas participan moitísimo máis cando se lles fai preguntas moi concretas, estratéxicas que cando son procesos internos. Os procesos internos as interpelan menos.

E despois da... claro, e que aquí en Galicia tivemos tres... tivemos tres direccións e a nivel estatal dúas. Entón claro, non foi igual a primeira... as primeiras formas de coordinación, de relación inter-órganos da primeiro... do primeiro CCE<sup>59</sup>, nin do primeiro CCA<sup>60</sup>, nin co segundo CCA... o sea (*sic*), mudou moitísimo duns aos outros. Agora mesmo... agora mesmo tamén. A nova dirección política que temos en Podemos Galicia, realmente non tivemos case tempo porque cando entramos, xusto nos metemos no proceso de integración en En Marea, que é falido, e... despois xa viñeron os procesos electorais, e realmente non nos deu moito tempo a desenrolar todo o que tiñamos en mente, e agora comezaremos a desenrolalo un pouco máis.

Pero agora a idea desta nova dirección é claramente, de que haxa moito contacto entre todas as partes da organización, por outra parte creo que é algo necesario e agora máis, neste momento, despois dos malos resultados municipais fai falta compartir... todas as partes da organización, compartir... traballo, compartir debates, compartir... propostas, que si tiveramos traballado a nivel municipal, pois a xente que está a nivel municipal pois o que dicíamos antes, teñen os seus obxectivos e están centrando neses obxectivos, e iso fai que funcione mellor. Ó non ter esa actividade municipal, creo que é máis necesario que a organización dalgunha maneira de soporte a todos eses espazos municipalistas para que teñan actividade e teñan un maior contacto coa organización.

Entón, é importante que haxa moito contacto entre as distintas partes da organización, e creo que é totalmente necesario, e ademais o que... unha das cuestións que nos identifica, non? Non debemos de ser, aínda que se cometen moitos erros e si que hai moitos casos, non debemos de ser organizacións moi verticalizadas (*sic*) e moi apartadas da militancia ou que temos que... que todo sexa un, que todos sexamos unha.

---

59 Consejo Ciudadano Estatal

60 Consello Ciudadano Autonómico

Que tamén é certo que cada unha entendo cales son as súas responsabilidades e cal é o seu campo de acción, porque eu creo que tamén, ao lanzar o proxecto coa mensaxe de “aquí decide todo o mundo”, creo que xera confusión, porque decide todo o mundo pero seguindo uns procedementos e uns procesos, non todo o mundo, todo o rato. Entón eu creo que aquí tamén pasou un pouco iso, que a xente claro... “eu veño aquí a decidir”, claro, “entón quero falar con quen manda aquí”, non? E tamén se creou un pouco ese rolo de que é imposible, non é posible que todo o mundo tome decisións tódolos días, entón creo que iso tamén é un problema, nese sentido creo que precisamos madurar, e xa se fixo, xa se madurou, e... e saber decidir entre capacidade de decidir a decidir todo o tempo, o sea (*sic*).... Digamos ao respectar os órganos, e dicir, pois agora eliximos un órgano, no que ten unhas funcións concretas, e que bueno (*sic*), hai que deixalo que traballe, que opere, que... é democrático, porque o eliximos democraticamente, e ten que operar.

Entón, creo que polas dúas partes, creo que polos órganos de dirección hai que facer un enorme esforzo por ir da man coa militancia pero a militancia tamén ten que entender que non todo o tempo se pode participar en todo porque non é, non é posible.

*Ent.:* E bueno (*sic*), logo no que son os órganos de dirección, claro, como ves que o... a nivel de cohesión, e de centralización de autoridade, eses órganos, o certo é que creo que a outra parte...

**M.C.:** Estamos a falar do estatal?

*Ent.:* En plan, a nivel estatal, a nivel autonómico...

**M.C.:** Estamos a falar de verticalidad (*sic*), horizontalidad (*sic*)...

*Ent.:* Si, un pouco, no sentido de eu lendo, que se ve bastante que bueno (*sic*), Podemos consegue bastante cohesión e centralización da autoridade pero a partires dun modelo de toma de decisións bastante maioritario, no sentido de que o que gaña a votación ou o... proceso, é quen o leva e deixa poucas cotas de poder ás minorías, que é o que se falaba en Vistalegre I de que hai un Podemos para gañar e outro para perder, e que... ten que haber unha dirección que sepa (*sic*) o que vai facer, e que non pode estar con componendas cos grupos pequenos.

**M.C.:** A ver, eu creo que temos unha organización que é, a ver como o digo, unha organización tremendamente dependente do seu liderado, neste caso Pablo, pero podemos falar tamén de Pablo e Irene. Hiperdependente dese liderado, que evidentemente non é a organización que máis me gusta eh... pero bueno (*sic*), pero creo que é así.

O tema da participación, o que dis, e que claro hai dous niveis, un son a militancia e outra son as inscritas, entón claro a militancia... aínda que as inscritas si poden sentir que están a participar nas cousas importantes, a militancia non o sente da mesma maneira, porque á militancia non lle chega con participar nesas consultas concretas, que si que están máis dirixidas ás inscritas. Entón, ao final, todo ese tipo de decisións acábanas aprobando as inscritas, e non a militancia, e eu

creo que isto nos xera un problema porque moitas veces... que non sei se é bo ou malo... que moitas veces, a maioría da militancia están en posicións distintas ás das afiliadas, pero tamén é certo que as inscritas están nas posicións moi condicionadas polas mensaxes que se lanzan dende o liderado.

Entón si que creo que nos xera unha situación complexa, eu creo que é unha das claves, unha das cuestións, á que hai que buscarlle solución. Por iso creo que os órganos de dirección estean o máis cerca da militancia posible para que a nosa organización vaia na liña da maioría da militancia.

*Ent.:* Eh... bueno (sic), non sei... a ver, se iso co do maioritarismo, como o vés? Porque o certo é que... quero dicir, moitas veces nos partidos, por exemplo, viuse en Vistalegre I, que moitas veces o que se fai é que aparecen distintas propostas, pero fálase e conséguese sacar unha proposta común, entre as distintas propostas, ou se chega a facer conflito e demais... O certo é que, polo menos en Vistalegre I non acontecía así e de que hai un certo, iso, en plan, e... acontecía que a dirección, sexa Pablo, sexa quen for, e... traía un proxecto, xa preparado e... o poñía a discusión co resto, pero claro, o que falamos do liderazgo (sic) e demais, entón... as regras ademais, as regras formais xa estaban preparadas para vai vir o líder co... coa súa proposta preparada e, en canto gañe á votación vai ser un “se lo lleva todo” (sic), non vai ter que chegar a acordos con, nin todo o demais.

**M.C.:** Claro, eu creo que aquí, o debate se divide en dous: os que, a xente que opina que se hai un proxecto que gaña, que hai que deixar que faga o seu proxecto, o que dicía Pablo ao principio cando en Vistalegre II nos presentamos sen candidato a secretaria xeral, el dicía que se perdía, se iba (sic), porque el só se iba (sic) a defender o seu proxecto. Esa é unha forma de velo, e despois, hai outra forma de velo, que é a posición na que estou eu, que é que se facemos un chamamento para a construción de espazo de maiorías, plural e diverso, hai que integrar e vertebrar esa pluralidade, e esa diversidade. O sea (sic), se non... é unha mensaxe tramposa, si dicimos “non, aquí cabe todo o mundo” pero despois gaña unha opción e parte dese mundo queda relegada, pois entón a xente non colle porque non se sinte integrada.

Eu creo que é... Podemos nun dos erros, un dos principais erros que se veñen cometendo é que non se está a saber integrar, vertebrar toda esa diversidade e pluralidade. Non é posible, xa o vimos despois de Vistalegre II, unha vez que pasa Vistalegre II pois... Íñigo deixa de ser voceiro do grupo parlamentario, toda a xente vinculada ao errejonismo pois é apartada dos espazos de poder... Eu creo que iso é un error, que hai que facer o contrario. Evidentemente, vai dirixir a organización a proposta máis votada, pero facendo un esforzo de integración das partes que non... que non gañaron.

En Galicia o fixemos agora, era algo que tiñamos claro tamén eh... despois do proceso de primarias, fixemos un esforzo de integración da xente da outra candidatura, metemos a xente no Consello de Coordinación, fixemos un achegamento, o sea (sic), todas as persoas nos esforzamos en facer achegamentos, en que vaiamos traballando conxuntamente.

Eu creo que fomos exemplo aquí no grupo parlamentario, nese sentido, estábamos moi divididos cando entramos porque víñamos desa época onde quizais estábamos máis divididas, e fixemos un esforzo, un traballo de integración un esforzo, e agora somos unha piña, somos... todos somos unha. E estando xente como Carmen Santos, que se identificaba cunha parte e estando eu que... non son Pam, pero o número dous desa época representando a esa parte. E a parte, o esforzo, eu me sinto moi orgulloso disto, porque fomos Carmen e eu os que fixemos máis esforzos para que isto puidese funcionar ben, e agora somos todos a unha. E creo que ese esforzo hai que facelo en tódalas partes da organización, que... tivemos demasiados procesos competitivos que nos desgastaron moito, porque ao final estas competindo, e competir crea feridas, e creo que precisamos todas facer esforzos para integrar a todo o mundo, e ser máis empáticas, máis fraternais, e facer esforzos por iso, por vertebrar esa pluralidade que queremos que exista na organización. A non ser que non queiramos (risas)

*Ent.:* Vale, pois así sería.

**M.C.:** Xenial.